

seus recursos propios, conceda o Banco Europeo de Investimentos –con orixe nos acordos de Cotonou II– aos Estados de África, do Caribe e do Pacífico (ACP) e aos países e territorios de ultramar (PTU), por un importe máximo en concepto de principal de 147.713,24 miles de euros. O aval estenderase, ademais de ao principal, ás cargas financeiras que determine o banco en cada caso particular.

Ademais do contrato de garantía, en documento á parte, subscribírase un acordo que estableza o procedemento de administración dos atrasos nas obrigas de pagamento dos prestameiros.

O citado aval non devengará comisión ningunha.

Artigo 2. *Modificación do límite para o outorgamento de avais fixado no artigo 54 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais para 2008.*

Modifícase o número un e engádesse unha letra c) ao número dous do artigo 54 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, que queda redactado como segue:

Artigo 54. *Importe dos avais do Estado.*

«Un. O importe dos avais que preste o Estado durante o exercicio do ano 2008 non poderá exceder os 368.013,24 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no punto anterior, aplicaranse os seguintes límites máximos de avais do Estado:

a) Á entidade pública empresarial RENFE-operadora, por un importe máximo de 180.300 miles de euros.

b) Dentro do total sinalado no número un, aplicarase o límite máximo de 40.000 miles de euros para garantir as obrigas derivadas de operacións de crédito concertadas por empresas navieiras domiciliadas en España destinadas á renovación e modernización da frota mercante española mediante a adquisición por compra, por arrendamento con opción a compra ou por arrendamento financeiro con opción a compra, de buques mercantes novos, en construción ou usados cuxa antigüidade máxima sexa de cinco anos.

As solicitudes de aval que se presenten transcorridos seis meses desde a data de formalización da adquisición do buque non poderán ser tidas en conta.

A efectividade do aval que sexa outorgado con anterioridade á formalización da adquisición do buque quedará condicionada a que a dita formalización se produza dentro dos seis meses seguintes á data de notificación do outorgamento do aval.

O importe avalado non poderá superar o 35 por cento do prezo total do buque financiado.

As condicións dos préstamos asegurables baixo este sistema serán, como máximo, as establecidas no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval ou disposicións posteriores que o modifiquen.

En todo caso, a autorización de avais basearase nunha avaliación da viabilidade económico-financieira da operación e do risco.

A Comisión Delegada para Asuntos Económicos determinará o procedemento de concesión de avais, os requisitos que deberán concorrer para a súa concesión e as condicións a que quedará suxeita a efectividade dos avais outorgados.

c) Un límite máximo de 147.713,24 miles de euros para que a Administración xeral do Estado poida avala, durante 2008, nos termos que fixe o

contrato de garantía que subscriba co Banco Europeo de Investimentos, as obrigas económicas derivadas dos créditos que, con cargo aos seus recursos propios, conceda o citado banco, con orixe nos acordos de Cotonou II, aos Estados de África, do Caribe e do Pacífico (ACP) e aos países e territorios de ultramar (PTU).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

16006 *REAL DECRETO 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.* («BOE» 240, do 4-10-2008.)

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, ofrécelles aos Estados membros a opción de aplicación parcial de determinados pagamentos directos mediante a retención dunha porcentaxe de determinados pagamentos incluídos no réxime de pagamento único, para dar unha axuda adicional aos agricultores vinculada ás súas decisións de produción.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, establece, no seu artigo 120, a aplicación en todo o territorio a escala nacional do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

En aplicación do artigo 64 do mencionado regulamento, a aplicación parcial adoptada en España afecta os pagamentos directos por cultivos herbáceos, algodón, tabaco, oliveiral e azucre, pagamentos transitorios por froitas e hortalizas, gando vacún, gando ovino e caprino. Os pagamentos a favor do lúpulo inclúense na súa totalidade dentro do réxime de pagamento único.

Ben que as modificacións que este real decreto introduce a respecto da regulación actual contida no Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, non son numerosas e poderíanse levar a cabo mediante un real decreto modificadorio, pareceu preferible, co fin de facilitar o manexo da norma polos seus destinatarios, efectuar unha nova publicación e readaptación completa do sistema normativo dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, derogando o Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, cuxo contido se reproduce na súa práctica totalidade nesta nova disposición, xunto con algunhas modificacións de carácter limitado e puntual.

As referidas modificacións son, nuns casos, consecuencia da regulamentación comunitaria; noutros foron aconselladas pola experiencia obtida na aplicación do sistema de pagamentos directos. As máis relevantes son as seguintes:

En primeiro lugar, foi necesario adaptar a normativa española ás modificacións introducidas polo Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, do 23 de xuño de 2008, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e se establecen programas nacionais de reestruturación para o sector de algodón, o que se leva a cabo nos artigos 47 ao 49.

En segundo lugar, o Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, estableceu que as axudas á transformación de determinadas froitas e hortalizas se integrasen no réxime de pagamento único. A normativa básica para a devandita integración no réxime de pagamento único estableceuse no Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro, cuxo título segundo, que se derroga, regula as axudas aos cítricos e aos tomates para a transformación, regulación que se contén agora nos artigos 60 ao 75.

En terceiro lugar, regúlase no artigo 76 a axuda aos produtores de remolacha azucreira. Tendo en conta que en España se solicitou e se autorizou o abandono de máis do 50 por cento da cota, procede establecer a axuda para un máximo de cinco campañas consecutivas a partir da campaña 2009/2010, en que se superará o limiar do 50 por cento do abandono.

En cuarto lugar, o Regulamento n.º 479/2008 do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola e se modifican e derrogan determinados regulamentos, no seu artigo 9 ofrécélles aos Estados membros a opción de asignar dereitos de pagamento único co fin de utilizar o devandito réxime de axuda como unha medida de apoio ao sector vitivinícola, polo que se necesitan establecer normas transitorias de cara a facilitar a integración deste sector no réxime de pagamento único, o que se procede a realizar na disposición adicional primeira deste real decreto.

De acordo co disposto nos artigos 37 e 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, establécense as normas para o cálculo dos diferentes tipos de dereitos de axuda seguindo as especificacións que para iso se establecen no Regulamento (CE) n.º 795/2004. Concretamente, no caso de España na campaña 2009-2010 asignaráselles dereitos de pagamento único aos agricultores que fixeron entregas de uva que foi posteriormente destinada á transformación en mosto non destinado á vinificación.

Por último, por razóns de urxencia, na disposición derradeira terceira modifícase o punto 3 do artigo 9 do Real decreto 890/2006, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre coa finalidade de ampliar as opcións para a concesión das axudas de diversificación. Deste xeito, estas axudas non se limitarán unicamente ás medidas incluídas nos eixes 1 e 3 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, senón tamén a outras medidas diferentes destas, sempre e cando cumpran cos criterios establecidos no artigo 87.1 do Tratado CE.

Decídese utilizar a excepción facultativa do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, para excluír do réxime de pagamento único o sector das sementes e os pagamentos directos incluídos no anexo VI dese regulamento concedidos no período de referencia a agricultores en relación coas explotacións ou parcelas situadas na Comunidade Autónoma de Canarias.

No que atinxe aos importes correspondentes á prima láctea e aos pagamentos adicionais establecidos respectivamente nos artigos 95 e 96 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, a partir da entrada en vigor do réxime de pagamento único, quedaron incluídos nel.

De acordo co disposto nos artigos 37 e 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, establécense as normas para o

cálculo dos diferentes tipos de dereitos de axuda seguindo as especificacións que para iso se establecen no Regulamento (CE) n.º 795/2004. Concretamente, no caso de España na campaña 2009-2010 asignaranse dereitos de pagamento único aos agricultores que fixeron entregas de uva que foi posteriormente destinada á transformación en mosto non destinado á vinificación.

O artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece as condicións que deben cumprir os agricultores para se poderen acoller ao réxime de pagamento único.

De acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, constituíuse unha reserva nacional, e débense establecer as normas para a asignación de dereitos procedentes desta, tendo en conta que o acceso a dereitos procedentes da reserva nacional pode estar limitado ás disponibilidades do momento.

Así mesmo, co fin de atender as situacións previstas no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no capítulo 2 e na sección 3 do capítulo 3 do Regulamento n.º (CE) 795/2004, é necesario permitirlles o acceso á reserva nacional a determinados agricultores pertencentes ao sector vitivinícola, e establecer, conforme o disposto para tales efectos nos devanditos regulamentos, a porcentaxe de redución que se vai aplicar, para incorporar á devandita reserva nacional, sobre os importes de referencia destes agricultores.

Sobre os compromisos que adquiren os titulares de dereitos con respecto ao mantemento destes, establécense as normas de utilización para cada un dos tipos de dereitos de axuda previstos.

Con albo de garantir unha correcta xestión do réxime, dispóñense as normas de aplicación para a cesión dos dereitos de axuda, ben como os prazos de notificación desas cesións á autoridade competente. Igualmente, concéranse os aspectos específicos concernentes aos contratos de arrendamento.

Para os efectos do descrito no parágrafo anterior e en aplicación do disposto no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, establécense as normas para a aplicación de retencións a favor da reserva nacional en certos casos de venda ou arrendamento.

Por outro lado, no título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello do 29 de setembro de 2003, establécense axudas específicas aos agricultores produtores de trigo duro de alta calidade, proteaxinosas, arroz, patacas para fécula, froitos de casca, cultivos enerxéticos, sementes, oliveiral, algodón, tabaco e pagamentos transitorios por froitas e hortalizas que teñen o seu desenvolvemento na presente disposición.

A normativa comunitaria prevé a posibilidade de manter unha parte das axudas aos sectores vacún, ovino e caprino ligadas á produción. No caso do ovino e caprino, segundo o establecido no artigo 67 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, optouse pola opción de desligamento parcial do 50 por cento. No caso do sector vacún, escolleuse a opción recollida no artigo 68 dese regulamento, que permite manter ligada o 100 por cento da prima á vaca nutriz, o 100 por cento da prima ao sacrificio de becerros e o 40 por cento da prima ao sacrificio de adultos.

A aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello do 29 de setembro de 2003, posibilitou a adaptación ás nosas características e necesidades das orientacións establecidas na reforma recollida nese regulamento. Por isto, concérase unha axuda adicional aos produtores de algodón, tabaco e azucre de remolacha e de cana, e aos gandeiros nos sectores de vacún de carne e de leite. Estes pagamentos están condicionados ao cumprimento de requisitos que teñen por

obxecto fomentar a calidade e mellorar a comercialización da produción, esencialmente, co fin de cubrir a demanda específica solicitada polo mercado, o aproveitamento das condicións adecuadas de determinadas zonas, a conservación de razas gandeiras autóctonas e a mellora do ambiente.

Co fin de continuar facendo viable a produción de froitos de casca en España, é conveniente que a axuda atinxa un determinado nivel. Por outro lado, as especiais características de produción e a competencia das importacións aconsellan establecer unha axuda adicional para a abeleira. Os Estados membros poden outorgar unha axuda nacional, alén da comunitaria, e dado que existe un tope máximo financeiro global dentro deste réxime de axudas, no caso de ser necesario aplicar un coeficiente corrector, España pode conceder unha axuda nacional, parte da cal é conveniente que se realice con cargo ao orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Pola súa parte, as comunidades autónomas poderán conceder unha axuda con cargo aos seus orzamentos. Non obstante, o importe total das axudas citadas non pode exceder un límite máximo por hectárea para evitar distorsións entre os mercados das diferentes zonas produtoras.

O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece un concepto de organización interprofesional e uns requisitos que non coincidan cos establecidos pola Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, polo que se procede a establecelos de acordo coa norma comunitaria.

O Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, fixa os preceptos específicos referentes á modalidade de aplicación do pagamento único implementada en España.

Hai que ter en conta para as axudas ligadas e específicas o Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis dese regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

O Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, instaura as disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, que establece disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e instaura determinados réximes de axuda aos agricultores.

Con vistas a posibilitar un control eficaz, dispónse a identificación única dos produtores que presenten solicitudes para diferentes réximes de axuda e a identificación das parcelas agrícolas utilizando as técnicas do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, no sucesivo SIXPAC. Así mesmo, establécese unha única solicitude para todos os réximes de axuda por superficie, entre os cales se encontra o réxime de pagamento dos dereitos de pagamento único, e outra solicitude para as axudas correspondentes ás primas por gando ovino e caprino e para os réximes de pagamentos por gando vacún, que se manteñen ligadas. Non obstante, déixase á opción dos Estados membros que a solicitude correspondente ao sector gandeiro se inclúa na «solicitude única» e España decidiu adoptar esta opción.

Hai que considerar que algunhas disposicións do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, xa se aplicaron anteriormente, en especial, a partir do 1 de xaneiro de 2005, polo que hai que ter en conta a lexislación nacional xa desenvolvida con este fin e a que se publicou como preparación do establecemento do pagamento único, en particular, o Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da con-

dicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común e o Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o SIXPAC.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico e de natureza conxuntural e cambiante.

Non obstante a directa e inmediata aplicación dos regulamentos comunitarios, considerouse conveniente transcribir certos preceptos para facilitar a súa comprensión.

Por outro lado, debido ao elevado número de regulamentos comunitarios e á súa extensión e complexidade, por seguraza xurídica, considerouse necesario efectuar no texto as remisións concretas a eles.

Derróganse o Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, e o título II do Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro, sobre a integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único e o establecemento dos pagamentos transitorios para os sectores de cítricos e tomates enviados á transformación.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de outubro de 2007,

DISPONGO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos seguintes réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, que establece disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e instaura determinados réximes de axuda aos agricultores, e modifica os regulamentos (CEE) n.º 2019/1993, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/1994, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/1971, e (CE) n.º 2529/2001:

a) Pagamento único para os titulares de dereitos concedidos en virtude do artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, que engloba as axudas desligadas recollidas no anexo I deste real decreto.

b) Pagamentos ligados aos produtores de cultivos herbáceos, relacionados no anexo IX do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e aos de vacún, ovino e caprino. Estes pagamentos encóntranse incluídos nos capítulos 10, 11 e 12 do título IV dese regulamento.

c) Pagamentos específicos aos produtores de trigo duro, proteaxinosas, arroz, froitos de casca, cultivos enerxéticos, patacas para fécula, sementes, algodón, oliveiral, tabaco, cítricos e tomates para transformación e remolacha azucreira.

d) Pagamentos adicionais aos produtores por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, consonte o programa nacional de desenvolvemento da política agrícola común, en

diante PAC, nos sectores do algodón, tabaco, remolacha e cana de azucre, e gando vacún de carne e de leite.

2. Tamén se regula a utilización das terras retiradas da produción cuxa superficie xustifica dereitos de retirada, para cultivar materias primas para a obtención de produtos con destino non alimentario.

3. Así mesmo, establécense as bases para a aplicación en España do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axudas comunitarios, de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

4. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional, salvo na Comunidade Autónoma de Canarias, onde se aplicarán os seus programas específicos e, se for o caso, o disposto na disposición transitoria primeira.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma para a tramitación, resolución e pagamento das axudas a que se refire este real decreto.

b) «Agricultor»: a persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, cuxa explotación se encontre no territorio español e que exerza unha actividade agraria.

c) «Explotación»: o conxunto de unidades de produción administradas por un mesmo agricultor, en cada campaña, que se encontren no territorio español.

d) «Utilización»: a utilización que se faga da superficie en termos de tipo de cultivo ou cobertura vexetal ou a ausencia deles.

e) «Parcela agrícola»: superficie de terra continua en que un só agricultor cultiva un único cultivo.

f) «Parcela SIXPAC»: superficie continua de terreo cunha referencia alfanumérica única representada graficamente no Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas, en diante, SIXPAC.

g) «Recinto SIXPAC»: cada unha das superficies continuas de terreo dentro dunha parcela SIXPAC, cun uso agrícola único dos definidos no SIXPAC.

h) «Réximes de axuda por superficie». O réxime de pagamento único, e todos os réximes de axuda establecidos no título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, excepto os establecidos nos capítulos 7, 11 e 12.

i) «Réximes de axuda por gando»: o réxime de primas por gando ovino e caprino e os réximes de pagamentos por gando vacún, previstos nos capítulos 11 e 12 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

j) «Superficie forraxeira»: a superficie da explotación, incluídas as superficies utilizadas en común e as que estean dedicadas a un cultivo mixto, dispoñible durante todo o ano natural, para a cría de bovinos, ovinos ou caprinos, conforme o disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro. Non se contabilizarán nesta superficie:

1.º As construcións, os bosques, as pozas nin os camiños.

2.º As superficies que se empreguen para outros cultivos beneficiarios dun réxime de axuda comunitario ou que se utilicen para cultivos permanentes ou hortícolas.

3.º As superficies a que se aplique o réxime de apoio fixado para os produtores de determinados cultivos her-

báceos, utilizadas para o réxime de axuda para as forraxes desecadas ou obxecto dun programa nacional ou comunitario de retirada de terras.

k) «Pastos permanentes»: as terras utilizadas para o cultivo de gramíneas ou outras forraxes herbáceas, xa sexan naturais (espontáneas) ou cultivadas (sementadas), e non incluídas na rotación de cultivos da explotación durante cinco anos ou máis, excluídas as terras retiradas de conformidade coa normativa comunitaria.

l) «Período de retención»: o período durante o cal un animal polo que se solicita unha axuda se debe manter na explotación.

m) «Vaca nutriz»: a vaca que pertenza a unha raza cárnica ou que proceda dun cruzamento con algunha desas razas e que forme parte dun rabaño que estea destinado á cría de becerros para a produción de carne.

n) «Xovenca»: o bovino femia a partir da idade de 8 meses que non pariu aínda.

o) «Ovella»: a femia da especie ovina que pariu polo menos unha vez ou que ten un ano de idade como mínimo, o último día do período de retención.

p) «Cabra»: a femia da especie caprina que pariu polo menos unha vez ou que ten un ano de idade como mínimo, o último día do período de retención.

q) «Código NC», código da nomenclatura combinada establecido no Regulamento (CEE) 2658/1987 do Consello, do 23 de xullo, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común.

r) «Pagamento ligado»: pagamento directo subordinado á produción dun produto específico.

Artigo 3. *Superación de superficies ou do número de animais.*

1. No caso dos réximes de axuda en que se consideren superficies básicas nacionais, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en función da información de superficies recibida das comunidades autónomas, calculará antes do 15 de novembro as eventuais superacións das superficies ou subsuperficies básicas, e comunicará ás comunidades autónomas os correspondentes coeficientes de axuste para aplicar ás superficies, excepto no caso do algodón, en que se comunicará o importe axustado da axuda.

2. Para os réximes da prima específica ás proteaxinosas e aos cultivos enerxéticos determinados nos capítulos 2 e 5 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, as comunidades autónomas aplicarán os coeficientes de axuste establecidos pola Comisión Europea.

3. No caso dos réximes de primas gandeiras en que se considere un número máximo de animais a nivel nacional, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en función da información recibida das comunidades autónomas, calculará antes do 1 de maio do ano seguinte ao da presentación da solicitude única as eventuais superacións dos límites máximos nacionais e comunicará ás comunidades autónomas os correspondentes coeficientes de redución.

Artigo 4. *Superación dos límites orzamentarios.*

1. Os pagamentos directos afectados por un límite orzamentario non poderán superar o límite establecido para cada liña de axuda.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, baseándose na información recibida da totalidade das comunidades autónomas correspondente a cada unha das liñas de axuda, verificará o respecto aos límites orzamentarios e comunicará ás comunidades autónomas o coeficiente que se deba aplicar aos importes

pagadoiros por cada réxime de axuda, ou, se for o caso, o importe unitario que se vai aplicar.

Artigo 5. *Condicionabilidade.*

Todo agricultor que solicite un ou varios dos pagamentos directos relacionados no artigo 1 debe cumprir na súa explotación os requisitos legais de xestión establecidos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, ben como as boas condicións agrarias e ambientais establecidas no Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común.

Cando non se respecten os requisitos legais de xestión e/ou as boas condicións agrarias e ambientais en calquera momento do ano natural en que o agricultor presenta a solicitude única, as posibles reducións ou exclusións recaerán sobre o agricultor que reciba os pagamentos directos derivados da devandita solicitude, mesmo cando, en caso de transferencia parcial ou total da explotación, os incumprimentos se poidan atribuír a quen recibe na devandita transferencia a parcela agrícola na que se detectaran as irregularidades.

Artigo 6. *Modulación e importe adicional.*

1. Todos os importes dos pagamentos previstos neste real decreto con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) reduciranse no 5 por cento. Os importes obtidos desta medida destinaranse, unha vez deducido o montante correspondente ao importe adicional da axuda, a sufragar gastos no cadro de desenvolvemento rural.

2. Os agricultores que reciban pagamentos directos ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, percibirán un importe adicional de axuda que será igual ao que resulte de aplicar a porcentaxe de redución prevista no número 1 ao conxunto de todos os pagamentos até os primeiros 5.000 euros.

3. A suma total de todos os importes adicionais da axuda que se concedan non poderá superar o límite máximo establecido para España no anexo II do citado regulamento.

4. Con vistas a garantir un tratamento homoxéneo aos produtores de todo o ámbito nacional, os números 1 e 2 aplicaranse tamén á prima complementaria por vaca nutriz cando, de conformidade co número 2.b) do artigo 86, se financie con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

TÍTULO I

Réxime de pagamento único

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 7. *Réxime de pagamento único.*

1. De acordo co establecido no artigo 120 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, integráronse no pagamento único as liñas de axuda de cada un dos réximes do período de referencia que se detallan no anexo I deste real decreto nas porcentaxes ou importes establecidos nese anexo.

2. En aplicación do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, alínea 1.a)

segundo e alínea 1.b), exclúese do réxime de pagamento único a axuda ás sementes, ben como todos os pagamentos directos incluídos no anexo VI do citado regulamento concedidos no período de referencia aos agricultores da Comunidade Autónoma de Canarias.

3. Os dereitos de pagamento único clasifícanse en función das súas características e da súa orixe, tal e como se establece no anexo II deste real decreto.

CAPÍTULO II

Reserva nacional

Artigo 8. *Reserva nacional.*

Á reserva nacional, constituída conforme o artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, incorporaranse en diante os importes determinados no citado regulamento e, en particular:

a) Os importes dos dereitos non utilizados segundo o disposto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, salvo nos casos de forza maior e circunstancias excepcionais establecidos no artigo 40.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

b) Todos os importes retidos por aplicación das porcentaxes deducidas como consecuencia das vendas e cesións a que se refire o artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, realizadas de acordo co establecido neste real decreto.

Artigo 9. *Acceso á reserva nacional.*

1. Os agricultores que desexen solicitar dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional, de acordo co establecido neste artigo, deberán presentar a solicitude, xunto coa información mínima establecida no anexo III, entre o 1 de febreiro e o 30 de abril e ante a autoridade competente ante a cal presenten a solicitude única, establecida no artigo 107 deste real decreto, do ano correspondente. Non obstante, no caso de sentenzas firmes ou actos administrativos firmes, se a notificación foi recibida polo interesado con posterioridade ao día 1 de abril, a solicitude poderase presentar na citada campaña ou na posterior.

2. Obterán dereitos de pagamento único da reserva nacional, sempre que cumpran as condicións establecidas:

a) Os agricultores lexitimados para recibiren dereitos de axuda ou para aumentaren o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais firmes ou actos administrativos firmes, de acordo co disposto no artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

b) Os agricultores mozos que realizasen a súa primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido conforme o Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), incorporándose nalgún dos sectores, con excepción do da produción de sementes, do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e que non teñan recibido xa dereitos de pagamento único da reserva nacional.

c) Os agricultores mozos que, tendo recibido dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional na asignación inmediatamente anterior, presentasen con posterioridade a esa solicitude solicitudes de axuda de

conformidade co establecido no artigo 109.3 deste real decreto.

d) Os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tal como transformacións en regadío, concentracións parcelarias e beneficiarios de dereitos de reserva nacional de programas gandeiros, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores en tales zonas, consonte o previsto no artigo 42.5 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e que non teñan recibido xa dereitos de pagamento único da reserva nacional. Non obstante, a asignación prevista neste número só terá lugar se, unha vez atendidos os casos previstos de sentenzas e agricultores mozos, existe remanente na reserva.

Artigo 10. *Criterios para o cálculo e a asignación de dereitos da reserva nacional.*

1. Os solicitantes de reserva nacional dos casos b), c) e d) do artigo 9 deberán en todos os casos presentar hectáreas admisibles para efectos do pagamento único para que os dereitos de pagamento único se lles poidan asignar con base nesas hectáreas. En ningún caso o número de dereitos normais de axuda concedidos, procedentes da reserva nacional, poderá exceder o número de hectáreas que o agricultor podería utilizar para xustificar os seus dereitos de pagamento único e respecto ás cales non ten ningún dereito de axuda.

2. Se un agricultor cumpre a un tempo todas ou algunhas das condicións requiridas para recibir dereitos da reserva nacional por diferentes causas sobre as mesmas unidades de produción, recibirá un número de dereitos igual ou menor que o número de hectáreas que declara e cuxo valor sexa o máis elevado que poida obter por cada unha das condicións que satisfai.

3. No caso de que o agricultor estea lexitimado para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes en virtude dunha sentenza ou dun acto administrativo firme, o agricultor recibirá dereitos no número e valor que corresponda consonte a sentenza ou o acto administrativo firme.

4. No caso dos agricultores mozos que iniciasen a súa actividade de acordo co establecido na alínea 2.b) do artigo 9, calcularanse os seus dereitos, se proceder, de acordo co establecido no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

5. Aos agricultores situados en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores en tales zonas, precedendo petición, asignaráselles dereitos da reserva nacional de acordo cos criterios establecidos nos artigos 6 e 7 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril. Non obstante, a asignación prevista neste número só terá lugar se, unha vez atendidos os casos previstos nos números 3 e 4, existe remanente na reserva.

6. No caso dun incremento superior ao 20 por cento do importe unitario dos dereitos que xa se posúan, considerarase que estes proceden da reserva nacional, para os efectos previstos no artigo 42.8 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

7. As comunidades autónomas remitirán, no prazo de dous meses desde o final do prazo de presentación das solicitudes, ao Fondo Español de Garantía Agraria, a información contida nas solicitudes a que se refire o artigo 9.1, ben como unha relación das propostas de resolución ordenadas en dous grupos. Nun primeiro grupo

incluiranse os agricultores mozos e nun segundo grupo o resto dos solicitantes. Con base na información recibida e nas disponibilidades da reserva nacional, o Fondo Español de Garantía Agraria establecerá os dereitos que se asignarán a cada agricultor e remitirá esa información a cada comunidade autónoma.

8. As comunidades autónomas notificarán a asignación de dereitos aos agricultores do seu ámbito o máis tardar o 31 de decembro de cada ano. Transcorrido este prazo sen se ter ditado e notificado a resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 44.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución da asignación de dereitos da reserva poderá ser obxecto de publicación no diario oficial de cada comunidade autónoma e exporse na páxina web e nos taboleiros de anuncios delas, ben como nas do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e das delegacións e subdelegacións do Goberno nas comunidades autónomas.

CAPÍTULO III

Utilización dos dereitos de axuda

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 11. *Utilización dos dereitos de axuda.*

1. Cada dereito de axuda polo cal se solicite o pagamento único deberase xustificar cunha hectárea admisible situada no territorio nacional, con excepción das situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, segundo os criterios establecidos neste capítulo e conforme a información solicitada no anexo XIV deste real decreto.

2. Consideraranse dereitos de axuda utilizados aqueles xustificadas na solicitude única, cuxa superficie resulte determinada no sentido do artigo 2.22 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

3. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considerarase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de retirada de terras e, a seguir, os dereitos de axuda normais de maior importe. Entre os dereitos de axuda de idéntico valor considerarase a súa utilización segundo a orde de numeración que posúan. Os dereitos de axuda da reserva nacional consideraranse utilizados en último lugar.

4. Cada agricultor deberá xustificar en primeiro lugar todos os dereitos de retirada que posúa con hectáreas admisibles para tal fin.

5. Cando un agricultor, despois de ter utilizado todos os dereitos de axuda completos posibles, necesite utilizar un dereito de axuda unido a unha parcela que represente unha fracción de hectárea, este último dereito de axuda lexitimaráo para recibir unha axuda calculada proporcionalmente ao tamaño da parcela e considerarase completamente utilizado.

6. Cando un agricultor non utilice a totalidade dos dereitos, para os efectos de utilización deles en anos posteriores consideraranse en primeiro lugar os dereitos xa utilizados con anterioridade.

7. Os dereitos de axuda só poderán ser solicitados para os fins do pagamento polo agricultor que está en posesión deles na data límite para a presentación da solicitude única.

Artigo 12. *Dereitos de axuda non utilizados.*

1. Todo dereito de axuda de que non se fixese uso durante un período de tres anos incorporárase á reserva nacional, salvo en casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

2. Os dereitos procedentes da reserva nacional volverán a esta se non se utilizan durante cada ano do período de cinco anos contado a partir da súa asignación.

Os dereitos da reserva nacional derivados dunha sentenza firme ou dun acto administrativo firme non deberán cumprir a restrición establecida no parágrafo anterior, cando a sentenza ou acto resolva sobre a atribución de dereitos iniciais ao agricultor relativos ao primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único. Pola contra, cando a sentenza ou acto resolva sobre a atribución de dereitos non iniciais, deberán cumprir esa prescrición e, neste caso, estes dereitos e períodos computaranse a partir da data en que o agricultor teña a plena dispoñibilidade de tales dereitos como consecuencia da sentenza ou acto administrativo.

3. Para todos os dereitos da reserva nacional que supuxesen un incremento superior ao 20 por cento do importe unitario dun dereito que xa se posúise, considerárase que unicamente ese incremento debe retornar á reserva nacional, para os efectos previstos no número anterior.

Artigo 13. *Parcelas ao dispor do agricultor.*

As parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar os dereitos de axuda deberán permanecer ao dispor do agricultor o 31 de maio do ano no cal se solicita a axuda.

SECCIÓN 2.^a UTILIZACIÓN DOS DEREITOS DE AXUDA NORMAIS

Artigo 14. *Hectáreas admisibles.*

Consideraranse hectáreas admisibles para os efectos da xustificación dos dereitos de axuda normais as superficies agrarias da explotación, salvo as ocupadas por bosques ou as utilizadas para actividades non agrarias, agás no caso das superficies dedicadas á produción de froitas e hortalizas nas que unicamente se considerarán admisibles as superficies con tomates para transformación, superficies con melocotoeiros de carne amarela aptos para transformación, superficies con pereiras das variedades Williams e Rocha, superficies con ameixeiras da variedade de Ente, superficies con figueiras e superficies de viña para vinificación e para produción de uvas da variedade Moscatel.

Artigo 15. *Utilización agraria das terras.*

Os agricultores poderán utilizar as parcelas declaradas correspondentes ás hectáreas admisibles para xustificaren o pagamento dos dereitos de axuda en calquera actividade agraria con excepción da produción de patacas distintas das destinadas á fabricación de fécula, froitas e hortalizas distintas das citadas no artigo 14 e viveiros.

Por outro lado, pódense realizar cultivos secundarios, establecidos no artigo 1 número 1, letra i) e j) do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, que crea unha organización de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, con excepción das patacas distintas das utilizadas para a fabricación de fécula, durante un período máximo de tres meses a partir do 1 de xullo.

SECCIÓN 3.^a UTILIZACIÓN DOS DEREITOS DE AXUDA ESPECIAIS

Artigo 16. *Consideracións sobre a utilización dos dereitos de axuda especiais.*

1. Os agricultores que soliciten o cobramento do pagamento único por dereitos especiais quedan exentos da obriga de establecer un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda, a condición de que manteñan ao menos o 50 por cento da actividade exercida no período de referencia expresada en unidades de gando maior, no sucesivo UGM.

Para determinar a utilización dos dereitos especiais empregárase a información contida na base de datos informatizada creada de conformidade co Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, que establece un sistema de identificación dos animais da especie bovina. No caso do gando ovino e caprino, a comunidade autónoma poderá optar entre utilizar a información contida no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ou utilizar os rexistros do libro de explotación establecidos no Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina. Segundo esa información:

a) Considerárase que se respectou o requisito relativo á actividade agraria mínima se, segundo o caso, se cumpre, ao menos, ese 50 por cento de actividade gandeira de media durante o período de retención da axuda ligada por vaca nutriz e/ou por ovella e cabra.

b) No caso de non solicitar unha axuda ligada das citadas no número anterior, determinarase a media ponderada de animais presentes na explotación durante un período de 12 meses que determinará a comunidade autónoma competente.

c) Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, a autoridade competente poderá determinar que se cumpriu o requisito, comparando a actividade gandeira do ano en curso coa exercida durante o período de referencia.

2. Para considerar utilizados os dereitos especiais deberase cumprir o requisito de manter o 50 por cento da actividade do período de referencia, de non se alcanzar esa porcentaxe do 50 por cento o dereito considerárase como non utilizado na súa totalidade, non se admitindo a utilización de fraccións e sen que sexa posible considerar as UGM que manteña o agricultor para calcular un número teórico de dereitos especiais utilizados. Para estes efectos, de conformidade co número 1 do artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, consideraranse dereitos de axuda especiais utilizados unicamente aqueles polos que se concedeu o pagamento no período mencionado nese artigo.

Artigo 17. *Conversión de dereitos de axuda especiais a dereitos normais.*

Os agricultores con dereitos especiais que decidan declarar un ou varios dereitos cun número de hectáreas correspondente, terán efectuado un cambio na tipoloxía dos seus dereitos que pasarán desde ese momento a se considerar dereitos de axuda normais, non se podendo solicitar o restablecemento das condicións especiais para estes dereitos.

SECCIÓN 4.^a UTILIZACIÓN DOS DEREITOS DE AXUDA DE RETIRADA

Artigo 18. *Hectáreas admisibles para efectos da xustificación dos dereitos de retirada.*

1. Consideraranse hectáreas admisibles para efectos de dereitos de axuda por retirada:

a) Todas aquelas superficies agrarias da explotación ocupadas por terras de cultivo, excepto as superficies que na data establecida nas solicitudes de axuda por superficie para 2003 estivesen ocupadas por cultivos permanentes ou bosques, ou utilizadas para actividades non agrarias ou para pastos permanentes.

b) As superficies de retirada plantadas de cultivos permanentes usadas segundo os requisitos establecidos no artigo 55 b) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

c) As terras de retirada plantadas de cultivos permanentes, usadas cos fins establecidos no artigo 6.3 do Regulamento (CE) 1251/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, que establece un réxime de apoio aos produtores de determinados cultivos herbáceos, e sobre a que se cobrou un pagamento directo de acordo co establecido no artigo 2.2 do citado regulamento.

d) As terras plantadas con cultivos plurianuais, na data prevista na solicitude de axuda do ano 2003, sen prexuízo do establecido no artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro.

2. As superficies que a seguir se indican poderanse contabilizar como retiradas da produción a raíz dunha solicitude presentada despois do 28 de xuño de 1995, para efectos da xustificación de dereitos de retirada:

a) As que se retirasen da produción en virtude do disposto nos artigos 22 a 24 do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, e que non teñan ningún uso agrario nin se utilicen con fins lucrativos distintos dos admitidos para as demais terras retiradas da produción en virtude do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do 29 de setembro.

b) As superficies que fosen obxecto de forestación en virtude do disposto no artigo 31 do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, do 17 de maio.

3. As parcelas agrícolas retiradas da produción non serán de tamaño inferior a 0,1 hectáreas, nin terán menos de 10 metros de largo.

Artigo 19. *Utilización das terras de retirada.*

1. As parcelas declaradas para xustificar os dereitos de retirada deben permanecer sen cultivar e sen ser utilizadas para ningún outro aproveitamento agrario polo menos desde o 15 de xaneiro ao 31 de agosto. Non obstante, nas comarcas onde a transhumancia é unha práctica tradicional, segundo establece o anexo XVIII, autorízase o pastoreo a partir do 15 de xullo. En caso de condicións climatolóxicas excepcionais, as comunidades autónomas poderán autorizar o pastoreo nas citadas comarcas a partir do 15 de xuño, comunicando ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a decisión tomada ao respecto, a causa que a orixinou e as comarcas afectadas.

2. Non estarán suxeitos a esa obriga as excepcións que nese sentido xa se mencionan no artigo 18, ben como as parcelas de agricultores que:

a) Xestionen toda a súa explotación en relación coa totalidade da súa produción de acordo co Regulamento (CEE) n.º 2092/91 do Consello, do 24 de xuño, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

b) Utilicen as terras retiradas para o cultivo de materias primas para a fabricación, dentro da Unión Europea, de produtos non destinados en principio á alimentación humana ou animal.

3. As terras retiradas da produción manteranse en boas condicións agrarias e ambientais conforme o esta-

blecido no artigo 4 do Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro.

4. Para poder percibir os pagamentos correspondentes aos dereitos de retirada nas parcelas que se presenten para a xustificación deles débese realizar o barbeito, salvo nos casos relacionados no artigo 18 e no número 2 deste artigo, de acordo coas seguintes directrices:

a) O barbeito realizarase mediante os sistemas tradicionais de cultivo, de mínima labra ou mantendo unha cobertura vexetal adecuada, tanto espontánea como cultivada, para minimizar os riscos de erosión, de aparición de incendios, malas herbas, pragas e doenzas, conservar o perfil salino do solo, a súa capacidade produtiva e favorecer o incremento da biodiversidade.

b) As aplicacións de herbicidas autorizados serán efectuadas con aqueles que non teñan efecto residual e sexan de baixa perigosidade.

c) No caso de manter unha cobertura vexetal, esta non poderá ser utilizada para a produción de sementes nin aproveitada baixo ningún concepto con fins «agrarios» antes do 31 de agosto ou antes do 15 de xaneiro seguinte para producir cultivos destinados a ser comercializados, excepto naquelas zonas previstas no número 3 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

5. No caso de incumprimento dos números 1, 2 e 4 deste artigo, aplicarase a base de cálculo das superficies de retirada de acordo co establecido no número 4 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

6. Nos casos determinados no número 5 do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, do 21 de abril, a comunidade autónoma poderá autorizar a todos os produtores afectados para utilizaren as terras que declarasen retiradas da produción para fins de alimentación animal de aproveitamento non lucrativo. A comunidade autónoma deberá notificar cada autorización debidamente xustificada ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para que este, pola súa vez, a notifique á Comisión Europea.

SECCIÓN 5.^a CULTIVOS CON DESTINO NON ALIMENTARIO NAS TERRAS RETIRADAS PARA UTILIZAR OS DEREITOS DE RETIRADA

Artigo 20. *Utilización das terras retiradas da produción no cadro dos dereitos de axuda por retirada para cultivos con destino non alimentario.*

1. Os agricultores poden utilizar as superficies retiradas que serven para a xustificación dos dereitos de retirada para obter materias primas para a fabricación na Unión Europea de produtos non destinados á alimentación humana ou animal. Só se permite o cultivo de remolacha azucreira, topinambo e chicoria, se se cumpren as condicións establecidas no artigo 143.2 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis dese regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

2. O incumprimento das condicións establecidas na normativa europea, entre elas as relativas aos contratos e á entrega da colleita nunha cantidade que deberá corresponder ao menos ao rendemento representativo fixado para o cultivo en cuestión pola comunidade autónoma, dará lugar á perda do pagamento dos dereitos de retirada correspondentes ás parcelas en cuestión.

3. As comunidades autónomas establecerán cada ano os rendementos representativos, a que se fai referencia no anexo X, que se deben obter efectivamente para os

cultivos e superficies do seu ámbito territorial, excepto no caso das materias primas establecidas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

4. Para os efectos da regulación dos cultivos con destino non alimentario, teranse en conta as definicións establecidas no artigo 144 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

O primeiro transformador pode delegar nunha terceira persoa a recolla da materia prima entregada polo «solicitante», ben que seguirá sendo o único responsable respecto ás obrigas regulamentarias.

5. Os solicitantes que cultiven na terra retirada materias primas con destino non alimentario, con excepción das enumeradas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, deberán formalizar cun receptor ou un primeiro transformador, en ambos os casos autorizados, un único contrato por materia prima cultivada de acordo cos requisitos establecidos no artigo 147 do citado regulamento e presentar un exemplar del xunto coa solicitude de axuda. Substituirase o contrato por unha declaración do solicitante no caso de que se utilicen todas as oleaxinosas ou cereais producidos na propia explotación como combustible para quentala, ou para producir enerxía ou biocombustibles dentro dela, ou se transforme en biogás dentro da explotación, toda a materia prima apanada na superficie referida.

6. No caso das materias primas indicadas no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión do 29 de outubro, os titulares das explotacións deberán presentar, xunto coa solicitude de axuda, un compromiso escrito de que, de seren utilizadas na súa explotación ou vendidas, as materias primas en cuestión serán destinadas a algún dos fins establecidos no anexo XXIII dese regulamento.

7. Os receptores ou primeiros transformadores deberán comprometer a fabricar algún dos produtos mencionados no anexo XXIII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, cuxo valor económico debe ser superior ao de todos os demais produtos destinados ao consumo humano ou animal que se obteñan durante ese proceso.

As persoas físicas ou xurídicas que desexen ser autorizadas como receptor ou primeiro transformador ou, se for o caso, como segundo ou terceiro transformador, ben como aqueles solicitantes que se desexen acoller ao disposto no número 5, deberán presentar, antes do 1 de novembro, unha solicitude, conforme o disposto no anexo X, ante a comunidade autónoma en que se encontran establecidos.

8. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os receptores e transformadores autorizados o máis tardar o 1 de decembro. Antes do 15 de decembro o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará a lista de receptores e transformadores autorizados.

9. As obrigas dos solicitantes, e dos receptores e primeiros transformadores das materias primas, recóllense no anexo X deste real decreto.

10. As materias primas cultivadas en terras retiradas da produción e os produtos que deriven desas materias primas non se poderán acoller ás medidas financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía de acordo co establecido nas alíneas a) e b) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común.

11. As comunidades autónomas poderán retirar a autorización e/ou sancionar os receptores, transformadores ou solicitantes nos casos e forma previstos para estes efectos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión.

CAPÍTULO IV

Cesión de dereitos

Artigo 21. *Cesión de dereitos de axuda.*

1. Os dereitos de axuda poderán ser obxecto de cesión entre agricultores establecidos en todo o territorio nacional, a excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, ben en venda ou arrendamento ben mediante calquera outra forma admitida en dereito.

2. A venda dos dereitos de axuda pódese realizar con ou sen terras. Nos casos de arrendamento de dereitos irá acompañado da cesión dun número equivalente de hectáreas admisibles polo mesmo período de tempo.

3. Os dereitos procedentes da reserva nacional non se poderán ceder a outro agricultor durante un período de cinco anos contado a partir da súa asignación, excepto no caso de herdanzas, fusións ou escisións. En caso de fusión ou escisión o cesionario dos dereitos asignados inicialmente como procedentes da reserva nacional conservaralos durante o tempo restante do período de cinco anos.

4. Poderanse ceder voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non se vaian utilizar, excepto os dereitos de axuda por retirada de terras.

5. O agricultor só poderá ceder os seus dereitos de axuda sen terras despois de ter utilizado polo menos o 80 por cento dos seus dereitos de axuda polo menos un ano natural, segundo o disposto no artigo 25.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, ou despois de ter entregado voluntariamente á reserva nacional todos os dereitos de axuda que non utilizase o primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único.

6. No caso de cesións de fraccións de dereitos, con ou sen terras, realizarase o cálculo e asignación do valor do dereito de acordo cos criterios proporcionais do artigo 3.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

7. Nos casos en que se cedan dereitos de axuda por retirada, o cesionario adquire a obriga de retirar as terras da produción.

8. No caso de cesión dos dereitos especiais, a exención da obriga de establecer un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda establecida no número 2 do artigo 11, só se manterá se se ceden todos os dereitos de axuda obxecto da excepción, considerándose neste caso unha cesión de dereitos de axuda con terras.

9. En caso de que a cesión de dereitos especiais sexa parcial, os dereitos cedidos pasarán a normais, non se podendo solicitar o restablecemento das condicións especiais para eles.

Artigo 22. *Retencións.*

As retencións aplicables nas vendas ou outras cesións definitivas son as seguintes:

1. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda sen terras, restituírse á reserva nacional o 30 por cento do valor de cada dereito de axuda. A porcentaxe anterior será do 10 por cento cando o comprador se trate dun agricultor profesional ou dunha explotación prioritaria de acordo coas definicións establecidas na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

2. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda con terras restituírse á reserva nacional o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda.

3. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos asociada a unha finalización dun arrendamento de terras

en que se devolven as terras ao seu propietario, ao cal se lle venden tamén os dereitos en cuestión, o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda. O número de dereitos vendidos ou cedidos deberá ser sempre menor ou igual ao número de hectáreas admisibles implicadas na operación de finalización de arrendamento.

4. No caso de venda ou cesión definitiva de dereitos de axuda con toda a explotación, restituirase á reserva nacional o 3 por cento do valor de cada dereito de axuda.

5. Non se aplicará ningunha retención nos seguintes supostos:

a) En caso de venda ou cesión definitiva dos dereitos de axuda con ou sen terras a un agricultor que inicia a actividade agraria.

b) Nos casos de substitución do titular con motivo de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, programas aprobados de cesamento anticipado, cambios de personalidade xurídica, agrupacións de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica e escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas. Todas estas circunstancias deberán ser probadas mediante documento público que faga fe.

Artigo 23. *Notificación á Administración das cesións de dereitos.*

1. As cesións poderanse realizar en calquera momento do ano.

2. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a que presentase a súa última solicitude única entregando xunto a esa comunicación os documentos necesarios, en función do tipo de cesión escollida, para acreditarla. O período de comunicación iniciárase o 1 de novembro e finalizará seis semanas antes da finalización do prazo de presentación da solicitude única do seguinte ano.

Entenderase que a cesión foi aceptada se ás seis semanas desde a comunicación a autoridade competente non notificou motivadamente a súa oposición. Unicamente se poderá opor á cesión cando esta non se axuste ás disposicións do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

3. Todos os cambios de titularidade por motivo de herdanzas, xubilacións en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, e programas aprobados de cesamento anticipado, fusións ou escisións e cambios de personalidade xurídica, así como as modificacións dos arrendamentos debidos a cambios de titularidade, notificaranse ás autoridades competentes, fornecendo, cando menos, a información que figura no anexo IV, antes da data límite do prazo de presentación da solicitude de axuda de pagamento único.

Artigo 24. *Sistema de identificación e rexistro dos dereitos de axuda.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 21 e disposicións concordantes do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, establécese, no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, un sistema de identificación de dereitos de axuda de ámbito nacional que contará cun rexistro electrónico en que se incluírán, polo menos, os seguintes elementos:

a) Titular ou titulares do dereito con indicación dos seus CIF ou NIF.

- b) O valor dos dereitos.
- c) A data de constitución de cada dereito.
- d) A data da última utilización dos dereitos.
- e) A orixe do dereito, segundo se relaciona no anexo II.
- f) O tipo de dereito, segundo se relaciona no anexo II.
- g) Nos dereitos especiais, o número de UGM do período de referencia.
- h) Ano de asignación do dereito.
- i) Indicación de se o dereito está temporalmente arrendado a outro titular.

2. Este sistema debe permitir verificar os dereitos e realizar comprobacións cruzadas coas solicitudes de axuda e o sistema de identificación das parcelas agrícolas, ben como consultar os datos correspondentes, referidos como mínimo aos 5 anos naturais ou campañas de comercialización consecutivos anteriores.

3. A base, creada e mantida cos datos que deben fornecer as comunidades autónomas, estará dispoñible para cada unha delas de forma que poidan efectuar a xestión relativa ao réxime de pagamento único.

TÍTULO II

Pagamentos ligados e réximes específicos por superficie

CAPÍTULO I

Pagamento aos produtores de cultivos herbáceos

Artigo 25. *Obxecto.*

Concederase un pagamento por hectárea aos agricultores que produzan os cultivos herbáceos incluídos no anexo IX do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro. A contía determinarase atendendo ao establecido no seu artigo 66 e no capítulo 10 do título IV do citado regulamento, tendo en conta que España optou por ligar o 25 por cento.

Artigo 26. *Plan de rexionalización.*

As zonas homoxéneas de produción, determinadas de acordo co establecido no Plan de rexionalización produtiva de España, ben como os rendementos medios dos cereais en secaño, de cereais en regadío, de millo en regadío e doutros cereais en regadío, diferenciados por comunidade autónoma, provincia, comarca agraria e termo municipal, se for o caso, que servirán de base para a aplicación do sistema de pagamentos por superficie aos produtores de determinados cultivos herbáceos, son os que figuran no anexo V.

Artigo 27. *Cálculo do pagamento.*

A contía do pagamento por hectárea calcularase multiplicando os rendementos establecidos para cada comarca no Plan de rexionalización por un importe unitario de 15,75 €/t. Os rendementos aplicables para cada cultivo son os seguintes:

Cultivo	Rendemento aplicable	
	Secaño	Regadío
Cereais	Medio.	O. cereais.
Millo	Medio.	Millo.
Oleaxinosas	Medio.	O. cereais.
Proteaxinosas	Medio.	Medio.

Cultivo	Rendemento aplicable	
	Secaño	Regadío
Retirada	Medio.	Medio.
Liño e cânabo téxtil	Medio.	O. cereais.

Artigo 28. Superficies admisibles para o pagamento aos cultivos herbáceos.

Non se poderán presentar solicitudes de pagamentos respecto ás superficies que, na data límite de presentación das solicitudes de axuda por superficie de 2003, se dedicasen a pastos permanentes, cultivos permanentes, árbores ou usos non agrícolas, de acordo co establecido no artigo 108 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, excepto nos casos establecidos no número 3 do artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Artigo 29. Subsuperficies de base.

As superficies básicas nacionais de secaño e de regadío, fixadas no anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, quedan divididas en 17 sub-superficies básicas de secaño e igual número de sub-superficies básicas de regadío, nas cales se diferencian as sub-superficies básicas de millo de regadío, correspondentes a cada unha das comunidades autónomas, e cuxa dimensión é a que figura no anexo VI.

Artigo 30. Pagamentos por superficie en regadío.

Para efectos da percepción destes pagamentos, terán a consideración de superficie de regadío as parcelas situadas en recintos considerados como de regadío no SIXPAC ou, na súa falta, as que figuren inscritas como de regadío nun rexistro público establecido pola comunidade autónoma competente antes de finalizar o prazo de presentación da solicitude única para cada campaña.

Artigo 31. Requisitos para optar ao pagamento por superficie aos produtores de oleaxinosas.

1. Os agricultores deberán utilizar nas sementeiras sementes en doses acordadas coas prácticas tradicionais da zona en que radiquen as parcelas de oleaxinosas. Só se poderá utilizar semente certificada. As doses mínimas de sementeira figuran no anexo VII.

2. Os agricultores terán ao dispor dos órganos competentes cantos xustificantes poidan servir para acreditar o respecto do indicado no número anterior.

Artigo 32. Prima específica ás proteaxinosas.

Concederáselles aos agricultores produtores de proteaxinosas unha prima de 55,57 euros por hectárea.

As proteaxinosas polas cales se pode recibir a axuda son os chícharos (NC 0713 10), tremozos doces (NC ex 1209 29 50) fabóns e fabonciños (NC 0713 50); incluídos no réxime de cultivos herbáceos. A prima concederáse por hectárea cultivada e apañada despois da fase de maduración leitosa, salvo en caso das condicións excepcionais determinadas no segundo parágrafo do artigo 77 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

Artigo 33. Requisitos para optar aos pagamentos por superficie aos agricultores produtores de liño e cânabo destinados á produción de fibra.

O pagamento por superficie de liño e de cânabo destinados á produción de fibra suxeitarase:

a) Ao depósito, o máis tardar o 15 de setembro, dunha copia do contrato ou do compromiso mencionados no número 1 do artigo 91 do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

b) No caso do cânabo, á utilización de semente certificada das variedades que figuran no anexo II do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, xuntando as etiquetas oficiais xunto á solicitude.

c) A diferenciar as parcelas do cânabo segundo as variedades utilizadas.

d) A utilizar, polo menos, as doses de sementeira establecidas no anexo VII.

Artigo 34. Requisitos para optar aos diferentes pagamentos de trigo duro.

1. Os agricultores que producen trigo duro, alén do pagamento xeral correspondente aos cultivos herbáceos, poden percibir:

a) Un suplemento de pagamento por superficie cultivada de trigo duro de 71,25 euros por hectárea.

b) Unha prima específica á calidade de 40 euros por hectárea.

Para beneficiarse do suplemento de pagamento por superficie ao trigo duro e/ou da prima á calidade, as superficies deberán estar situadas nas rexións tradicionais que figuran no anexo VIII e dentro dos límites máximos establecidos neste. Para recibir ambos os pagamentos será obrigatorio utilizar polo menos as doses de sementeira establecida no anexo VII e fornecer xunto coa solicitude de axuda a proba da súa utilización.

2. Os agricultores que opten ao suplemento de pagamento por superficie deberán:

a) Recibir o correspondente pagamento por superficie como cereal.

b) Utilizar na sementeira unicamente semente certificada.

3. Os agricultores que soliciten a prima específica á calidade deberán:

a) Recibir o correspondente pagamento por superficie como cereal.

b) Utilizar nas sementeiras unicamente semente certificada de variedades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro. Estas variedades figuran no anexo IX.

4. Os agricultores porán ao dispor dos organismos competentes cantos documentos ou xustificantes poidan servir para acreditar o respecto aos números anteriores.

Artigo 35. Retirada voluntaria.

1. Os agricultores que soliciten pagamentos por superficie aos cultivos herbáceos poderán retirar até o 10 por cento da superficie pola cal presentasen unha solicitude de pagamento por superficie de cultivos herbáceos en concepto de retirada voluntaria.

2. Non obstante o disposto no número anterior, permítese realizar unha porcentaxe maior de retirada voluntaria co límite máximo correspondente a unha superficie retirada que non supere a cultivada nos seguintes casos:

a) Para as terras de secaño, no caso de concentracións parcelarias e noutros casos especiais debidamente autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente, que supoñan un cambio da estrutura da explotación independente da vontade do produtor.

b) Para as terras de regadío, cando as explotacións estean situadas en zonas obxecto de plans de mellora do regadío que impliquen concentración parcelaria.

3. As terras retiradas no marco do presente artigo deben cumprir as condicións establecidas nas alíneas a), b) e c) do artigo 19.4.

4. A parcela agrícola de retirada terá como mínimo unha superficie de 0,1 hectáreas e un largo de 10 metros.

Artigo 36. *Datas límite de sementeira.*

As datas límite de sementeira para os cereais, incluídos trigo duro e millo, oleaxinosas, proteaxinosas, liño non téxtil, liño e cânabo para a produción de fibras son as seguintes:

31 de maio, para todos os cereais, excepto o millo doce, e para as oleaxinosas, as proteaxinosas, o liño non téxtil e o liño téxtil.

15 de xuño, para o millo doce e o cânabo para a produción de fibras.

Artigo 37. *Excepcións aos solicitantes afectados por condicións ambientais ou situacións climáticas excepcionais.*

En virtude do disposto no artigo 107.6 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, cando razóns derivadas da variabilidade climática que caracteriza a nosa agricultura determinen a aparición de anomalías nunha campaña, tales como os excesos ou carencias de precipitacións, exixencias de protección ambiental de acuíferos sobreexplotados ou con risco de sobreexplotación ou reducións das dispoñibilidades de auga para rega, que impidan ou limiten severamente o desenvolvemento normal dos cultivos nunha zona determinada, ben como nos casos en que existan condicionantes ambientais previamente aprobados, as comunidades autónomas afectadas poderán eximir de respecto polos límites establecidos no artigo 35 as explotacións agrarias das rexións ou zonas afectadas.

As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as decisións tomadas ao respecto, as causas que as orixinaron e a definición xeográfico-administrativa das zonas correspondentes, ben como a xustificación da porcentaxe máxima establecida de retirada voluntaria total, que non poderá exceder en ningún caso o 80 por cento da superficie para a cal se soliciten os pagamentos.

CAPÍTULO II

Outros réximes de axuda específicos

SECCIÓN 1.^a AXUDA AOS CULTIVOS ENERXÉTICOS

Artigo 38. *Obxecto e requisitos.*

1. Concederase unha axuda por superficie de cultivos enerxéticos de 45 euros por hectárea e ano sen prexuízo da súa suxeición á redución proporcional e o resto de condicionantes establecidos no artigo 89 e restantes do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

2. Enténdense por cultivos enerxéticos aqueles que se utilicen fundamentalmente na produción dos produtos enerxéticos determinados no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

3. Para os efectos da regulación dos cultivos con fins enerxéticos, teranse en conta as seguintes definicións:

a) «Solicitante»: o agricultor que cultive materias primas para obter os produtos enerxéticos a que fai referencia o artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, co fin de percibir a axuda establecida no citado artigo.

b) «Receptor»: toda persoa, que celebre cun solicitante un contrato segundo o previsto no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, que compre por conta propia materias primas a que se refire o artigo 24 dese regulamento destinadas aos fins previstos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

c) «Primeiro transformador»: o utilizador das materias primas que procede á primeira transformación destas, co fin de obter un ou varios dos produtos a que se refire o artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, á parte dos solicitantes que utilicen materias primas na explotación.

4. O primeiro transformador pode delegar nunha terceira persoa a recepción da materia prima entregada polo solicitante, ben que seguirá sendo o único responsable respecto das obrigas establecidas na normativa comunitaria.

5. Os solicitantes que desexen obter a axuda aos cultivos enerxéticos deberán formalizar un único contrato por cada materia prima cultivada cun receptor ou un primeiro transformador, en ambos os casos autorizado, nos termos establecidos no artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro, e presentar unha copia del ante a comunidade autónoma xunto coa solicitude única. Non obstante, para cultivos cuxo ciclo de produción sexa superior ao ano, desde a implementación do cultivo até a primeira produción (a partir do segundo ano), substituirase o contrato por unha declaración de cultivo até a primeira colleita, nos termos establecidos no artigo 25.2 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro.

6. Os solicitantes entregarán ao receptor ou primeiro transformador as cantidades de materia prima que sexan iguais, como mínimo, ao rendemento representativo a que se fai referencia no anexo X. Os receptores ou primeiros transformadores faranse cargo da materia prima e aseguraranse de que se utiliza unha cantidade equivalente desta, da mesma especie, dentro da Comunidade Europea. Esta equivalencia poderase realizar tamén na cadea de transformación para os produtos intermedios.

7. Os solicitantes poderán utilizar na propia explotación toda a materia prima obtida na superficie acollida a esta axuda de árbores forestais de ciclo curto, oleaxinosas ou cereais producidos na propia explotación como combustible para quentala, ou para producir enerxía ou biocombustibles dentro dela, ou para transformar en biogás toda a materia prima colleitada dentro da explotación. Os interesados presentarán unha solicitude de autorización á autoridade competente e unha declaración xunto coa solicitude única segundo o disposto no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

8. As obrigas dos solicitantes e dos receptores e primeiros transformadores das materias primas, ben como as daqueles que se acollan ao disposto no número anterior, recóllense no anexo X.

9. As persoas físicas ou xurídicas que desexen ser autorizadas como receptor ou primeiro transformador ou, se for o caso, como segundo ou terceiro transformador, ben como aqueles solicitantes que se desexen acoller ao

disposto no número 7, deberán presentar, antes do 1 de novembro, unha solicitude conforme o disposto no anexo X, ante a comunidade autónoma en que se encontraren establecidos.

10. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os receptores e transformadores autorizados o máis tardar o 1 de decembro. Antes do 15 de decembro o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará a lista de receptores e transformadores autorizados.

11. As comunidades autónomas, de conformidade co disposto no número 5 do artigo 37 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, retirarán a autorización e sancionarán os receptores, transformadores ou solicitantes nos casos e forma previstos no número 4 do citado artigo 37.

SECCIÓN 2.^a AXUDA ESPECÍFICA AO ARROZ

Artigo 39. *Obxecto e requisitos.*

1. Aboarase unha axuda específica de 476,25 euros por hectárea aos agricultores produtores de arroz polas parcelas agrícolas definidas como de regadío no SIXPAC ou que figuren inscritas como de regadío nun rexistro público establecido pola comunidade autónoma competente.

2. Nas superficies deberanse ter efectuado os traballos normais requiridos para o cultivo do arroz e este ter chegado á floración.

3. A data límite de sementeira do arroz é o 30 de xuño.

4. As parcelas afectadas por unha solicitude de axuda específica aos produtores de arroz non poden ser obxecto de ningunha outra solicitude por superficie na mesma campaña, salvo a compatibilidade prevista no artigo 113.

Artigo 40. *Superficie básica nacional e subsuperficies básicas.*

A superficie básica nacional de arroz establecida queda dividida en dez subsuperficies básicas correspondentes a cada unha das comunidades autónomas produtoras de arroz, cuxa dimensión é a que figura no anexo XI.

Artigo 41. *Declaracións obrigatorias de agricultores e industriais arroceiros.*

1. Os agricultores de arroz que se acollan ao sistema de axuda específica deben realizar as seguintes declaracións:

a) Antes do 15 de outubro, declaración de existencias no seu poder ao 31 de agosto anterior.

b) Antes do 15 de novembro, declaración da produción obtida e da superficie utilizada.

En ambas as declaracións se desagregarán as superficies, tipos e variedades de arroz, de acordo co establecido no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003 da Comisión, do 26 de setembro, relativo ás declaracións de colleita e existencias de arroz.

Estas declaracións serán presentadas ante a comunidade autónoma onde se presentou a solicitude de axuda.

2. Os industriais arroceiros deberán realizar, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se encontra almacenado o arroz, antes do 15 de outubro, unha declaración das existencias de arroz que se encontraren no seu poder ao 31 de agosto anterior, desagregadas tal como establece o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003 da Comisión, do 26 de setembro.

SECCIÓN 3.^a AXUDA AOS AGRICULTORES PRODUTORES DE PATACA CON DESTINO A FÉCULA

Artigo 42. *Obxecto e requisitos.*

1. Concederase unha axuda de 66,32 euros á cantidade de pataca producida que sexa necesaria para a produción dunha tonelada de fécula, aos produtores que cultiven patacas destinadas á produción de fécula. O produtor debe realizar un contrato de cultivo co transformador, que se deberá presentar ante a comunidade autónoma antes do 30 de xuño.

2. A axuda cobre só a cantidade obxecto do contrato e está condicionada a que se pague ao agricultor o prezo mínimo establecido no artigo 4 bis do Regulamento (CEE) n.º 1868/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, que establece un réxime de continxentes para a produción de fécula de pataca e ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 19 a 21 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

3. A solicitude única débese completar coa presentación da proba de que o agricultor recibiu, polo menos, o prezo mínimo citado no número anterior.

SECCIÓN 4.^a AXUDA AOS FROITOS DE CASCA

Artigo 43. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Os agricultores con plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira, que cumpran as condicións que se recollen no seguinte número, poderanse beneficiar dunhas axudas por superficie comunitarias e nacionais cuxos importes se indican no seguinte artigo.

A concesión das axudas nacionais e autonómicas está suxeita ao cobramento da axuda comunitaria.

2. Para teren dereito ás axudas, as superficies deben cumprir os requisitos seguintes:

a) Teren unha densidade mínima por hectárea de 80 árbores para amendoeira, 150 para abeleira e pistacho, 60 para nogueira e 30 para alfarrobeira.

b) Estaren incluídas entre os recursos produtivos dunha organización ou agrupación de produtores recoñecida para algunha das categorías que inclúan os froitos de casca, de acordo cos artigos 11 ou 14 do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, do 28 de outubro, que establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, para os produtos citados no número 1.

c) Teren unha superficie mínima por parcela de 0,1 ha.

Artigo 44. *Contía das axudas e financiamento.*

1. Concederase unha axuda comunitaria xeral aos agricultores, despois da presentación da solicitude única, de 241,50 euros por hectárea ás plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira. Complementariamente, ás plantacións de abeleira asignaráselles unha axuda comunitaria adicional de 105 euros por hectárea.

2. Se o importe obtido multiplicando as superficies determinadas polas axudas unitarias citadas no número 1 excede o límite máximo establecido no artigo 84 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, aplicarase un coeficiente corrector á axuda comunitaria xeral para evitar a superación dese límite máximo.

3. No caso en que se precise a aplicación do coeficiente corrector, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño concederá unha axuda nacional cuxa contía será a metade da diferenza entre o importe unitario da axuda comunitaria xeral e o dito importe unitario redu-

cido como consecuencia da aplicación do coeficiente corrector.

Esta axuda terá como límite a cantidade de 60,375 euros por hectárea.

4. As comunidades autónomas en cuxo territorio existan plantacións de froitos de casca poderán conceder, con cargo aos seus fondos, unha axuda por hectárea e ano que, sumada á achega do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, non poderá exceder a cantidade de 120,75 euros por hectárea. Esta axuda será aboada ao agricultor pola comunidade autónoma onde estean situadas as parcelas de froitos de casca.

5. Cando non se alcance a cantidade máxima da axuda a que se refire o número anterior, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño financiará un complemento da axuda ás superficies cuxo titular sexa agricultor profesional, conforme o disposto no artigo 2.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e que manteña tal cualificación na data de finalización do prazo de solicitude.

O citado complemento da axuda, sumado á achega recollida no número 3, ascenderá até un máximo de 60,375 euros por hectárea, condicionado ás disponibilidades orzamentarias.

6. A axuda financiada polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transferirase ás comunidades autónomas correspondentes, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria existente, conforme o establecido no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Para estes efectos, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transferirá ás comunidades autónomas os importes necesarios para afrontar o pagamento da axuda nacional, baseándose nas superficies para as cales se solicitase axuda, no importe previsto e nos posibles remanentes que existan de transferencias anteriores.

SECCIÓN 5.^a AXUDA AOS PRODUTORES DE SEMENTES

Artigo 45. *Obxecto e requisitos.*

1. Concederase a axuda prevista no artigo 99 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, aos produtores de sementes de base ou sementes certificadas das especies establecidas no seu anexo XI, no cal se indican os importes da axuda por especie e variedade que poderán percibir os beneficiarios.

2. A axuda suxeitarase, ademais, ao cumprimento dos seguintes requisitos para as sementes:

a) Ter sido certificadas oficialmente.

b) Ter sido producidas nas condicións previstas no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro. Para isto, deberase presentar para o seu rexistro, ante o órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se multiplique a semente, o correspondente contrato de multiplicación, que inclúa, polo menos, os datos mínimos que figuran no anexo XVI, ou a declaración de cultivo, no caso de produción en cultivo directo polo establecemento de sementes, antes das datas límite que se indican a seguir:

1.º Para todas as especies, excepto o arroz, até o final do prazo para a presentación da solicitude única nas sementeiras de outono e o 15 de maio, para as sementeiras de primavera.

2.º Para as sementes de arroz o 30 de xuño.

c) Ter sido colleitadas no ano no territorio nacional e comercializadas para a sementeira antes do 15 de xuño do ano seguinte á colleita.

Considerarase que se cumpriu o requisito de ter comercializado unha semente para a sementeira cando

fose vendida a un establecemento autorizado e, unha vez procesada e envasada, fose certificada oficialmente. A venda acreditarase mediante factura, albará ou outros documentos que a proben. O establecemento autorizado deberá acreditar que a semente, unha vez envasada, precintada e certificada oficialmente, se comercializou segundo o disposto no artigo 49 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Artigo 46. *Beneficiarios.*

1. Os beneficiarios destas axudas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Xuntar á solicitude única de axuda unha copia do contrato de multiplicación ou, en caso de produción en cultivo directo, da declaración de cultivo. Non obstante, no suposto das sementeiras de primavera de sementes distintas do arroz e no caso das sementes de arroz, tanto a declaración de cultivo como o contrato poderán non acompañar a solicitude, pero deberanse presentar con posterioridade ante a comunidade autónoma receptora da solicitude única de axuda, antes das datas sinaladas no número 2 do artigo anterior.

b) Presentar antes do día 30 de abril do ano seguinte, ante a comunidade autónoma en que se presentou a solicitude única de axuda, a información sobre a cantidade de semente certificada producida, expresada en quintais con dous decimais, para a cal se solicita a axuda, por cada especie, acompañada do certificado oficial expedido pola comunidade autónoma correspondente en que deberá figurar, como mínimo, a identificación da acta de precintaxe (número e data da acta); o número de cada lote correspondente a esa acta, e a cantidade de semente certificada da totalidade de cada lote con indicación da que corresponda a ese beneficiario.

Para efectos do indicado no parágrafo anterior, a información sobre a cantidade de semente certificada producida consistirá nun certificado expedido polo establecemento de sementes, no caso de produción de sementes mediante contrato de multiplicación, ou nunha declaración da entidade produtora de sementes, no caso de produción de sementes en cultivo directo.

Tanto o certificado como a declaración deberán ir acompañados da certificación oficial expedida pola comunidade autónoma correspondente, que consistirá na validación oficial polo organismo responsable da certificación da comunidade autónoma que precintou a semente.

2. Para as sementes en que é posible a súa derivación a usos de alimentación humana ou animal, salvo que fosen tratadas ou coradas as sementes de forma que se imposibilite esa derivación, deberá quedar suficientemente probada, á satisfacción da autoridade competente, a súa non derivación a tales usos.

SECCIÓN 6.^a AXUDA ESPECÍFICA AO CULTIVO DO ALGODÓN

Artigo 47. *Obxecto e importe das axudas.*

Concederase unha axuda específica por hectárea admisible aos produtores de algodón, de acordo co establecido no capítulo 10 bis do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, apanhada baixo condicións normais de cultivo.

A axuda será de 1.400 euros por hectárea de algodón para unha superficie básica nacional de 48.000 hectáreas.

Artigo 48. Superficies admisibles, variedades, prácticas agronómicas e rendementos mínimos.

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá para cada ano de sementeira:

a) Os criterios obxectivos sobre a base dos cales as terras poderán ser recoñecidas para a axuda específica ao algodón. Os criterios deberanse basear na economía agrícola das rexións para as cales a produción de algodón é importante, o estado edafoclimático das superficies en cuestión, a xestión das augas de rega, as rotacións, e as técnicas culturais susceptibles de respectar o ambiente.

b) As variedades de algodón que, estando recollidas no catálogo comunitario, se adapten ás necesidades do mercado.

c) As condicións de cultivo e técnicas agronómicas, incluída a densidade de plantación, que se deberán respectar, e que permitan manter e recoller o cultivo en condicións normais, obtendo un produto de calidade sa, cabal e comercial.

2. Ademais, as comunidades autónomas poderán establecer, ao abeiro do disposto nas normas comunitarias, outros criterios ou requisitos adicionais.

3. As comunidades autónomas establecerán os rendementos mínimos de cultivo como factor indicativo no marco do cumprimento do artigo 29 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

4. Os agricultores porán ao dispor das autoridades competentes cantos xustificantes permitan acreditar o cumprimento de todos os requisitos.

Artigo 49. Organizacións interprofesionais autorizadas.

1. Para efectos do disposto no artigo 110 quinquies do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, consideraranse «organizacións interprofesionais autorizadas» as entidades xurídicas compostas por produtores de algodón e, cando menos, unha ripadora. Os produtores que pertencen a unha organización interprofesional autorizada percibirán unha axuda adicional de 2 euros por hectárea.

2. Corresponde ás comunidades autónomas autorizar aquelas organizacións interprofesionais que o soliciten. En caso de que unha organización interprofesional comprenda superficies e ripadoras situadas en varias comunidades autónomas, a autoridade competente para a autorización será a da comunidade autónoma en que se achen a maioría das ripadoras.

3. Todos os anos, as comunidades autónomas autorizarán antes do 15 de decembro, con respecto á sementeira do ano seguinte, a toda organización interprofesional que o solicite e reúna as condicións que se establecen no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión. Porén, para o ano 2009, a autorización farase antes do 16 de febreiro de 2009.

Na solicitude deberá constar, ao menos, o seguinte: datos persoais e cargo que representa na entidade o solicitante, datos da entidade que representa, acreditación do número de ripadoras, de produtores e de hectáreas susceptibles de ser sementadas de algodón que representa, e estatutos e regras de funcionamento interno da entidade.

SECCIÓN 7.^a AXUDA AO OLIVEIRAL

Artigo 50. Obxecto e importe máximo.

1. Concederáse unha axuda ao oliveiral que teña un valor ambiental ou social, con obxecto de contribuír á súa conservación, de acordo co previsto no artigo 110 octies

do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

2. O importe máximo a nivel nacional desta axuda é o determinado no número 3 do artigo 110 decies do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, axustado consonte o procedemento indicado no seu artigo 144.2. A distribución dos importes entre as comunidades autónomas, correspondentes ás superficies con dereito a axuda situadas en cada unha delas, indícase no anexo XII deste real decreto.

3. Non se pagarán as axudas cando o importe da solicitude, calculado en función do importe indicativo a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 52.3 deste real decreto, sexa inferior a 50 euros.

Artigo 51. Categorias de oliveiral.

1. Poderán ser admisibles para a axuda as superficies situadas en explotacións de pequena dimensión, incluídas nas cinco categorías seguintes:

a) Oliveirais en zonas dependentes do cultivo, en particular aquelas cuxa superficie de oliveiral a nivel municipal sexa maior do 80 por cento da superficie labrada total.

b) Oliveirais de alto valor cultural e paisaxístico, en particular os de idade avanzada ou en socalcos.

c) Oliveirais en zonas con limitacións permanentes do medio natural como alta pendente ou baixa pluviometría.

d) Oliveirais con risco de abandono, en particular os situados en zonas desfavorecidas ou con baixos rendementos.

e) Oliveirais de interese social, en especial os que se sitúen en zonas de tradición oleícola ou en zonas que presenten indicadores económicos desfavorables ou integrados en sistemas de calidade diferenciada, tales como denominacións de orixe ou produción ecolóxica.

2. Para estes efectos, entenderanse por explotacións de pequena dimensión aquelas cuxa produción media non alcance 57.000 kg de aceite de oliva, incluído o 8 por cento correspondente ao aceite de bagazo. Esta produción calcularase en función dos rendementos de olivas e aceite fixados nos regulamentos (CE) n.º 2225/2000, (CE) n.º 2067/2001, (CE) n.º 1845/2002, (CE) n.º 1903/2003, e, se for o caso, coas seguintes modificacións, polos que se fixan os rendementos de olivas e aceite, respectivamente, para as campañas 1999/2000, 2000/2001, 2001/2002 e 2002/2003.

3. As comunidades autónomas escollerán a categoría ou categorías que se adapten mellor á problemática específica dos seus oliveirais, podendo modificálas unha vez ao ano. En caso de modificación, as novas categorías aplicaranse a partir do ano seguinte ao da súa adopción.

4. Sobre a base dos datos existentes no SIXPAC e das declaracións dos agricultores, as comunidades autónomas determinarán, para cada parcela oleícola susceptible de se beneficiar das axudas, a categoría a que pertenza; ben como a seguinte información referida ao 1 de xaneiro de 2005: número e localización das oliveiras admisibles, número e localización das oliveiras non admisibles, superficie oleícola e superficie oleícola admisible da parcela.

Artigo 52. Superficie admisible e importe da axuda.

1. A axuda ao oliveiral concederáse por hectárea-SIX oleícola, calculada conforme o método común que se indica no anexo XXIV do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro. Para unha parcela oleícola só se poderá percibir o importe correspondente á axuda establecida para unha das categorías escollidas pola comunidade autónoma.

2. Para os efectos do cálculo do importe unitario da axuda, os importes máximos establecidos no anexo XII

deste real decreto serán distribuídos polas comunidades autónomas entre as superficies de oliveiral con dereito a axuda situadas no seu ámbito territorial e que se engloben na categoría ou categorías para as cales se decida conceder as axudas.

3. As comunidades autónomas establecerán o importe indicativo da axuda por hectárea-SIX oleícola, para cada unha das categorías escollidas no seu ámbito, con anterioridade ao 31 de xaneiro do ano en que se solicita a axuda. A axuda asignada a cada categoría poderá igualar, pero non superar, o nivel dos custos de mantemento, excluídos os custos de recolección.

Así mesmo, en virtude do establecido no número 2 do artigo 171 ter ter do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión e co fin de dar cumprimento ao que se establece no segundo parágrafo da alínea a) do número 1 do artigo 119 deste real decreto, as comunidades autónomas determinarán o importe da axuda por hectárea-SIX oleícola, para cada categoría, antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao da presentación da solicitude única, de acordo cos datos de superficies determinadas situadas no seu ámbito territorial.

No caso de que na solicitude de axuda presentada nunha comunidade autónoma se inclúan superficies de oliveiral situadas noutras comunidades autónomas, para efectos do pagamento, para estas superficies aplicaranse os importes establecidos pola comunidade autónoma onde se achen, correspondentes ás categorías que esta establececese.

Artigo 53. *Condicións de admisibilidade.*

O pagamento da axuda estará suxeito ao cumprimento das seguintes condicións:

a) As parcelas oleícolas deberán estar rexistradas no SIXPAC.

b) As superficies deberán ter oliveirais plantados antes do 1 de maio de 1998 ou, se o foron despois, ser de substitución doutros que cumprisen con ese requisito.

c) O número de oliveiras por parcela oleícola non poderá diferir en máis dun 10 por cento do rexistrado na data do 1 de xaneiro de 2005.

SECCIÓN 8.ª AXUDA AO TABACO

Artigo 54. *Obxecto e requisitos.*

1. Para as colleitas 2006, 2007, 2008 e 2009, poderase conceder unha axuda aos agricultores produtores de tabaco cru do código NC 2401, de conformidade co previsto no capítulo 10 quater do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, sempre que cumpran os requisitos establecidos polas normas comunitarias e nacionais.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá, para cada campaña, a axuda por quilogramo de tabaco producido e o seu importe será diferente segundo a variedade ou grupo de variedades definidas no artigo 171 quater bis do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro; se for o caso, o nivel da axuda poderase diferenciar dependendo da calidade do tabaco entregado.

2. Poderanse beneficiar da axuda os agricultores que recibisen primas por entregas de tabaco a empresas de primeira transformación nos anos naturais 2000, 2001 e 2002. Tamén poderán recibir a axuda aqueles agricultores que adquirisen cotas de produción, mediante calquera modalidade de transferencia, entre o 1 de xaneiro de 2002 e o 31 de decembro de 2005.

3. O pagamento da axuda estará suxeito ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 110 duodecimos do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro. O tabaco debe proceder de zonas de

produción recoñecidas, establecidas por grupos de variedades no anexo XXVI do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

4. O tabaco debe ser transplantado antes do 20 de xuño do ano da colleita. Cando se comprobe que non se transplantou tabaco na parcela indicada no contrato de cultivo antes desa data, aplicaranse, se for o caso, as reducións e exclusións previstas no artigo 54 bis do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

Artigo 55. *Importe das axudas.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño fixará os importes unitarios iniciais das axudas, antes do 15 de marzo do ano da colleita. Para cada variedade ou grupo de variedades o nivel de axuda non excederá o importe da prima por grupo de variedades fixada para a colleita 2005 segundo o Regulamento (CE) 546/2002, do 25 de marzo, polo que se fixan, por grupos de variedades e por Estados membros, as primas e os limiares de garantía do tabaco en follas para as colleitas de 2002, 2003 e 2004.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño fixará o importe unitario final da axudas por grupos de variedades, nos 15 días laborables seguintes ao día en que todo o tabaco da colleita en curso fose entregado, verificando que o montante total da axuda solicitada para o conxunto das variedades non excede o límite nacional establecido no artigo 110 terdecimos, axustado polo artigo 110 quaterdecimos, do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, logo de adaptación linear dos importes iniciais establecidos.

3. As axudas pagadoiras aos agricultores calcularanse baseándose no peso da folla de tabaco da variedade ou grupo de variedades correspondentes ao mínimo de calidade requirida e aceptada pola empresa de primeira transformación. Se o contido de humidade for diferente ao fixado no anexo XXVIII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, para a variedade en cuestión, adaptarase o peso do tabaco en folla segundo o contido de humidade e o límite de tolerancia fixados neste anexo. O contido de humidade terase determinado segundo os métodos establecidos no anexo XXIX.

Artigo 56. *Contrato de cultivo.*

1. Os contratos de cultivo deberán ser asinados entre o produtor individual ou a agrupación recoñecida de produtores de tabaco e un primeiro transformador antes do 15 de febreiro do ano da colleita, excepto no caso de forza maior debidamente acreditada.

2. En cada colleita, un produtor individual só poderá contratar e entregar tabaco dunha variedade determinada, cunha única empresa de primeira transformación.

3. Os contratos realizaranse por variedade ou grupo de variedades. O primeiro transformador comprométese a recibir a cantidade referida no contrato, e o produtor ou, se for o caso, a agrupación de produtores, a entregar esa cantidade, sempre que a súa produción llo permita.

4. Os contratos débense enviar para o seu rexistro ao órgano competente da comunidade autónoma en que teña lugar a transformación, dentro dos 15 días naturais posteriores á data límite fixada para a súa celebración, excepto en caso de forza maior debidamente acreditada. Cando a transformación se realice nunha comunidade autónoma distinta daquela en que se cultívase o tabaco, o organismo competente da comunidade autónoma de transformación transmitirá inmediatamente unha copia do contrato rexistrado ao organismo competente da comunidade autónoma de produción.

5. Cando o contrato se asine entre un transformador e unha agrupación de produtores débesele xuntar a lista

de produtores implicados e as cantidades máximas que entregará cada un, ben como a localización das súas correspondentes parcelas cultivadas e as súas superficies. Toda esta información será desagregada por comunidades autónomas.

6. Os requisitos mínimos que deberán incluír os contratos establécense no punto I do anexo XIII.

Artigo 57. *Entregas de tabaco.*

1. Excepto en casos de forza maior, os agricultores deben entregar toda a súa produción á empresa de primeira transformación antes do 15 de marzo do ano seguinte ao ano da colleita. O tabaco que se entregue deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 171 quater octies e no anexo XXVII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

2. As entregas de tabaco efectuaranse nos centros de transformación ou nos centros de compra autorizados polo órgano de control competente da comunidade autónoma, e que deberán contar, cando menos, coas instalacións apropiadas, equipamentos homologados de pesaxe e locais adaptados.

3. No proceso de entregas de tabaco será de aplicación o establecido nos números 2 e 3 do artigo 171 quater duodecies do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

4. O órgano competente de control da comunidade autónoma onde se realicen as entregas diarias de cada un dos produtores emitirá un certificado de control de conformidade co disposto no artigo 171 quater (b) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, en que se certifique que o tabaco foi entregado, que remitirá ao órgano correspondente da comunidade autónoma competente para o pagamento da axuda.

Artigo 58. *Agrupacións de agricultores produtores de tabaco.*

1. A autoridade competente a que se refire o artigo 14.5 do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do tabaco cru, poderá recoñecer, como agrupacións de produtores de tabaco as cooperativas agrarias, as sociedades agrarias de transformación e calquera outra entidade con personalidade xurídica que cumpra os requisitos que se determinan na normativa comunitaria e nacional, e en especial, ademais, os seguintes:

a) Dispor dunha cantidade mínima de 550 toneladas de tabaco, correspondentes a unha superficie mínima de cultivo de 160 hectáreas e cun número mínimo de 100 produtores.

Nas rexións de produción illada de Castilla y León, Navarra e zona do Campezo no País Vasco, dispórase dunha cantidade mínima de 35 toneladas de tabaco, correspondentes a unha superficie mínima de cultivo de 14 hectáreas e cun número mínimo de 5 produtores.

b) Estar constituídas por iniciativa dos seus membros e co obxecto de adaptar en común a produción de tabaco cru dos seus socios e comercializala conxuntamente.

c) Establecer normas comúns de produción e comercialización, e que os seus membros as fagan aplicar, principalmente no que respecta á calidade dos produtos e á utilización de prácticas de cultivo e cura.

d) Dispor dun estatuto que estableza o seu obxecto e regule o seu funcionamento. O estatuto debe incluír, polo menos, a obriga de que os seus membros:

1.º Comercialicen a totalidade da produción de tabaco a través da agrupación.

2.º Se axusten ás normas comúns de produción e comercialización.

Así mesmo, este estatuto deberá incluír disposicións que garantan que os socios produtores que queiran

renunciar á súa calidade de tales poidan facelo, logo de participar como mínimo un ano a partir da súa adhesión á agrupación, coa condición de que o comuniquen por escrito, como máis tarde o 31 de outubro, con efecto a partir da colleita seguinte. Estas disposicións aplicaranse sen prexuízo das disposicións legais ou regulamentarias nacionais que teñan por obxecto protexer en determinados casos a agrupación ou os seus acredores fronte ás consecuencias financeiras que puidesen derivar da perda dun membro, ou impedir a partida dun membro durante o exercicio orzamentario.

Nos estatutos reflectirase o órgano competente na entidade para decidir as altas e baixas dos socios produtores de tabaco.

2. A comercialización da produción por parte da agrupación a que se refiren as letras b) e d) do número 1, comprenderá, cando menos, as seguintes actividades:

a) A celebración, por parte da agrupación, no seu nome e pola súa conta, dos contratos de cultivo para toda a produción dos seus membros.

b) A achega á agrupación da totalidade da produción dos seus membros, preparada segundo normas comúns, para a súa entrega aos transformadores.

3. Un produtor de tabaco só poderá pertencer a unha agrupación de produtores. A adscrición ou non a unha asociación por parte dun produtor é voluntaria.

4. As agrupacións de produtores de tabaco non poderán exercer a actividade de primeira transformación.

5. As entidades que desexen ser recoñecidas como agrupacións de produtores deberán presentar a solicitude, que conteña a documentación recollida no punto II do anexo XIII, antes do 30 de novembro do ano anterior ao da colleita para a cal se solicita o recoñecemento, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre a maior parte da súa superficie. A actualización dos datos para as sucesivas campañas deberase presentar antes desa data, salvo que non variasen, caso en que se manterá o recoñecemento.

No caso de que a agrupación non cumpra as condicións para o recoñecemento, deberá efectuar as correccións oportunas para isto e presentar unha solicitude de recoñecemento, antes do vencemento do prazo para a celebración dos contratos de cultivo fixado no número 1 do artigo 56, con obxecto de poder manter o recoñecemento para a colleita do mesmo ano.

Artigo 59. *Empresas de primeira transformación de tabaco.*

1. As empresas de primeira transformación definidas no artigo 171 quater (c) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, para poderen desenvolver as súas actividades en España, deberán estar recoñecidas e autorizadas para asinar contratos de cultivo pola autoridade competente a que se refire o capítulo VI do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, e deberán cumprir os requisitos e características que alí se establecen e, ademais, os seguintes:

a) Dispor dun delegado ou administrador para a xestión da empresa e ao menos dun técnico competente experto no sector; e as súas instalacións de primeira transformación estarán localizadas nas zonas de produción recoñecidas para as variedades que comercialicen.

b) Venderán ao menos o 60 por cento do tabaco comercializado anualmente, para que poida ser usado directamente polas empresas manufactureiras ou indirectamente sen un procesamento posterior.

2. As solicitudes de autorización das empresas interesadas deberanse presentar ante o órgano competente, antes do 30 de novembro do ano anterior, xuntando a documentación que acredite de maneira que faga fe o

cumprimento dos requisitos de autorización establecidos na normativa comunitaria e neste artigo. O órgano competente fixará a data a partir da cal producirá efecto o recoñecemento en caso de que este se acepte.

3. No suposto de incumprimento da data límite de pagamento ao produtor do prezo comercial establecido no anexo XIII, alínea h), retirarase durante un ano a autorización da empresa de primeira transformación. Cada período adicional de 30 días provocará a retirada da autorización durante un ano máis até un máximo de tres anos.

SECCIÓN 9.ª AXUDA AOS CÍTRICOS PARA TRANSFORMACIÓN

Artigo 60. *Obxecto.*

Durante a campaña 2009, concederase a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 110 unvicies do capítulo 10 octies do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, para os agricultores produtores de cítricos con destino á transformación, sempre que cumpran as condicións establecidas polas normas comunitarias e nacionais.

Para os efectos da regulación da axuda aos cítricos para transformación terase en conta a seguinte definición:

«Receptor»: calquera persoa que realice un acordo de compravenda cun solicitante da axuda transitoria que sexa produtor de cítricos destinados á transformación, polo que compre pola súa conta, para a súa posterior venda a un transformador, as cantidades acordadas de, polo menos, un dos seguintes produtos: laranxas doces, mandarinas, clementinas, satsumas, limóns e toranxas e pomelos.

Artigo 61. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Os agricultores con plantacións de cítricos, que cumpran as condicións que se recollen no seguinte punto, poderán beneficiarse das axudas por superficie establecidas no seguinte artigo.

2. Para ter dereito ás axudas, o agricultor deberá:

a) Destinar á transformación parte ou a totalidade da produción procedente das parcelas declaradas para os efectos desta axuda, amparada mediante un contrato de transformación que terá as características establecidas no artigo 63 deste real decreto.

b) Entregar á transformación un mínimo de 2.300 kg/ha no caso de laranxas doces e limóns e de 1.300 kg/ha no caso de mandarinas, clementinas, satsumas, toranxas e pomelos. Non obstante, se o agricultor entrega a súa produción a través dunha organización de produtores recoñecida tal como se define no artigo 171 quinquies bis do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, en diante OP, ou a través dun receptor, o requisito de entrega mínima verificarase para o conxunto dos agricultores incluídos no contrato formalizado entre a OP ou o receptor e un primeiro transformador, en diante transformador, cando se alcance un rendemento global establecido como cociente entre os quilogramos entregados baixo contrato e a superficie total deste.

c) Identificar na súa solicitude única a entidade a que vai realizar as entregas.

Artigo 62. *Contía e límite da axuda.*

1. A contía indicativa da axuda por hectárea será a seguinte:

Laranxas doces, mandarinas, clementinas e satsumas: 290 €/ha.

Limóns: 321 €/ha.

Toranxas e pomelos: 63 €/ha.

2. O importe final da axuda por hectárea será determinado, polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 30 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, dividindo o límite máximo nacional de cada especie cítrica, que se recolle no punto seguinte, entre as respectivas superficies determinadas comunicadas polas comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 119.1.b) 9.º 2 deste real decreto.

3. Os pagamentos desta axuda neste sector e en cada campaña non poderán superar os límites orzamentarios seguintes: laranxas, mandarinas, clementinas e satsumas: 80,333 M€, limóns: 13,333 M€ e toranxas e pomelos: 0,067 M€.

Artigo 63. *Forma, contido e data de celebración dos contratos de transformación.*

1. Subscribirase un contrato por separado para cada unha das seguintes especies cítricas e destinos:

a) Laranxas doces, mandarinas, clementinas, limóns e toranxas e pomelos con destino a zumes.

b) Clementinas e satsumas con destino a cuarteiróns.

2. Os contratos poderán ser:

a) Un contrato que se celebrará entre:

1.º Parte vendedora, que poderá ser: un agricultor, unha OP ou un receptor autorizado.

2.º Parte compradora, que será un transformador autorizado.

b) Un compromiso de entrega cando a OP actúe tamén como transformador. Neste caso, cando a OP reciba materia prima de agricultores que non son socios desta para a súa transformación pola OP, deberase formalizar contrato de transformación entre os devanditos agricultores e a OP.

3. Para cada ano do réxime transitorio de axudas, a parte vendedora só poderá subscribir un máximo de dous contratos por unha especie determinada e por transformador.

4. Unha OP poderá contratar cantidades destinadas á transformación producidas por outros produtores distintos aos seus agricultores afiliados, caso en que será necesaria a celebración dun acordo de compravenda entre o agricultor e a OP.

5. Os agricultores que contraten directamente cos transformadores deberán contratar e entregar á transformación un volume mínimo anual para a transformación de 100 t, para as especies de laranxas doces e limóns, e de 50 t para as especies de mandarinas, clementinas, satsumas e toranxas e pomelos.

6. Os contratos deberán conter, cando menos, os datos que se indican a seguir:

a) A identificación das partes contratantes. No caso dos compromisos de entrega, deberá figurar a identificación da OP.

b) A relación de cada un dos produtores solicitantes da axuda amparados polo contrato e a superficie das súas parcelas das cales procedan os cítricos entregados á transformación e que fosen incluídas nas respectivas solicitudes únicas.

c) A cantidade de materia prima que se deba entregar para a transformación.

d) O período en que se realicen as entregas nas fábricas de transformación.

e) A obriga dos transformadores de transformar as cantidades entregadas en virtude do contrato e admitidas á transformación e o compromiso de que as devanditas cantidades non saian da fábrica nin sexan utilizadas para outros fins.

f) O prezo de compravenda da materia prima.

7. Os contratos asinaranse antes do 1 de decembro de cada ano.

Artigo 64. *Períodos de entrega.*

As entregas de materia prima ás transformadoras realizaranse entre o 1 de abril do ano de presentación da solicitude única e o 31 de marzo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única.

Artigo 65. *Presentación dos contratos e xustificación das entregas.*

1. O agricultor que contratase directamente co transformador presentalle o contrato ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentase a solicitude única antes do 1 de decembro de cada ano, e en todo caso 5 días hábiles antes do comezo das entregas. Esta autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarllo ao solicitante e ao transformador.

2. O contrato subscrito co transformador seralle presentado pola OP ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social e polo receptor ao órgano competente da comunidade autónoma onde teña as súas instalacións, antes do 1 de decembro de cada ano, e en todo caso 5 días hábiles antes do comezo das entregas. A devandita autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarllo á OP ou receptor e ao transformador.

3. Os transformadores deberán remitir, ao órgano competente da comunidade autónoma onde se atope a fábrica de transformación, unha xustificación das cantidades recibidas para a transformación baseándose en cada contrato, antes do 15 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única.

4. A comunidade autónoma receptora dos datos indicados nos puntos anteriores remitiralle á autoridade competente que corresponda a información relativa aos solicitantes que non presentaron a solicitude única no seu ámbito territorial.

Artigo 66. *Solicitudes de autorización dos transformadores e receptores.*

1. Os transformadores que están autorizados para a súa participación no réxime de axudas baseándose no Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, do 28 de outubro, que establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, que viñeron actuando como tales nalgunha das tres campañas previas á campaña 2008-2009, consideraranse autorizados, igual ca aqueles receptores e transformadores que fosen autorizados durante a devandita campaña.

2. Para as novas autorizacións de receptores e de transformadores que desexen participar no réxime de axudas, os interesados deberán presentar unha solicitude, antes do 14 de agosto de cada ano, ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal radiquen as súas instalacións. En calquera caso deberase dispoñer da autorización antes de formalizar contratos de transformación.

3. A solicitude de autorización dos transformadores conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo XXII deste real decreto.

Xunto coa solicitude, os transformadores xustificarán, para cada unha das súas fábricas, a capacidade de transformación por hora do produto para obter cuarteiróns e a capacidade de extracción, pasteurización e concentración por hora para elaborar zumes, segundo o tipo de elaborado correspondente, de cada unha das súas fábricas. A acreditación de tales extremos conterá, polo menos, os

datos que figuran no anexo XXIII deste real decreto. Así mesmo, deberanse comprometer a levar unha contabilidade específica que permita obter, cando menos, a información, por especie, a que se refire o artigo 67 deste real decreto.

4. A solicitude de autorización dos receptores conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo XXIV deste real decreto. Os receptores xustificarán que teñen suficiente capacidade para a xestión dos contratos de compravenda dispoñendo, en particular:

a) Da alta no imposto de actividades económicas durante a duración do contrato, para a actividade comercializadora de froitas e hortalizas.

b) Da contabilidade específica que conteña:

1.º As cantidades compradas aos solicitantes da axuda, coa súa identificación.

2.º As cantidades vendidas aos transformadores, coa identificación do contrato.

5. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará, antes do 1 de outubro de cada ano, baseándose na información recibida en virtude do disposto no artigo 119.1.b) 9.º 3 deste real decreto, as relacións de transformadores e receptores autorizados en cada ano do período transitorio.

6. As comunidades autónomas poderán retirar a autorización nos casos e nas formas previstos para estes efectos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 do 29 de outubro.

Artigo 67. *Requisitos dos transformadores.*

1. En cada ano, os transformadores comunicaranlle á autoridade competente a semana en que vaian comezar as operacións de transformación, cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes do comezo das operacións de transformación.

2. Como máis tarde o 15 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, os transformadores comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as súas instalacións, os datos seguintes desagregados por produtos, obtidos da contabilidade específica que se estableceu con base no artigo 66 deste real decreto:

a) A cantidade de produto apto para transformación recibida por cada lote e por cada un dos contratos, así como a cantidade de produto recibida á marxe dos contratos.

b) As cantidades de zume obtidas, desagregadas en función do grao de concentración, expresado en graos Brix, especificando as cantidades obtidas a partir de lotes entregados en virtude dos contratos.

c) O rendemento medio da materia prima en zume, expresado en peso, e a concentración dese zume, expresada en graos Brix.

d) As cantidades de cuarteiróns obtidas, especificando as cantidades obtidas a partir dos lotes entregados en virtude dos contratos.

e) As existencias de cada produto rematado que se atopan en almacén o 31 de marzo e o 30 de setembro.

As cantidades indicadas expresaranse en peso neto.

As comunicacións anteriormente mencionadas irán asinadas polo transformador, que certificará así a súa veracidade.

3. Os transformadores porán á disposición da Administración a súa contabilidade específica, establecida con base no indicado no artigo 66 do presente real decreto, para as comprobacións e controis que resulten necesarios.

SECCIÓN 10.^a AXUDA AOS TOMATES PARA TRANSFORMACIÓNArtigo 68. *Obxecto.*

Durante os anos 2009 e 2010 concederáse a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 110 unvícies do capítulo 10 octies do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, para os agricultores produtores de tomates con destino á transformación, sempre que se cumpran as condicións establecidas polas normas comunitarias e nacionais.

Artigo 69. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Os agricultores con plantacións de tomates, que cumpran as condicións que se recollen no seguinte punto, poderanse beneficiar das axudas por superficie establecidas no seguinte artigo.

2. Para ter dereito ás axudas, o agricultor deberá:

a) Destinar á transformación a produción procedente das parcelas declaradas para os efectos desta axuda, amparada mediante un contrato de transformación que terá as características establecidas no artigo 71 deste real decreto.

b) Entregar á transformación un mínimo de 35.000 kg/ha de tomate. No entanto, se o agricultor entrega a súa produción a través dunha OP, o requisito de entrega mínima verificarase para o conxunto dos agricultores incluídos no contrato formalizado entre a devandita OP e un transformador, cando se alcance un rendemento global establecido como cociente entre os quilogramos entregados baixo contrato e a súa superficie total.

c) Identificar na súa solicitude única a entidade a que lle vai realizar as entregas.

Artigo 70. *Contía e límite da axuda.*

1. A contía indicativa da axuda por hectárea será de 1.100 €/ha.

2. O importe final da axuda por hectárea será determinado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 30 de decembro do ano de presentación da solicitude única, dividindo o límite máximo mencionado no número 3 entre o total das superficies determinadas que se obterá das comunicacións efectuadas polas comunidades autónomas, segundo o establecido no artigo 119.1.b) 10.º deste real decreto. Non obstante, o devandito importe non será inferior a 1.100 €/ha para a superficie determinada cuxa produción se destina á fabricación de tomate pelado enteiro, cun límite de 1.300 ha.

3. Os pagamentos desta axuda neste sector e en cada campaña non poderán superar o límite orzamentario de 28.116.500 euros.

Artigo 71. *Forma, contido e data de celebración dos contratos de transformación.*

1. Subscribirase un contrato para a transformación de tomate que deberá levar un número de identificación.

2. Os contratos poderán ser:

a) Un contrato que se celebrará entre:

1.º Parte vendedora, que poderá ser un agricultor ou unha OP.

2.º Parte compradora, que será unha transformadora autorizada.

b) Un compromiso de entrega cando a OP actúe tamén como transformador. Neste caso, cando a OP reciba materia prima de agricultores que non son socios desta para a súa transformación pola OP, deberase forma-

lizar contrato de transformación entre os devanditos agricultores e a OP.

3. Para cada ano do réxime transitorio de axudas a parte vendedora só poderá subscribir un contrato por un tipo de produto elaborado e por transformador.

4. Unha OP poderá contratar cantidades destinadas á transformación producidas por outros produtores distintos aos seus agricultores afiliados, caso en que será necesaria a celebración dun acordo asinado entre o agricultor e a OP.

5. Os agricultores que contraten directamente cun transformador deberán contratar unha superficie mínima de cultivo de 30 hectáreas.

6. Os contratos deberán conter, polo menos, os datos que se indican a seguir:

a) A identificación das partes contratantes. No caso dos compromisos de entrega deberá figurar a identificación da OP.

b) A relación de cada un dos produtores solicitantes da axuda amparados polo contrato e a superficie das súas parcelas das cales procedan os tomates entregados á transformación e que fosen incluídas nas respectivas solicitudes únicas.

c) A cantidade de materia prima que se deba entregar para a transformación.

d) O período en que se realicen as entregas nas fábricas de transformación.

e) A obriga dos transformadores de transformar as cantidades entregadas en virtude do contrato e admitidas á transformación e o compromiso de que as devanditas cantidades non saian da fábrica nin sexan utilizadas para outros fins.

f) O prezo de compravenda da materia prima.

7. Os contratos asinaranse, como máis tarde, o 15 de febreiro de cada ano.

Artigo 72. *Períodos de entrega.*

As entregas de materia prima ás transformadoras realízanse entre o 15 de xuño e o 15 de novembro de cada ano.

Artigo 73. *Presentación dos contratos e xustificación das entregas.*

1. O agricultor que contratase directamente co transformador presentalle o contrato, xunto coa solicitude única, ao órgano competente da comunidade autónoma onde lle corresponda presentala. A devandita autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarllo ao solicitante e ao transformador.

2. A OP presentarlle o contrato subscrito co transformador ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social nos 10 días hábiles seguintes á data da súa formalización. Esta autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarllo á OP e ao transformador.

En caso de modificación dos contratos entregados por un agricultor ou por unha OP, esta poderase presentar ante a autoridade competente até o 31 de maio de cada ano.

3. Os transformadores deberánlle remitir ao órgano competente da comunidade autónoma onde se atope a fábrica de transformación, unha xustificación das cantidades entregadas á transformación baseándose en cada contrato, antes do 1 de decembro de cada ano.

4. A comunidade autónoma receptora dos datos indicados nos puntos anteriores remitirlle á autoridade competente que corresponda a información relativa aos solicitantes que non presentaron a solicitude única no seu ámbito territorial.

Artigo 74. *Solicitudes de autorización dos transformadores.*

1. Os transformadores que están autorizados para a súa participación no réxime de axudas con base no Regulamento (CE) n.º 2201/96 do Consello, do 28 de outubro, que viñeron actuando como tales nalgunha das tres campañas previas á campaña 2008-2009, consideraranse autorizados, igual ca aqueles receptores e transformadores que foran autorizados durante a devandita campaña.

2. Para as novas autorizacións de transformadores que desexen participar no réxime de axudas, os interesados deberán presentar unha solicitude, antes do 15 de decembro do ano anterior ao de presentación da solicitude única, ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal radiquen as súas instalacións.

3. A solicitude de autorización dos transformadores conterá, cando menos, os datos que figuran no anexo XXII deste real decreto e poderá comprender un ou varios anos do período transitorio.

Xunto coa solicitude, os transformadores xustificarán, para cada unha das súas fábricas, a capacidade de transformación por hora do produto e tipo de elaborado correspondente. A acreditación de tales extremos conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo XXIII deste real decreto. Así mesmo, deberanse comprometer a levar unha contabilidade específica que permita obter, cando menos, a información, por tipo de produto elaborado, a que se refire o artigo 75 deste real decreto.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará, antes do 1 de febreiro de cada ano, baseándose na información recibida en virtude do disposto no artigo 119.1.b) 10.º 3, as relacións de transformadores autorizados en cada ano do período transitorio.

Artigo 75. *Requisitos dos transformadores.*

1. En cada ano os transformadores comunicaranlle á autoridade competente a semana en que vaian comezar as operacións de transformación cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes do comezo das operacións de transformación.

2. O 1 de febreiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, como moito, os transformadores de tomates comunicaranlles ás autoridades competentes:

a) A cantidade de materia prima transformada en produtos acabados considerados no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1535/2003 da Comisión, do 29 de agosto, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2201/96 do Consello, no relativo ao réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, desagregada por tipo de produto elaborado e en función dos seguintes conceptos:

- 1.º Cantidade recibida en virtude de contratos.
- 2.º Cantidade recibida á marxe de contratos.

b) A cantidade de produtos acabados obtida a partir de cada unha das cantidades indicadas na letra a).

c) A cantidade de produtos acabados recollidos na letra b) que tivesen en existencias o 14 de xuño, desagregada por produtos vendidos e sen vender.

As cantidades de zume de tomate e de tomate concentrado engadidas a tomates en conserva incluíranse nas cantidades de tomates pelados ou sen pelar.

3. Nas comunicacións sinaladas na letra b) e c) do punto precedente incluíranse as cantidades dos produtos recollidos nos puntos 9, 11, 12, 13 e 14 do artigo 2, do Regulamento (CE) n.º 1535/2003 da Comisión, do 29 de agosto, utilizados para elaborar os produtos definidos no punto 15 do citado artigo.

As cantidades indicadas expresaranse en peso neto.

As comunicacións anteriormente mencionadas irán asinadas polo transformador, que certificará así a súa veracidade.

4. Os transformadores porán á disposición da Administración a súa contabilidade específica, establecida con base no indicado no artigo 74 deste real decreto, para as comprobacións e os controis que resulten necesarios.

SECCIÓN 11.ª AXUDA AOS PRODUTORES DE REMOLACHA AZUCREIRA

Artigo 76. *Obxecto, requisitos e contía da axuda.*

1. Concederáselles unha axuda aos produtores de remolacha azucreira por azucre producido ao amparo de cotas das campañas de comercialización 2009/2010, 2010/2011, 2011/2012, 2012/2013 e 2013/2014. A axuda concederáse en función da cantidade de azucre de cota obtida a partir da remolacha azucreira subministrada conforme os contratos de subministración.

2. As industrias azucreiras deberán levar unha contabilidade específica das entregas para cada agricultor con que teñan establecido un contrato de subministración e responderán da veracidade dos datos de cada entrega.

As industrias azucreiras que transformen remolacha ou cana de azucre mediante contrato para producir azucre de cota enviaranlles aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se sitúe a fábrica azucreira unha relación de todos os produtores e as súas entregas en quilos, expresadas en azucre de calidade corrente, antes dunha data que se determinará. A comunidade autónoma, receptora dos datos anteriores, remitiralle á autoridade competente que corresponda, a información relativa a datos das solicitudes únicas non presentadas no seu ámbito territorial.

3. A axuda será de 48,2481 euros/tonelada de azucre de calidade corrente.

TÍTULO III

Pagamentos ligados e réximes de axuda por gando

CAPÍTULO I

Pagamentos ligados aos produtores de gando ovino e caprino

Artigo 77. *Tipos de primas, contías e límites nacionais.*

Conforme o previsto no capítulo 11 do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, poderanse conceder aos produtores de ovino e caprino os seguintes pagamentos ligados:

- a) Prima por ovella pesada cuxo importe unitario é de 10,50 euros/cabeza.
- b) Prima por ovella lixeira e cabra cuxo importe unitario é de 8,40 euros/cabeza.
- c) Prima adicional por ovella e cabra cuxo importe unitario é de 3,50 euros/cabeza.

Os límites nacionais determinaranse atendendo ao establecido no artigo 67 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro e no capítulo 11 do título IV.

Artigo 78. *Condicións xerais de concesión.*

Para teren dereito ás axudas, os solicitantes deberán:

- a) Ter dispoñible un límite individual de dereitos de prima, de acordo co establecido no Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, que establece normas para a realización de transferencias e cesións de dereito a prima e para

o acceso ás reservas nacionais respecto aos produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices. Este límite non pode ser inferior a 10.

Ademais, o número de animais polo que se presente unha solicitude de prima non poderá ser inferior a 10.

b) Manter na súa explotación, durante un período de retención de 100 días a partir do día seguinte ao último día do prazo de presentación da solicitude, un número de ovellas ou cabras, ao menos igual a aquel polo cal solicítasen a prima e que, como mínimo, teñan un ano de idade ou parisen, o último día do período de retención. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá ser comunicado polo solicitante á autoridade competente.

c) Cumprir coas obrigas derivadas do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

Artigo 79. *Relación de produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella.*

1. As comunidades autónomas establecerán nos 30 primeiros días do período de retención unha relación dos produtores de ovino que comercialicen leite e produtos lácteos de ovella.

2. Esta relación elaborárase a partir das solicitudes presentadas e terá en conta o resultado dos controis realizados, ben como calquera outra fonte de información de que dispoña a autoridade competente, en concreto, os datos obtidos dos transformadores ou os distribuidores acerca da comercialización de leite e produtos lácteos de ovella por parte dos produtores.

Artigo 80. *Prima por ovella e cabra.*

1. O produtor que posúa ovellas na súa explotación poderá, logo de solicitude incluída dentro da «solicitude única», obter a prima por ovella, de acordo coas condicións previstas neste real decreto e na normativa comunitaria.

2. O produtor que posúa cabras na súa explotación poderá, logo de solicitude, obter a prima por cabra, sempre que a súa explotación teña polo menos un 50 por cento da superficie dedicada á agricultura nalgunha das seguintes zonas: Andalucía, Aragón, Illes Balears, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Galicia, con excepción das zonas das provincias da Coruña e Lugo que non se consideran zonas desfavorecidas segundo o Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, Madrid, Rexión de Murcia, La Rioja, Comunidade Valenciana e todas as áreas de montaña, tal como se definen no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, situadas fóra destas rexións.

Para tal efecto, e de conformidade co artigo 71 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, as comunidades autónomas aseguraranse periodicamente de que todas as zonas enumeradas anteriormente seguen cumprindo os criterios sinalados no artigo 113.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

3. O período que se considerará en relación cos produtores de ovino que comercializan leite ou produtos lácteos de ovella é o ano natural correspondente a aquel en que se solicita a prima.

Artigo 81. *Prima adicional por ovella e cabra.*

1. Poderán obter a prima adicional, logo da súa solicitude incluída dentro da solicitude única, os produtores de ovino e caprino cuxa explotación se encontre situada nalgunha das zonas desfavorecidas segundo a definición establecida no Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, sempre que ao menos o 50 por cento

da superficie da súa explotación dedicada á agricultura se sitúe nesas zonas. Ademais, no caso de produtores de cabras, estas zonas desfavorecidas deberán corresponder ás zonas citadas no segundo parágrafo do número 2 do artigo anterior.

2. A prima adicional concederáse tamén, logo da súa solicitude incluída dentro da solicitude única, aos produtores que practicasen a transhumancia como práctica tradicional nos dous últimos anos, sempre que:

a) Polo menos o 90 por cento dos animais polos que se solicita a prima paza durante 90 días consecutivos nunha das zonas definidas no número 1.

b) A sede da súa explotación estea situada nunha das zonas establecidas no anexo XVIII.

CAPÍTULO II

Pagamentos ligados aos produtores de gando vacún

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 82. *Identificación e rexistro do gando.*

Cada animal polo cal se solicite unha axuda deberá estar identificado, rexistrado e dotado do documento de identificación conforme as disposicións do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. A explotación a que pertencen os animais obxecto de axuda deberá cumprir as disposicións establecidas no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, que establece o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

Artigo 83. *Uso ou tenza de substancias prohibidas.*

1. Cando, en aplicación do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, que establece as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, se detecten substancias prohibidas, en virtude do Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias betagonistas de uso na cría de gando, ou substancias utilizadas ilegalmente, nun animal pertencente ao gando bovino dun agricultor, ou cando se encontre unha substancia ou un produto autorizado, pero posuídos de forma ilegal na explotación deste agricultor, en calquera forma, este quedará excluído, durante o ano natural en que se efectúe a comprobación, do beneficio dos importes previstos nas disposicións do presente capítulo, sen prexuízo das responsabilidades de toda índole que puideren derivar, especialmente as previstas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

En caso de reincidencia, o período de exclusión prorrogarase, en función da gravidade da infracción, até cinco anos a partir do ano en que se detectase a reincidencia.

2. En caso de obstrución, por parte do propietario ou do posuidor dos animais, das inspeccións e das tomas de mostras necesarias para a aplicación dos plans nacionais de control de residuos, ben como das investigacións e controis establecidos no Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, aplicaranse as exclusións previstas no número 1.

3. Calquera autoridade que, no exercicio das súas competencias, detecte algunha das anomalías establecidas nos números anteriores, deberá comunicalo ás autoridades competentes da xestión e o control das primas gandeiras da comunidade autónoma onde radique a explotación do agricultor.

SECCIÓN 2.^a PRIMA POR VACA NUTRIZArtigo 84. *Tipos de primas, contía e límites.*

As axudas por vaca nutriz, establecidas no artigo 125 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, son de dous tipos, prima por vaca nutriz cuxo importe unitario base é de 186,00 euros/cabeza e prima complementaria por vaca nutriz cuxo importe unitario é de 22,46 euros/cabeza.

Os límites nacionais determinaránse atendendo ao establecido nos artigos 68 e 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no capítulo 12 do título IV.

Artigo 85. *Prima por vaca nutriz.*

1. O gandeiro que manteña vacas nutrices, logo da súa solicitude incluída dentro da «solicitude única», poderá obter a prima por vaca sempre que reúna os seguintes requisitos:

a) Ter asignado un límite máximo individual de dereitos de prima, de acordo co establecido no Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, que establece as normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos de prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto aos gandeiros de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices.

b) Non ter vendido leite ou produtos lácteos da súa explotación durante os doce meses seguintes á presentación da solicitude ou, se o venden, que teñan unha cantidade de referencia individual, dispoñible na data do 31 de marzo do ano de solicitude da prima, inferior ou igual a 120.000 quilogramos.

c) Respetar o período de retención correspondente, para o cal o produtor deberá ter mantido na súa explotación, durante ao menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices ao menos igual ao 60 por cento do número total de animais polo cal se solicita a prima e un número de xovencas que non supere o 40 por cento do citado número total. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá ser comunicado polo solicitante á autoridade competente na forma en que esta determine.

En caso de que o cálculo do número máximo de xovencas, expresado en forma de porcentaxe, dea como resultado un número fraccionario de animais, este número arredondarase á unidade inferior se é inferior a 0,5 e ao número enteiro superior se é igual ou superior a 0,5.

2. Serán obxecto de axuda as vacas nutrices e as xovencas que pertencen a unha raza cárnica ou procedan dun cruzamento cunha destas razas e que formen parte dun rabaño destinado á cría de becerros para a produción de carne. Para estes efectos, non se considerarán vacas ou xovencas de raza cárnica as das razas bovinas enumeradas no anexo XV do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

3. Cando na explotación se venda leite, para determinar o número de cabezas con dereito a prima, a pertenza dos animais ao censo de vacas leiteiras ou ao de nutrices establecerase mediante a relación entre a cantidade de referencia do beneficiario e o rendemento leiteiro medio para España establecido no anexo XVI do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Non obstante, os produtores que acrediten ante a autoridade competente un rendemento leiteiro superior, poderán utilizar este último para a realización do cálculo.

Artigo 86. *Prima complementaria por vaca nutriz.*

1. Os beneficiarios da prima por vaca nutriz poderán obter unha prima complementaria, para o mesmo número de cabezas.

2. O financiamento desta prima complementaria efectuarase da seguinte forma:

a) Con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) se as explotacións se encontran nalgunha das rexións establecidas na normativa comunitaria para o efecto, en particular, o Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, que establece as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e derroga o Regulamento (CE) 1260/1999 e disposicións de desenvolvemento desa normativa, en concreto, as decisións da Comisión do 4 de agosto de 2006, 2006/595/CE pola que se establece a lista das rexións que poden recibir financiamento dos Fondos Estruturais conforme o obxectivo de converxencia para o período 2007-2013, e a 2006/597/CE pola cal se establece a lista das rexións que poden recibir financiamento dos Fondos Estruturais de forma transitoria e específica conforme o obxectivo de competitividade rexional e emprego para o período 2007-2013.

b) Con cargo aos orzamentos xerais do Estado, que se transferirán ás comunidades autónomas de acordo co disposto no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, se as explotacións se achan noutras rexións.

SECCIÓN 3.^a PRIMAS POR SACRIFICIOArtigo 87. *Tipos de primas, contía e límites nacionais.*

De conformidade co previsto no artigo 130 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, poderanse conceder aos produtores criadores de gando vacún primas por sacrificio de bovinos adultos por un importe unitario de 26,40 €/cabeza e primas por sacrificio de becerros por un importe unitario de 46,50 euros/cabeza.

Os límites nacionais determinaránse atendendo ao establecido nos artigos 68 e 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro e no capítulo 12 do título IV. No caso da prima por sacrificio, a contía correspondente aos pagamentos por aplicación do artigo 69 do citado regulamento descontarase exclusivamente da parte que permanece ligada da citada prima.

Artigo 88. *Condicións de concesión.*

1. Os produtores de gando vacún poderán obter, logo de solicitude, que se integrará dentro da «solicitude única», a prima por sacrificio, cando os seus animais se sacrifiquen no interior da Unión Europea ou se exporten vivos a un país terceiro.

Para poder optar á prima polo sacrificio de animais sacrificados en España, os agricultores deberán presentar, xunto coa solicitude única, unha declaración de participación no réxime de prima por sacrificio, no prazo de presentación de solicitudes previsto no número 2 do artigo 109.

A presentación da solicitude da prima por sacrificio de animais sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea ou exportados vivos a un terceiro país poderán efectuarse nos períodos de presentación de solicitudes establecidos nos números 2 e 3 do artigo 109, nun prazo que non poderá ser de máis dos catro meses seguintes á data do sacrificio ou da exportación de animais vivos a países terceiros.

2. Serán obxecto de subvención os bovinos que, na data de sacrificio:

a) Teñan polo menos oito meses de idade, para obter a «prima polo sacrificio de bovinos adultos», ou

b) Teñan máis de 1 mes e menos de 8 meses de idade e un peso en canal de 185 quilogramos como máximo, para obter a «prima polo sacrificio de becerros». En todo entenderase que cumpren este requisito os animais de menos de seis meses.

Nos demais casos, para a determinación do peso en canal terase en conta a presentación e o procesamento das canais que se describe no anexo XVII.

Se, por circunstancias excepcionais, non é posible determinar o peso en canal do animal, considerarase que se cumpren as condicións regulamentarias sempre que o peso «en vivo» non exceda os 300 quilogramos.

3. Para ter dereito á prima, o período de retención mínimo será de dous meses. Este período de retención deberá ter finalizado no prazo máximo dun mes antes do sacrificio ou dous meses antes da exportación do animal. No caso dos becerros sacrificados antes dos tres meses de idade, o período de retención será dun mes.

4. Cando o número de animais subvencionables supere os límites nacionais previstos, reducirase proporcionalmente o número de animais con dereito a prima de cada produtor.

Artigo 89. *Declaración de participación dos establecementos de sacrificio.*

1. Co fin de simplificar a xestión e facilitar o control das primas por sacrificio, os establecementos de sacrificio autorizados que desexen participar por primeira vez como colaboradores no réxime de primas por sacrificio, deberán comunicar previamente a súa participación á autoridade competente da comunidade autónoma en que estean radicados.

2. A declaración de participación conterà, ao menos, os seguintes extremos:

a) Identificación do establecemento, incluíndo o número de rexistro sanitario e o número de rexistro de explotacións atribuído en virtude do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

b) O compromiso de levar un rexistro, que poderá estar informatizado, relativo aos sacrificios de todos os animais bovinos, que inclúa, como mínimo:

1.º Data de sacrificio.

2.º Números de identificación dos animais, de acordo co establecido no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

3.º Números de identificación das canais, relacionados cos dos animais.

4.º Peso de cada unha das canais dos bovinos de idades comprendidas entre os seis e menos de oito meses.

c) Descrición da presentación e o procesamento habitual das canais dos bovinos de máis de 1 mes e menos de 8 meses que se utiliza no establecemento e o compromiso de realizar a determinación do peso das canais conforme o procedemento descrito no anexo XVII.

d) O compromiso de se someteren aos controis que estableza a autoridade competente e colaboraren na súa realización.

e) Autorización expresa ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para facer pública a relación de establecementos de sacrificio que participan como colaboradores no réxime de primas por sacrificio.

3. O incumprimento dalgún dos compromisos contidos na declaración de participación, ou das obrigas establecidas no artigo 13 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, ou do prazo establecido para a comunicación das baixas ao servidor central da base de datos do sis-

tema de identificación e rexistro dos bovinos, dará lugar á exclusión do establecemento da participación no réxime de primas durante un ano, sen prexuízo das responsabilidades de toda índole que puideren derivar, especialmente as recollidas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Artigo 90. *Proba de sacrificio.*

1. Só se poderán ter en conta, para efectos da prima por sacrificio, os animais que fosen sacrificados en establecementos de sacrificio que comunicasen a súa participación nesas primas e que estean rexistrados conforme o previsto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

2. A comunicación da baixa do animal realizada polo establecemento de sacrificio conforme o establecido no artigo 13 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, terá a consideración de proba de sacrificio. Estas baixas deberán constar no servidor central da base de datos do sistema de identificación e rexistro dos bovinos, nunha data anterior ao pagamento da axuda.

3. Ademais, no caso da prima por sacrificio de becerros e por petición do produtor, o establecemento de sacrificio expedirá unha certificación do peso en canal de cada animal incluído nunha solicitude de axuda, salvo que comunique ese dato á autoridade competente.

Artigo 91. *Concesión da prima ao sacrificio no caso de expedición ou exportación dos animais.*

1. No caso de expedición de animais subvencionables a outro Estado membro da Unión Europea, a prima solicitarase e concederase en España. A proba de sacrificio neste caso consistirá nun certificado emitido polo matadoiro do Estado membro de destino, que conterà as mencións descritas no artigo 121.1.a) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

2. Se os animais son exportados a un país non pertencente á Unión Europea, as condicións serán as mesmas, pero a proba de sacrificio será substituída pola presentación das probas da exportación, tal e como figura no anexo XIV. Para estes efectos as cidades de Ceuta e Melilla serán consideradas como países terceiros.

TÍTULO IV

Pagamentos por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, con base no programa nacional de desenvolvemento da PAC en España

CAPÍTULO I

Pagamentos adicionais no sector do algodón

Artigo 92. *Axuda no sector do algodón.*

1. A axuda concederáselles aos agricultores que entreguen na ripadora un produto de calidade sa, cabal e comercial, exento de restos de plásticos, que cumpra, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Ter unha porcentaxe máxima de humidade do 12 por cento.

b) Ter unha porcentaxe máxima de materias estrañas do 5 por cento.

2. As comunidades autónomas poderán establecer, consonte os criterios do número anterior, varios tramos de axuda, definindo para cada un un importe diferente, ben como outros requisitos complementarios de calidade.

3. As ripadoras que desexen colaborar neste réxime de axudas:

1.º Presentarán, na comunidade autónoma onde radique a súa sede social, unha solicitude de participación. Nela debe figurar o compromiso de levar unha contabilidade material de algodón sen ripar, algodón ripado e subprodutos obtidos, recolléndose a cantidade recibida e o seu contido en humidade e impurezas.

2.º Responderán da exactitude e veracidade das operacións contabilizadas.

3.º Porán ao dispor da administración a súa contabilidade para as comprobacións e controis que resulten necesarios.

4. O algodón sen ripar que entre na ripadora non poderá saír dela salvo causa de forza maior e logo de comunicación á Administración.

Artigo 93. *Cálculo da axuda.*

1. O importe global da axuda será do 10 por cento do límite máximo correspondente a este sector, dentro do límite nacional establecido no artigo 41 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá, unha vez recibidos os datos correspondentes das comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 119, unha axuda unitaria de referencia que será igual para toda a superficie de algodón cuxa produción cumpra os requisitos mínimos establecidos, sen prexuízo de que a comunidade autónoma poida aplicar os criterios de diferenciación mencionados no punto 3 do artigo 92.

2. Antes do 15 de febreiro do ano seguinte ao da solicitude, as ripadoras que participen no réxime de axudas enviarán á autoridade competente da comunidade autónoma en que foi recoñecida, unha relación de todos os produtores que efectuasen entregas en que se recollan, para cada un deles, o total de quilos entregados de cada unha das categorías establecidas pola comunidade autónoma onde radique a explotación do produtor.

CAPÍTULO II

Pagamentos adicionais no sector do tabaco

Artigo 94. *Obxecto.*

Durante o período 2006-2009, os agricultores produtores de tabaco poderán recibir un pagamento adicional para a realización de actividades importantes para mellorar a calidade e a comercialización do tabaco.

O importe total dos pagamentos adicionais determinárase aplicando unha retención do 5 por cento ao límite máximo nacional das axudas desligadas do tabaco, de conformidade co establecido no artigo 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

Artigo 95. *Beneficiarios.*

Poderanse beneficiar desta axuda todos os cultivadores que presenten o seu tabaco, con independencia do grupo de variedades cultivado (I, II, III e IV), a unha agrupación de produtores recoñecida para a súa comercialización pola industria de primeira transformación, e que deberá terse producido segundo as normas de produción e comercialización establecidas pola agrupación, respecto ao cumprimento de boas prácticas agrícolas e dos requirimentos cualitativos determinados polas empresas transformadoras, en virtude dun contrato de cultivo.

Artigo 96. *Requisitos.*

Deberase mellorar a calidade intrínseca do tabaco curado que produce o cultivador e a súa presentación ante as empresas transformadoras, co obxecto de mellorar a súa comercialización e competitividade.

Os requisitos que debe cumprir o tabaco no momento da entrega á empresa de primeira transformación serán os seguintes:

a) Proceder de sementes acreditadas producidas por empresas públicas ou privadas autorizadas, e especializadas no cultivo do tabaco.

b) Utilizar no seu cultivo produtos fitosanitarios autorizados para o tabaco e recomendados polas empresas e industrias do sector.

c) Estar separado por posición foliar, ter sido recolectado no seu estado óptimo de madurez e estar perfectamente curado.

d) Estar libre de materias estrañas sintéticas como plásticos, restos de poliuretano e outras, ben como de materias inorgánicas como pedras, metais, vidro e outras e orgánicas, vexetais e animais.

e) Deberase presentar o tabaco cos contidos de humidade de referencia, por grupo de variedades seguintes: grupo I, 16 por cento; grupo II, 20 por cento; grupos III e IV, 22 por cento; aceptándose unha tolerancia máxima do 3 por cento para os grupos I e IV, e do 5 por cento para os grupos II e III. É dicir, deberase reducir nun 1 por cento os límites máximos dos contidos de humidade de presentación do tabaco establecidos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, para garantir unha mellora na calidade.

Non presentará danos por exceso de humidade, nin terá un exceso de temperatura debido a unha humidade elevada e excesiva presión.

f) O cheiro será o característico dun tabaco no seu óptimo de madurez, propio de cada variedade de tabaco, e deberá estar libre de cheiros estraños (fitosanitarios, fertilizantes, combustibles, lubricantes, fumes e humidade).

g) As distintas formas de presentación do tabaco (fardos, caixas,...), que se pactarán entre as partes, serán homoxéneas e terán as dimensións e pesos establecidos polas empresas de primeira transformación, e virán reflectidas contractualmente. Estarán perfectamente codificadas para permitir a súa rastrexabilidade e garantir a súa integridade, e serán conformes coa lexislación vixente sobre envases e residuos de envases. No caso dos fardos, estarán atados exclusivamente con cordas de orixe vexetal que non estean tratadas quimicamente para evitar residuos indesexables.

Artigo 97. *Importe unitario da axuda adicional.*

1. O importe establecerase por quilogramo de tabaco entregado ás empresas de primeira transformación, que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior. Será uniforme para todos os grupos de variedades e, se for o caso, poderase diferenciar para incentivar a calidade.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá antes do 15 de marzo de cada colleita o importe unitario inicial da axuda e nos 15 días laborables seguintes ao día en que todo o tabaco da colleita en curso fose entregado, o importe unitario final da axuda.

CAPÍTULO III

Pagamentos no sector da remolacha e a cana de azucre

Artigo 98. *Obxecto, requisitos, contía e límites da axuda.*

1. Os agricultores produtores de remolacha azucreira e cana de azucre poderán recibir un pagamento adicional

para a realización de actividades que melloren a calidade da produción que se entregue na industria azucreira para a súa transformación en azucre de cota mediante contrato de fornecemento. Para isto realizarán a súa solicitude no modelo de solicitude única establecido nas comunidades autónomas.

2. A remolacha terá, como mínimo, 13,5 graos polarimétricos e unha porcentaxe de terra, coroa e outros elementos externos incorporados á raíz menor do 25 por cento e a cana de azucre terá, como mínimo, 10,6 graos polarimétricos.

3. A axuda aboarase por tonelada de remolacha e de cana de azucre.

4. As industrias azucreiras deberán levar unha contabilidade específica das entregas para cada agricultor con que teñan establecido un contrato de fornecemento, responderán da veracidade dos datos de cada entrega previstos no número 2 e poranos ao dispor das autoridades competentes.

Antes do 15 de abril seguinte ao ano da solicitude, as industrias azucreiras que transformen remolacha ou cana de azucre mediante contrato para produciren azucre de cota enviarán aos órganos competentes das comunidades autónomas onde se ache a fábrica azucreira unha relación de todos os produtores e as súas entregas en quilos. A comunidade autónoma receptora dos datos anteriores remitirá á autoridade competente que corresponda a información relativa a datos das solicitudes únicas non presentadas no seu ámbito territorial.

5. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá, unha vez recibidos os datos correspondentes das comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 119, unha axuda por tonelada de remolacha e cana de azucre tipo, que será igual para toda a produción que cumpra os requisitos mínimos establecidos.

6. Os pagamentos desta axuda neste sector para as distintas campañas non poden exceder os importes seguintes:

Campañas	Euros
2009/2010	19.743.300
2010/2011 e seguintes	9.620.300

CAPÍTULO IV

Pagamentos adicionais no sector do gando vacún

Artigo 99. *Exclusións e definicións.*

1. Serán excluídos da percepción destes pagamentos aqueles agricultores que incumpran:

a) O establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, que establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Verificarase o cumprimento deste requisito durante o período de retención no caso do pagamento adicional ás explotacións que manteñan vacas nutrices, ou ben, no caso do pagamento adicional aos agricultores de carne de vacún que produzan carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente na data de presentación da solicitude. No caso dos pagamentos adicionais no sector lácteo este requisito verificarase no 31 de marzo de cada ano.

b) O establecido no artigo 83 deste real decreto para efectos de uso ou tenza de substancias prohibidas.

2. Para efectos destes pagamentos adicionais, entenderase como agricultor a título principal o que obtén, ao menos, o 50 por cento da súa renda procedente da actividade agraria durante o último ano dispoñible e cotiza ao réxime especial agrario ou ao réxime de autónomos equi-

valente desde o 1 de xaneiro do ano de solicitude da axuda. Esta última condición manterase vixente, ao menos, até o último día do prazo de solicitude.

SECCIÓN 1.^a PAGAMENTO ADICIONAL ÁS EXPLOTACIÓNS QUE MANTEÑAN VACAS NUTRICES

Artigo 100. *Obxecto, contía e límite.*

1. O obxecto é conceder un pagamento adicional aos agricultores que manteñan vacas nutrices, co fin de incentivar o mantemento de actividades gandeiras ambientalmente beneficiosas, que realicen unha utilización racional dos recursos naturais pacedeiros e conserven o patrimonio xenético do noso gando.

2. O importe total na liña orzamentaria dos pagamentos adicionais ao sector das vacas nutrices será de 47.966.000 euros.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, segundo a información fornecida polas comunidades autónomas tal e como establece o artigo 119, establecerá anualmente un importe unitario para cada tramo de modulación do pagamento adicional por estratos nas explotacións que manteñan vacas nutrices segundo o establecido no artigo 102.

Artigo 101. *Condicións de concesión.*

1. Os pagamentos concederanse aos agricultores polas vacas nutrices que manteñan, teñan ou non dereitos de prima, durante polo menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao de presentación da solicitude. Non se admitirá un número de xovencas superior ao 40 por cento do número total de animais obxecto de subvención.

2. A concesión destes pagamentos estará suxeita a que a carga gandeira da explotación do solicitante non exceda 1,5 UGM por hectárea, dedicada á alimentación dos animais nela mantidos, de acordo coa declaración de superficie forraxeira realizada polo solicitante e calculada segundo o establecido no anexo XIX.

Non obstante, os produtores quedarán exentos da aplicación da carga gandeira cando o número de animais que manteñan na súa explotación e que se deba tomar en consideración para a determinación da carga non exceda as 15 UGM.

Artigo 102. *Modulación do pagamento adicional por estratos do rabaño.*

1. O importe por cabeza modularase proporcionalmente aos efectivos da explotación, do seguinte xeito:

a) Polas primeiras 40 cabezas, cobrarase o pagamento adicional completo.

b) De 41 a 70 cabezas, percibiranse dous terzos do pagamento adicional.

c) De 71 a 100 cabezas, percibirase un terzo do pagamento adicional.

2. En cada rabaño, só polas 100 primeiras cabezas se recibirá axuda.

3. No caso de explotacións asociativas, esta modulación será aplicada por cada agricultor a título principal, na data de finalización do prazo de solicitude. En ningún caso computará para efectos de modulación se algún dos socios da explotación, aínda que sexa agricultor a título principal, percibe xa unha axuda das previstas no real decreto por este mesmo pagamento adicional.

4. Para efectos de aplicar esta modulación, no caso de que o titular das explotacións sexa unha persoa física, poderanse considerar tanto o cónxuxe, como os familiares de primeiro grao tanto por consanguinidade, como por afinidade do titular, sempre que estes sexan agricultores a título principal segundo o establecido no artigo 99.2. En

explotacións familiares, en ningún caso computará para efectos de modulación se algún destes agricultores a título principal percibe xa unha axuda das previstas no real decreto por este mesmo pagamento adicional.

SECCIÓN 2.^a PAGAMENTO ADICIONAL Á PRODUCCIÓN DE CARNE DE VACÚN DE CALIDADE RECOÑECIDA OFICIALMENTE

Artigo 103. *Obxecto, importes e límites.*

1. O obxecto é conceder aos agricultores de carne de vacún un pagamento adicional para incentivar a mellora da calidade e a comercialización da carne de vacún.

2. O importe global máximo que se destinará a estes pagamentos é de 7 millóns de euros.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, segundo a información fornecida polas comunidades autónomas de acordo co establecido nos artigos 104.3, 119 e no anexo XXI, establecerá anualmente a contía do pagamento adicional por cabeza dividindo o montante global dos fondos entre o número de cabezas que cumpran as condicións de concesión do artigo 104, cun máximo de 200 cabezas por explotación.

No caso de cebadeiros comunitarios, o límite máximo de 200 cabezas por explotación para percibir estes pagamentos aplicaráselle a cada gandeiro socio do cebadeiro. Presentarase a documentación necesaria que xustifique a pertenza dos socios ao cebadeiro comunitario. A este respecto, verificarase que os cebadeiros comunitarios cumpren as seguintes condicións:

a) Que teñan entre os seus obxectivos a engorda ou ceba en común dos becerros nados nas explotacións de vacas de cría dos seus socios. Para verificar este extremo, o límite de 200 cabezas por socio para percibir estes pagamentos reducirase ao número de becerros nados das vacas nutrices da explotación, se é un número inferior a 200 cabezas.

b) Que todos os socios que achegan animais á solicitude posúan vacas nutrices e dereitos de prima e soliciten a prima por vaca nutriz no ano civil de que se trate. Os animais dos socios que non cumpren este requisito non se incluírán na modulación adicional do cebadeiro comunitario.

Os socios que figuren nunha solicitude presentada por un cebadeiro comunitario tamén poderán solicitar o pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade a título individual. Porén, o total de animais aboados a un produtor, correspondente á suma das solicitudes individuais e da solicitude presentada polo cebadeiro comunitario, en ningún caso superará o límite de 200 animais. Nestes casos, o produtor deberá indicar na solicitude que presente título individual que é socio dun cebadeiro comunitario que solicitou o pagamento adicional indicando o NIF/CIF do devandito cebadeiro.

Artigo 104. *Condicións de concesión.*

1. O pagamento adicional concederáselles aos agricultores de carne de vacún polas cabezas sacrificadas dentro dalgún dos seguintes sistemas de calidade de carne recoñecidos oficialmente:

- a) Denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas.
- b) Gandaría ecolóxica ou integrada.
- c) Etiquetaxe facultativa da carne que implique uns requisitos superiores aos exixidos na normativa xeral.

2. Soamente se admitirán animais cebados e sacrificados en España, dentro dalgún sistema de calidade de carne recoñecido en España.

3. Para poder realizar o pagamento, os responsables dos pregos de etiquetaxe facultativa, consellos regulado-

res das identificacións xeográficas protexidas ou as entidades que acreditan a produción gandeira ecolóxica comunicarán aos organismos competentes das comunidades autónomas, para estes efectos, antes do 1 de marzo do ano seguinte ao da presentación da solicitude única por parte do produtor, a información necesaria sobre os animais sacrificados durante o ano anterior completo dentro destes programas de calidade de que sexan responsables, segundo os datos mínimos que se especifican no anexo XXI.

SECCIÓN 3.^a PAGAMENTOS ADICIONAIS NO SECTOR LÁCTEO

Artigo 105. *Obxecto, contía e límites.*

1. O obxecto é conceder un pagamento aos agricultores de explotacións de gando vacún leiteiro para favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións de gando vacún do leite, co compromiso do gandeiro de se acoller a un sistema de aseguramento da calidade.

2. O límite orzamentario dos pagamentos adicionais ao sector lácteo será de 19.763.000 euros.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá todos os anos o importe anual do pagamento adicional por cada quilogramo de cota dispoñible no 31 de marzo de cada ano, tendo en conta os seguintes casos:

a) A cota que se considerará será cero, cando o produtor se acollese a un programa de abandono no período que termina o 31 de marzo do ano de solicitude.

b) No caso de transferencias vinculadas á explotación, computará como cota dispoñible a favor do adquirente o total da cantidade obxecto de transferencia.

En todo caso, a cota dispoñible para estes efectos terá un máximo por explotación de 500.000 kg. No caso de explotacións asociativas, o límite de 500.000 kg será modificado en función do número de agricultores a título principal que integren a asociación na data de finalización do prazo de solicitude. A este respecto, en ningún caso se poderá considerar se algún dos socios da explotación, aínda que sexa agricultor a título principal, percibe xa unha axuda das previstas no real decreto por este mesmo pagamento adicional.

Cando o titular da explotación sexa unha persoa física, computarase como agricultor a título principal o cónxuxe e os familiares de primeiro grao tanto por consanguinidade como por afinidade, sempre que estes cumpran o establecido no artigo 99.2. En explotacións familiares, en ningún caso computará para efectos de modulación se algún destes agricultores a título principal percibe xa unha axuda das previstas no real decreto por este mesmo pagamento adicional.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño calculará o importe anual por kg de cota con dereito a pagamento, dividindo o montante global dos fondos entre a cota con dereito a pagamento que sumen todos os solicitantes de cada ano tendo en conta os datos subministrados polas comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 119.

Artigo 106. *Condicións de concesión.*

O pagamento adicional concederáselles aos agricultores con explotacións de gando vacún leiteiro que efectúen entregas de leite e cumpran, na data de finalización do prazo de solicitude, as condicións seguintes:

a) Que presentasen unha declaración de acollerse de forma voluntaria ao sistema de calidade descrito na guía de prácticas correctas de hixiene que se recolle no anexo XX, co fin de alcanzar o seu cumprimento nos aspectos relacionados coas condicións hixiénico-sanitarias da produción de leite nos capítulos do I ao V. En vez

da guía, o gandeiro poderase acoller a calquera sistema que asegure a calidade, sempre que estea aprobado e verificado pola autoridade competente.

b) Non ter sido sancionado por incumprimento da normativa vixente en materia de calidade do leite cru, nos últimos 3 anos anteriores ao ano en que se soliciten as axudas.

c) Non ter sido sancionado, no ano anterior ao ano en que se solicite a axuda, con motivo dun control destinado a comprobar a coherencia entre a capacidade de produción da explotación e as entregas declaradas, no marco do establecido no Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, que regula o réxime da taxa láctea e no capítulo IV do Regulamento (CE) 595/2004 da Comisión, do 30 de marzo de 2004, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003 do Consello do 29 de setembro, que establece unha taxa no sector do leite e os produtos lácteos.

d) Que os agricultores, ou a agrupación a que pertencen, que entregan leite a compradores teñan subscrito, para o ano correspondente á solicitude única, un contrato tipo de subministración de leite de vaca homoloxado, segundo o establecido na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora de contratos tipo de produtos agroalimentarios.

TÍTULO V

Solicitudes, control, compatibilidade, pagamento das axudas e comunicacións

CAPÍTULO I

Solicitudes e declaracións

Artigo 107. *Solicitude única.*

Os agricultores que desexen obter no ano algunha ou algunhas das axudas citadas no artigo 1 deberán presentar unha solicitude única en que se relacionen a totalidade das parcelas agrícolas da explotación, segundo o establecido no anexo XIV, epígrafe I punto 10, relativo á información mínima que debe conter a solicitude única.

Artigo 108. *Contido da solicitude única.*

1. A solicitude única presentarase nos formularios e soportes establecidos para o efecto polas autoridades competentes das comunidades autónomas, e deberá conter como mínimo a información que se recolle no anexo XIV, acompañada, segundo o réxime de axudas que se solicite, da documentación adicional que se indica nos anexos correspondentes.

2. Segundo o establecido no artigo 18.2 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, en función da información que estea ao dispor da autoridade competente, esta decidirá a documentación que presentará o administrado.

Artigo 109. *Lugar e prazo de presentación da solicitude única.*

1. A solicitude dirixirase á autoridade competente da comunidade autónoma en que radique a explotación ou a maior parte da superficie dela e, en caso de non dispor de superficie, onde se encontre o maior número de animais.

2. A solicitude única deberase presentar no período comprendido entre o día 1 de febreiro e o 30 de abril en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Alén do previsto no número anterior, cando a prima por sacrificio se solicite por animais sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea, ou exportados vivos a países terceiros, as solicitudes de primas por sacrificio presentarase nos seguintes períodos do ano de solicitude da prima:

a) Do 1 ao 30 de xuño.

b) Do 1 ao 30 de setembro.

c) Do 1 de decembro ao 15 de xaneiro do ano seguinte.

O ano do sacrificio ou da exportación determinará o ano de imputación dos animais que sexan obxecto dunha solicitude de prima por sacrificio ou pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade.

En caso de presentación da solicitude nalgún dos períodos determinados nas alíneas a) b) ou c), o produtor deberá presentar solicitude única coa declaración de superficies, en caso de as ter, no período xeral de presentación de solicitudes, aínda que non solicite pagamento único nin outras primas.

4. Non obstante o disposto nos números anteriores, admitiranse solicitudes de axudas até 25 días naturais seguintes á data de finalización do prazo establecido, caso en que, e a excepción dos casos de forza maior e circunstancias excepcionais, os importes se reducirán un 1 por cento por cada día hábil en que se exceda esa data. Se o atraso é superior a 25 días naturais, a solicitude considerase inadmisíbel.

5. De acordo co indicado no artigo 21.1 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, a redución mencionada no número anterior tamén será aplicable respecto á presentación de contratos ou declaracións e outros documentos ou xustificantes que sexan elementos constitutivos da admisibilidade da axuda de que se trate, segundo o previsto nos artigos 12 e 13 do citado regulamento.

Artigo 110. *Modificación das solicitudes.*

Os agricultores que presentasen a solicitude única poderán modificala no correspondente a réximes de axuda por superficie, segundo se prevé no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, sen penalización ningunha até o 31 de maio, sen que se admitan modificacións despois desa data.

Artigo 111. *Comunicación de non sementeira.*

Os agricultores que, nas datas límite de sementeira, do 14 de xuño para o tomate destinado á transformación, do 15 de xuño para o millo doce e o cábano para a produción de fibras, do 20 de xuño para o transplante de tabaco e do 30 de xuño para o arroz, non sementasen ou transplantasen, na súa totalidade ou en parte, a superficie dos cultivos citados declarada na súa solicitude de axuda, deberán comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma en que presentaron a solicitude, o máis tardar na data límite de sementeira ou transplante fixada para o cultivo, e na forma seguinte:

a) Os que non sementasen ou transplantasen parte da superficie declarada dos cultivos en cuestión deberán encher o formulario fixado pola correspondente comunidade autónoma, en que se indicarán as parcelas ou a parte delas que non fosen sementadas ou transplantadas, ben como o cultivo de que se trate.

b) Os que non realizasen sementeira ou transplante ningún dos cultivos en cuestión nas superficies declaradas deberán comunicalo, facendo constar os datos mínimos que figuran no anexo XV.

Artigo 112. Superficie mínima por solicitude.

1. A superficie mínima por solicitude do réxime de cultivos herbáceos en conxunto, e para cada un dos réximes específicos establecidos nos capítulos 1, 2, 3, 5, 9 e 10 octies da prima específica á calidade do trigo duro, a prima ás proteaxinosas, a axuda específica ao arroz, a axuda aos cultivos enerxéticos, a axuda para as sementes e a axuda transitoria aos cítricos e tomates destinados á transformación, respectivamente, do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, será de 0,3 hectáreas.

2. Para o réxime de axuda aos froitos de casca, ao algodón, ao oliveiral e ao tabaco e no réxime de pagamento único a superficie mínima será de 0,1 hectáreas.

Artigo 113. Compatibilidade dos réximes de axuda por superficie.

1. As parcelas declaradas para o pagamento dos dereitos de axuda dentro do réxime de pagamento único pódense utilizar para as actividades agrarias expresadas no artigo 15. Por conseguinte, o pagamento dentro de tal réxime é compatible cos pagamentos derivados dos réximes correspondentes ás utilizacións permitidas.

Non obstante, no caso de que a superficie aceptada para a certificación de sementes, e para a cal se solicite a axuda para as sementes, se utilice tamén para xustificar dereitos de axuda dentro do réxime de pagamento único, deducirase do importe da axuda para as sementes o importe da axuda do réxime de pagamento único para a superficie de que se trate, até un límite de 0. Exceptúanse desta dedución as axudas ás sementes de cereais e oleaxinosas relacionadas nos números 1 e 2 do anexo XI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

2. A superficie obxecto dunha solicitude de axuda para os cultivos enerxéticos non é admisible para xustificar os dereitos de retirada no réxime de pagamento único.

3. Tanto a superficie utilizada para cultivar nas terras retiradas da produción produtos non alimentarios como a superficie destinada a produtos con destino enerxético, non é admisible para se beneficiar dos apoios previstos no artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), excepto no referente aos custos de establecemento de especies de crecemento rápido.

4. Nun ano dado, non se poderá presentar respecto a unha parcela agrícola máis dunha solicitude de pagamento por superficie en virtude dun réxime financiado de conformidade coa alínea c) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común e o artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

Non obstante, ademais da compatibilidade do réxime de pagamento único recollida no número 1, considéranse as seguintes compatibilidades establecidas no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro:

a) Prima específica á calidade do trigo duro e pagamento aos cultivos herbáceos, incluído o suplemento de pagamento ao trigo duro.

b) Prima ás proteaxinosas e pagamento aos cultivos herbáceos.

c) Axuda específica ao arroz e axuda ás sementes de arroz.

d) Axuda aos cultivos enerxéticos e pagamento aos cultivos herbáceos.

e) Pagamento aos cultivos herbáceos e ás sementes destes cultivos relacionados no anexo XI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

5. A retirada voluntaria considérase un cultivo dentro do réxime de cultivos herbáceos.

CAPÍTULO II**Control e pagamento das axudas****Artigo 114. Disposicións xerais.**

1. O Fondo Español de Garantía Agraria, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de control para cada campaña.

O plan nacional de control deberá recoller calquera aspecto que se considere necesario para a realización dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo, das solicitudes de axudas. Este plan elaborase de conformidade cos criterios especificados no Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, e no Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro.

2. As comunidades autónomas elaborarán plans rexionais de control axustados ao plan nacional. Os plans rexionais deberán ser comunicados ao Fondo Español de Garantía Agraria.

3. Corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas a responsabilidade dos controis das axudas reguladas neste real decreto. Naqueles casos en que o control dunha solicitude única o leven a cabo dúas ou máis comunidades autónomas, deberanse establecer, entre as administracións implicadas, os mecanismos de colaboración para a súa mellor xestión.

4. Sen prexuízo de calquera disposición específica contida en réximes de axuda concretos, non se efectuará pagamento ningún a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, con vistas a obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

Artigo 115. Superficies e animais con dereito a pagamento.

1. Para efectos do establecemento das superficies e animais con dereito a pagamento teranse en conta, segundo proceda, as disposicións específicas aplicables a cada un dos réximes incluídos no artigo 1, ben como as establecidas no artigo 3 deste real decreto e no Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

2. Os pagamentos correspondentes estarán sometidos ás reducións como consecuencia dos límites orzamentarios e da modulación recollidos nos artigos 4 e 6 deste real decreto.

Artigo 116. Resolucións e pagamento.

1. O outorgamento e pagamento ou a denegación das axudas a que se refire este real decreto corresponde á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a solicitude única.

2. As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), coa excepción da prima complementaria por vaca nutriz, segundo o previsto no número 2 do artigo 86, da loita contra a mosca da oliveira e de parte da axuda aos froitos de casca. Nestes casos, nas resolucións da axuda deberase facer constar a parte da axuda financiada con cargo aos orzamentos do FEAGA e a parte financiada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 117. Períodos de pagamento e anticipos.

1. Con carácter xeral, os pagamentos correspondentes ás axudas incluídas no artigo 1 efectuaranse entre o 1 de decembro e o 30 de xuño do ano natural seguinte.

2. A axuda á pataca para fécula pagaráselles aos agricultores, unha vez entregada a totalidade das cantidades de pataca que corresponden á campaña, dentro dos catro meses seguintes á data en que se presentase a proba de pagamento do prezo mínimo por parte da industria.

3. Os pagamentos do importe adicional da axuda citada no artigo 6.2 efectuaranse, o máis tardar, o 30 de setembro do ano natural seguinte ao ano de presentación da solicitude única.

4. Os anticipos previstos para os réximes de prima por vaca nutriz, axuda ás sementes, axuda á pataca para fécula e axuda ao tabaco aboaranse nos prazos e condicións establecidos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, para cada un deles.

5. Para o réxime de prima por sacrificio de becerros, aboarase un anticipo igual ao 40 por cento do importe correspondente aos animais subvencionables.

6. As axudas ao tabaco e os anticipos, se for o caso, poderanse pagar a través das agrupacións de produtores de tabaco, sempre que conste a autorización expresa e escrita de cada un dos seus membros, se respecte o principio de pagamento integral e o reembolso aos seus membros se realice nun prazo de 30 días contados desde a súa recepción pola agrupación.

Os produtores ou as agrupacións de produtores de tabaco, por demanda explícita dos seus membros e por conta e nome deles, poderán solicitar anticipos das axudas, despois do 16 de setembro e até o 15 de decembro do ano da colleita, polas cantidades de tabaco que poidan entregar, conforme o contrato celebrado, cuxo importe máximo será igual ao 50 por cento das axudas susceptibles de aboamento, estando suxeito á constitución dunha garantía polo dito importe incrementado un 15 por cento. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación a que se refire o artigo 171 quáter quaterdecies 2 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Os anticipos serán aboados aos beneficiarios polos organismos pagadores das comunidades autónomas a partir do 16 de outubro do ano da colleita, dentro dos 30 días seguintes á presentación da súa solicitude e de ter presentado a proba da constitución da garantía correspondente.

Artigo 118. *Devolución dos pagamentos indebidamente percibidos.*

1. No caso de pagamentos indebidos, os produtores deberán reembolsar os seus importes, máis os xuros correspondentes ao tempo transcorrido entre a notificación da obriga de reembolso ao produtor e o reembolso ou a dedución efectivas, de acordo co disposto no artigo 73 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril. O tipo de xuro que se aplique será o da demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. No caso de que os importes para reembolsar sexan iguais ou inferiores a 100 euros, xuros non incluídos, por agricultor e por campaña, poderá non exixirse o reembolso.

3. A obriga de reembolso non se aplicará se o pagamento indebido é consecuencia dun erro da propia autoridade competente ou doutro órgano administrativo e non puidese ser razoablemente detectado polo produtor, excepto nos casos que se indican no número 4 do artigo 73 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

Artigo 119. *Comunicacións das comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a seguinte información:

1. Respecto aos réximes de axuda por superficie:

a) Información xeral.

Antes do 15 de agosto e do 30 de outubro do ano de presentación da solicitude, e antes do 15 de xullo do ano seguinte, a información segundo se establece no artigo 3 número 1 alíneas a), c) e e) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, dos réximes de axuda por superficie indicados nas alíneas b) e c) do número 1 do artigo 1 deste real decreto.

Non obstante, no caso da axuda ao oliveiral, a información establecida ao respecto no artigo 3, número 1, alínea c), epígrafes i) e iv), do mencionado regulamento, deberá ser comunicada polas comunidades autónomas antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude.

Antes do 30 de setembro do ano de presentación da solicitude, as superficies determinadas correspondentes aos réximes de axuda de prima ás proteaxinosas e de axuda aos cultivos enerxéticos, segundo se prevé na alínea b) do artigo 3 número 1 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004.

b) Información específica.

1.º Respecto aos cultivos con destino non alimentario e aos cultivos enerxéticos:

Antes do 31 de agosto do ano de presentación da solicitude, os rendementos representativos establecidos polas comunidades autónomas segundo se dispón nos artigos 26 e 153 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004.

Antes do 15 de setembro do ano seguinte ao de presentación da solicitude, a información de cultivos enerxéticos e cultivos con destino non alimentario a que se refiren os artigos 3 número 1 alínea b) bis e 169 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro de 2004.

2.º Respecto á axuda á pataca para fécula, antes do 15 de xuño do ano seguinte ao de presentación da solicitude, as cantidades de pataca que se beneficiasen da axuda para efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 19.1 do Regulamento (CE) 2236/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1868/94 do Consello, do 27 de xullo de 1994, que establece un réxime de continxentes para a produción de fécula de pataca.

3.º Respecto á axuda ás sementes, tendo en conta o disposto no anexo do Regulamento (CE) 491/2007, da Comisión, do 3 de maio de 2007, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1947/2005 do Consello no que atinxe á comunicación dos datos relativos ás sementes, antes do 1 de novembro do ano da colleita a superficie total incluída na certificación e a colleita calculada; e antes do 15 de setembro do ano seguinte á colleita a cantidade total apanhada e as existencias almacenadas polos comerciantes por xunto ao final da campaña de comercialización.

4.º Respecto ás axudas para o algodón:

Antes do 15 de decembro do ano anterior á presentación da solicitude, a súa proposta sobre as variedades autorizadas, os criterios de superficie admisible, a densidade mínima de plantación e as prácticas agronómicas exixidas.

Antes do 31 de xaneiro do ano da presentación da solicitude, os criterios adoptados a que se refire o número 2 do artigo 48.

Antes do 1 de outubro do ano da presentación da solicitude, os criterios a que se refire o punto 2 do artigo 92.

Antes do 15 de abril do ano de presentación da solicitude, os nomes das organizacións interprofesionais autorizadas ben como a superficie que agrupan, os seus potenciais de produción, nome dos produtores e ripadores que a compoñen e a súa capacidade de ripadura.

Antes do 1 de marzo do ano seguinte ao de presentación da solicitude, a superficie en hectáreas a que se lle recoñeceu o dereito ao pagamento adicional ao algodón.

Para dar cumprimento ao número 3 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, o número total de solicitudes da axuda adicional do algodón presentadas no ano en curso.

Antes do 15 de agosto do ano seguinte ao de presentación da solicitude, o número total de solicitudes aceptadas ao pagamento e o importe pago.

5.º Respecto ás axudas ao tabaco:

Antes do 15 de xaneiro do ano de presentación da solicitude, nome e enderezo dos órganos responsables do rexistro de contratos de cultivo e nome e enderezo das empresas de transformación autorizadas e das agrupacións de produtores recoñecidas.

Antes do 30 de xuño do ano de presentación da solicitude, información relativa aos contratos presentados.

Antes do 15 de xuño do ano seguinte ao de presentación da solicitude, os datos relativos ás entregas realizadas polas asociacións de produtores ou produtores individuais e postas baixo control, correspondente á colleita anterior, correctamente validadas.

Antes do 15 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude, os datos relativos á evolución de existencias dos primeiros transformadores na data do 30 de xuño.

Para dar cumprimento ao número 3 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, o número total de solicitudes da axuda adicional ao tabaco presentadas no ano en curso.

Antes do 15 de agosto do ano seguinte ao de presentación da solicitude, o número total de solicitudes aceptadas ao pagamento e o importe pago.

6.º Respecto á axuda aos froitos de casca, para os efectos do indicado no número 6 do artigo 45, as comunidades autónomas comunicarán, antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, as superficies solicitadas por especies para as cales o titular é agricultor profesional, ben como os remanentes existentes de transferencias anteriores correspondentes á axuda do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

7.º Respecto ao réxime de pagamento único para dar cumprimento ao número 1 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

O máis tardar o 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, o número total de solicitudes do réxime de pagamento único presentadas no ano en curso, ben como o importe total correspondente aos dereitos de axuda cuxo pagamento se solicita e o número total de hectáreas subvencionables.

O máis tardar o 15 de agosto do ano seguinte ao da presentación da solicitude, o número total de solicitudes aceptadas ao pagamento e o importe total correspondente aos pagamentos que se concederon.

8.º Respecto á axuda adicional á remolacha e á cana:

Para dar cumprimento ao número 3 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, o número total de solicitudes da axuda adicional á remolacha e á cana de azucre presentadas no ano en curso.

Antes do 15 de agosto do ano seguinte ao de presentación da solicitude, o número total de solicitudes aceptadas ao pagamento e o importe pago.

Para calcular o importe da axuda adicional á remolacha e á cana de azucre tipo, mencionada no artigo 98, as autoridades competentes remitiranlle ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 30 de abril do ano seguinte ao da solicitude, as cantidades entregadas polos produtores ás industrias azucreiras de remolacha e cana que cumpran cos requisitos establecidos no indicado artigo.

9.º Respecto á axuda transitoria aos cítricos para transformación:

1. Para darlle cumprimento ao indicado no artigo 3.1.e).v. do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro, antes do 15 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, o importe total correspondente aos pagamentos que se concederon.

2. Co fin de establecer os importes finais da axuda, a que se refire o artigo 62.2 deste real decreto, antes do 30 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, as superficies determinadas, por especies, atendendo á desagregación indicada no artigo 62.3.

3. A relación dos transformadores e receptores autorizados e as localidades onde estean situadas as súas fábricas e instalacións respectivamente, antes do 15 de setembro de cada ano. Non obstante, as comunidades autónomas comunicarán as novas autorizacións que se concedan até o 15 de setembro, no prazo máis breve posible desde que sexa efectiva a devandita autorización.

10.º Respecto á axuda transitoria aos tomates para transformación:

1. Para darlle cumprimento ao indicado no artigo 3.1.e).v. do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro, antes do 15 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, o importe total correspondente aos pagamentos que se concederon.

2. Co fin de establecer o importe final da axuda, a que se refire o artigo 70.2 deste real decreto, antes do 15 de decembro do ano de presentación da solicitude única, as superficies determinadas por tipo de produto elaborado.

3. A relación dos transformadores autorizados e as localidades onde estean situadas as súas fábricas, antes do 15 de xaneiro de cada ano.

2. Respecto aos réximes de axuda por gando:

a) Axudas ligadas no sector do vacún.

1.º Antes do 15 de xaneiro, 15 de febreiro e 15 de xullo do ano seguinte, a información prevista no artigo 131 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

2.º A relación dos establecementos de sacrificio do seu ámbito territorial que estean participando como colaboradores no réxime de primas ao sacrificio, notificándonos dez primeiros días do mes as modificacións que se produzan respecto do mes anterior, para garantir a xestión e o control eficaz e que o ministerio poida facer pública a lista de establecementos de sacrificio participantes do conxunto do Estado.

3.º Antes do 1 de xuño, 1 de setembro e 1 de decembro do ano de presentación da solicitude de prima por sacrificio e antes do 1 de marzo do ano seguinte, as comunidades autónomas remitirán unha relación dos animais obxecto de solicitude que fosen sacrificados noutros Estados membros da Unión Europea, agrupados por establecementos de sacrificio, para as solicitudes presentadas, respectivamente, no primeiro, segundo, terceiro ou cuarto períodos de presentación.

b) Axudas ligadas no sector do ovino e caprino.

1.º Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude e do 15 de xullo do ano seguinte, a información prevista respectivamente na alínea a), inciso iii) e alínea e), inciso iv) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

2.º Antes do 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, a información prevista no artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

3.º Unha vez efectuada a avaliación prevista no artigo 80.2 deste real decreto, as comunidades autónomas notificarán, antes do 30 de xuño do ano anterior a aquel a que se vaia aplicar a modificación, as zonas que deixasen de cumprir os criterios a que alude o número 2 do artigo 113 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, ben como outras zonas que poidan cumprir estes criterios e que aínda non figuren no artigo 80.2. No caso destas posibles novas zonas, presentarán unha xustificación detallada da súa proposta.

c) Pagamentos adicionais ao sector vacún.

1.º Para dar cumprimento ao número 3 do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, desagregada para cada modalidade de pagamento adicional:

Antes do 15 de agosto do ano de presentación da solicitude, o número de solicitudes presentadas no ano en curso. Para o pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade, os datos serán provisorios coas solicitudes presentadas até a data.

Antes do 1 de marzo do ano seguinte ao da presentación da solicitude, o número definitivo de solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade presentadas o ano anterior completo.

Antes do 15 de agosto do ano seguinte ao de presentación da solicitude, o número total de solicitudes aceptadas ao pagamento e o importe pago.

2.º Para calcular o importe unitario mencionado no punto 3 dos artigos 100, 103 e 105, as autoridades competentes remitirán a seguinte información ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño:

Antes do 20 de novembro do ano de presentación da solicitude, para o pagamento adicional ao sector lácteo, datos definitivos de solicitudes aceptadas para o pagamento e quilogramos de cota láctea con dereito a pagamento.

Antes do 1 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude, un ficheiro informático conforme a estrutura detallada no anexo XXI, que incluíra os animais sacrificados baixo sistemas de vacún de calidade en cada comunidade autónoma durante o ano anterior completo,

que lles fosen comunicados polos responsables dos pregos de etiquetaxe facultativa, consellos reguladores das identificacións xeográficas protexidas ou as entidades que acreditan a produción gandeira ecolóxica segundo o establecido no artigo 104.3 deste real decreto. Para efectos do pagamento, a partir da información recibida, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño elaborará e remitirá ás comunidades autónomas o ficheiro nacional de animais sacrificados baixo sistemas de vacún de calidade.

Antes do 1 de maio do ano seguinte ao de presentación da solicitude:

Para o pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade, número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.

Para o pagamento adicional ás explotacións que manteñan vacas nutrices, solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento para cada estrato dos mencionados no punto 1 do artigo 102.

3. Respecto ao importe adicional da axuda prevista no artigo 6:

a) Antes do 31 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude, a información necesaria dos beneficiarios que recibisen pagamentos directos, para efectos do previsto no artigo 12.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

b) Antes do 15 de outubro do ano seguinte ao de presentación da solicitude, o importe total da axuda adicional que se concedese, unha vez aplicada, se for o caso, a porcentaxe linear de axuste prevista no artigo citado no parágrafo anterior.

4. Calquera outra información que o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño lles solicite en relación coas axudas reguladas neste real decreto, para os efectos de poder cumprir coas obrigas impostas aos Estados membros sobre información á Comisión Europea.

Disposición adicional primeira. *Integración no réxime de pagamento único dos agricultores que realizaron entregas de uva que foi utilizada para a elaboración de mosto non destinado á vinificación.*

Conforme o establecido no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 479/2008, do Consello, do 29 de abril de 2008, que establece a organización común do mercado vitivinícola, modifica os regulamentos (CE) n.º 1493/1999, (CE) n.º 1782/2003, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 3/2008 e derroga os regulamentos (CEE) n.º 2392/86 e (CE) n.º 1493/1999, establécense as normas básicas para a concesión, a partir da campaña 2009-2010, de dereitos de pagamento único aos agricultores que realizasen entregas de uva que con posterioridade fose utilizada para a elaboración de mosto non destinado á vinificación.

1. Novos beneficiarios do réxime de pagamento único.

a) De acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, poderanse acoller ao réxime de pagamento único os agricultores a que se refire o seu artigo 33.1.a), que realizasen entregas de uva que posteriormente se utilizase para a elaboración de mosto non destinado á vinificación no período de referencia establecido no punto seguinte.

b) Tamén se poderán acoller todos aqueles agricultores que, cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor a que se refire o parágrafo anterior por algunha das circunstancias indicadas no número 10.

c) Así mesmo, serán beneficiarios os agricultores que teñan dereito a recibir dereitos da reserva nacional baseándose no indicado no número 12.

2. Período de referencia.

O período representativo a que fai alusión o punto anterior, de acordo co estipulado no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e que servirá de base para o establecemento dos dereitos de pagamento único aos agricultores que realizasen entregas de uva que posteriormente se utilizase para a elaboración de mosto non destinado á vinificación, será as campañas 2005-2006 e 2006-2007.

3. Admisibilidade ao réxime de pagamento único e solicitude de admisión.

a) Para seren admitidos no réxime de pagamento único, todos os agricultores que non sexan xa perceptores deste, deberán solicitar a súa admisión ao dito réxime no ano 2009, nos prazos e lugares establecidos no artigo 109 deste real decreto.

b) Os agricultores poderán solicitar a admisión ao réxime de pagamento único ao mesmo tempo que soliciten o seu cobramento mediante a solicitude única. Non obstante, aqueles agricultores que non soliciten o cobramento en 2009 deberán solicitar a admisión ao devandito réxime e acreditar, á satisfacción da comunidade autónoma correspondente, que son agricultores segundo a definición do artigo 2.a) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

c) Os agricultores que soliciten dereitos da reserva nacional deberán facelo ao mesmo tempo que presentan a solicitude única.

d) Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, tal e como se detallan no número 9 deste real decreto, non se concederán dereitos definitivos de axuda se non se solicita a admisión ao réxime de pagamento único.

4. Cálculo de dereitos de axuda.

a) O importe de referencia provisional calcularase para os agricultores a que se refire o número 1 desta disposición adicional primeira de conformidade co previsto nos artigos 37 e 40, así como na alínea O do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

b) Os importes de referencia provisionais e definitivos de todos os agricultores acollidos ao réxime de pagamento único estarán afectados polas limitacións e reducións establecidas nos artigos 41 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e demais disposicións aplicables.

c) Os dereitos de axuda de pagamento único provisionais calcularanse de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril. Tras finalizar o período de solicitude de admisión ao réxime de pagamento único en 2009, procederase a calcular os dereitos definitivos baseándose no disposto no Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

d) Aplicaranse os artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril, cando simultaneamente o agricultor iniciase a actividade ou recibise unha herdanza, se atope en situación de forza maior ou circunstancias excepcionais das previstas no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, ou deba recibir dereitos da reserva nacional sobre as mesmas unidades de produción.

e) O importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase multiplicando os dereitos que se lle asignen, calculados segundo se indica a seguir, por 147

euros/ha. O número de dereitos determinarase baseándose na media das hectáreas utilizadas durante o período de referencia para a produción de uva cuxo destino final fose a elaboración de mosto non destinado á vinificación. Para calcular as devanditas hectáreas, en función dos hectolitros totais entregados á transformación en España durante o período de referencia e tendo en conta un rendemento de 38,66 hectolitros por hectárea, determinarase o número total de hectáreas para cada ano do período de referencia, que se distribuirán entre os produtores de viño ou mosto que elaborasen mosto non destinado á vinificación, en función dos hectolitros totais transformados por produtor. Estas hectáreas seranlles asignadas aos agricultores que fixesen entregas de uva a cada produtor de viño ou mosto que elaborase mosto non destinado á vinificación proporcionalmente ás entregas de uva realizadas por cada agricultor que figuren na correspondente declaración de colleita anual realizada durante o período de referencia.

5. Asignación de dereitos de axuda provisionais e definitivos.

a) Antes do 1 de febreiro de 2009 asignaráselles os dereitos provisionais aos agricultores a que fai referencia o punto 1.a) desta disposición adicional primeira.

b) Os dereitos definitivos asignaranse como máis tarde o 31 de decembro de 2009, sempre que:

1.º Tendo asignados dereitos provisionais, presentasen unha solicitude de admisión ao réxime.

2.º Non recibisen asignación provisional, estean recollidos no punto 1.b) desta disposición adicional primeira e que teñan presentado alegacións e a solicitude de admisión ao réxime de axuda para a asignación definitiva de dereitos.

3.º Soliciten dereitos á reserva nacional por se atoparen nalgunha das situacións descritas no número 12 desta disposición adicional primeira e cumpran as condicións para a asignación e presentasen a solicitude de admisión ao réxime de pagamento único para a devandita asignación de dereitos.

6. Comunicacions e actualización de datos.

a) As comunidades autónomas, unha vez que o Fondo Español de Garantía Agraria remita os datos necesarios para tal fin, enviaránlles aos beneficiarios do réxime de pagamento único, definidos no punto 1.a) desta disposición adicional primeira, por calquera das formas posibles que lles permitan o coñecemento dos seus propios datos, incluída a posibilidade de acceso ás bases de datos, unha comunicación de dereitos provisionais relativos á incorporación da elaboración de mostos de uva non destinados á vinificación no réxime de pagamento único, que conteña polo menos a seguinte información:

1.º O importe de referencia establecido con base na incorporación ao réxime de pagamento único dos agricultores que entregasen uva que fose utilizada na elaboración de mosto non destinado á vinificación.

2.º O número de hectáreas establecido con base na incorporación ao réxime de pagamento único dos agricultores que entregasen uva que fose utilizada na elaboración de mosto non destinado á vinificación.

3.º O número e valor dos dereitos de axuda provisionais que se determinen tendo en conta o establecido para tal efecto polo Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

b) Para os efectos desta comunicación, considerarase que a comunidade autónoma competente é aquela en que o agricultor teña asignados os seus dereitos de pagamento único. En caso de ser un novo beneficiario do dito réxime, considerarase a comunidade autónoma onde o agricultor presentase a súa última solicitude única. En caso de que

fose a primeira vez que o agricultor presenta a súa solicitude única, considerarase a comunidade autónoma que comunicase unha maior superficie nos datos dese agricultor que se incorporen nos dereitos provisionais.

c) Aqueles agricultores que estean en desacordo cos datos correspondentes aos dereitos provisionais que se lles comuniquen poderán presentar, ante a autoridade competente, até a data límite de presentación da solicitude única, alegacións e, polo menos, a información contida no anexo XXV deste real decreto, até o día 30 de abril de 2009, mediante a cal se xustifiquen os motivos para un novo cálculo dos dereitos de axuda.

d) Para os efectos de poder calcular os dereitos definitivos, os agricultores que se acollan ao establecido nos artigos 8 a 10 deste real decreto deberánlle comunicar á comunidade autónoma onde presenten a súa solicitude única, nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan nos anexos XXV a XXVIII deste real decreto antes do día 30 de abril de 2009.

e) As comunicacións de modificacións propostas polos agricultores serán verificadas pola autoridade competente e, no caso de se consideraren oportunas, modificaranse os datos do pagamento único.

7. Contratos de arrendamento no ano de asignación dos dereitos de pagamento único derivados da elaboración de mosto de uva non destinado á vinificación.

Nos contratos de arrendamento de terras, de acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, considerarase arrendamento dos novos dereitos de axuda que se establezan como consecuencia da incorporación da elaboración de mosto de uva non destinado á vinificación no pagamento único, con terras, no seu ano de asignación, calquera cláusula dun contrato de arrendamento que preveña a cesión dun número de dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas e cumpra co establecido no número 1 do devandito artigo.

Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

O arrendador solicitará o establecemento dos dereitos de axuda do xeito previsto no artigo 27.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

O arrendatario solicitará o pagamento segundo o previsto no artigo 27.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

As solicitudes de arrendador e arrendatario presentaranse simultaneamente sempre que ambos os dous a teñan que presentar na mesma comunidade autónoma. No caso contrario, a solicitude do arrendatario incluírá unha referencia á do arrendador canto ao nome e apelidos, NIF ou CIF e número de dereitos arrendados.

8. Alegacións á comunicación de dereitos provisionais por agricultores que iniciasen a actividade durante o período de referencia.

Cando un agricultor comezase a actividade agraria durante o período de referencia, deberá realizar a comunicación establecida no punto 6.d) desta disposición adicional primeira, co fin de establecer o importe de referencia, e o número de hectáreas, se for o caso, en función do ano ou anos naturais durante os cales exercese a actividade agraria no período de referencia, e, así mesmo, deberá acreditar que exerceu a actividade agraria desde esa data até o momento da comunicación, salvo algunha das causas de forza maior establecidas no número 9 desta disposición adicional primeira.

Se o agricultor que inicia a actividade agraria no período de referencia se atopa, ademais, nalgunha das condicións establecidas no número 9, ou no número 10.a), ou ben no número 12, desta disposición adicional primeira, asignaráselle as hectáreas e importes de referen-

cia aplicándose o disposto nos artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

9. Alegacións á comunicación de dereitos provisionais por agricultores que se atopen en dificultades excepcionais.

Poderanse acoller ao réxime todos aqueles agricultores cuxa produción, durante algún ano do período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou dificultades excepcionais, conforme o disposto no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

Os agricultores cuxa produción, durante o período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, acontecidos antes do citado período ou durante este, deberán realizar a comunicación establecida no punto 6.d) desta disposición adicional primeira, co fin de calcular o importe de referencia e o número de hectáreas que lle corresponden, en función dos anos do período de referencia non afectados por estes acontecementos. Non se poderá ter en conta a forza maior ou circunstancias excepcionais cando outro titular realizase entregas que se utilizasen para a elaboración de mosto non destinado á vinificación ou solicitase e obtívese outras axudas directas, para a mesma explotación e período.

Consideraranse casos de forza maior ou circunstancias excepcionais os seguintes:

a) Falecemento do agricultor ou desaparición deste.
b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.

c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación. Para se poder acoller a esta alínea deberá existir declaración de zona catastrófica por parte da autoridade competente, na rexión onde estea situada a explotación. En ningún caso se poderán considerar dentro desta alínea circunstancias climáticas anormais acontecidas nunha ou varias campañas.

En caso de que as medidas a que se refire esta alínea cubran todo o período de referencia, establecerase un importe de referencia de acordo con criterios obxectivos e de modo que quede garantida a igualdade de trato entre os agricultores e se evite o falseamento da competencia e do mercado.

10. Alegacións á comunicación de dereitos provisionais por agricultores que realizasen cambios de titularidade.

Os agricultores que, cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación, ou parte dela, dun agricultor dos recollidos no punto 1.a) desta disposición adicional primeira, por algunha das circunstancias indicadas nos seguintes parágrafos, deberán realizar a comunicación establecida no punto 6.d) desta disposición adicional primeira, sen prexuízo do disposto no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e nos artigos 13, 14, 15 e 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

As circunstancias a que fai referencia o punto anterior son as seguintes:

a) Por herdanza real ou herdanza anticipada, de acordo co disposto no artigo 33.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e no 13 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril. Terán consideración de herdanza anticipada, para estes efectos, as xubilacións da actividade agraria en que o herdeiro «inter vivos» sexa un familiar de primeiro grao do titular dos dereitos provisionais.

b) Que se producise un cambio da personalidade xurídica ou da denominación do agricultor, de acordo co establecido no artigo 33.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e no 14 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

c) Que se producisen fusións ou escisións deles, conforme o disposto no artigo 33.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e no artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

d) Que obtivesen unha explotación ou parte dela por compravenda con cesión dos dereitos de axuda conforme o disposto no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

11. Aspectos xerais da reserva nacional.

Á reserva nacional constituída baseándose no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e regulada no artigo 8 deste real decreto, incorporárase o 2,3 por cento dos importes de referencia que se integran no réxime de pagamento único coa introdución neste dos agricultores que realizaron entregas de uva que foi utilizada para a elaboración de mosto non destinado á vinificación, despois de realizar os axustes do artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

12. Acceso á reserva nacional.

En 2009, primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único á elaboración de mosto non destinado á vinificación, os agricultores poderán obter dereitos de pagamento único da reserva nacional, logo de solicitude, até a data límite para a presentación da solicitude única, acompañada da información mínima establecida no anexo XXIX, sempre que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Os agricultores que se atopen nalgunha das situacións especiais a que se refire o artigo 42.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, e especificadas no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril, e que se relacionan a seguir:

1.º Agricultores que reciban terras por mediación de herdanza real ou anticipada dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agraria e que as tivesen arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia de acordo co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril, e que realizen na campaña 2007-2008 entregas de uva a algún dos produtores de viño ou mosto que no período de referencia establecido no número 2 desta disposición adicional primeira elaborasen mosto non destinado á vinificación.

2.º Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes de acordo co disposto no artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

b) Os novos agricultores que iniciasen a súa actividade agraria no sector vitivinícola e que sen ter datos en ningunha das campañas do período de referencia realizen, na campaña 2007-2008, entregas de uva a algún dos produtores de viño ou mosto que no período de referencia establecido no número 2 desta disposición adicional primeira elaborasen mosto non destinado á vinificación. Estes novos agricultores deberán demostrar que exerceron a actividade de forma continuada até o momento da solicitude e que non recibiron axudas directas nin realizaron entregas de uva nos 5 anos anteriores á súa incorporación, de acordo co preceptuado no artigo 42.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

c) Os agricultores cuxas explotacións se atopen situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento suxeitos a algún tipo de intervención pública, no que se refire aos programas de concentracións parcelarias.

Nos supostos previstos no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, da Comisión, do 21 de abril, cando os arrendamentos expiren despois da data límite para a presentación da solicitude ao abeiro do réxime de pagamento único no ano 2009, o agricultor deberá presentar, en todo caso, unha solicitude de admisión ao réxime en 2009, e poderá solicitar o pagamento dos seus dereitos de axuda até a data límite para a presentación de solicitudes ao abeiro do réxime de pagamento único no ano seguinte ao do dito vencemento.

13. Criterios para o cálculo e asignación de dereitos da reserva nacional.

a) Será de aplicación o indicado nos artigos 10.1 e 10.2 deste real decreto.

b) O modo do cálculo dos dereitos e o seu importe, para os agricultores que se atopen nunha situación das especificadas nos puntos 12.a)1.º e 12.b), realizarase mediante a asignación dun importe de 147 €/ha por dereito. O número de dereitos sobre os que se establecerá o devandito importe calcularase tal e como se establece no punto 4.e) desta disposición adicional primeira e dependerá das hectáreas afectadas por cada unha das solicitudes, polas que non se posúan xa dereitos de pagamento único.

c) Nos casos en que o agricultor estea lexitimado para recibir dereitos de axuda en virtude dunha sentenza ou dun acto administrativo firme (punto 12.a)2.º) ou a recibir dereitos de axuda por estar situada a súa explotación en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento suxeitos a algún tipo de intervención pública (punto 12.c), os dereitos calcularanse como establece o artigo 10 deste real decreto.

d) A asignación definitiva dos dereitos procedentes da reserva nacional realizarase segundo o procedemento descrito nos números 7 e 8 do artigo 10 deste real decreto. A data límite para a notificación da asignación definitiva de dereitos aos agricultores será o 31 de decembro de 2009.

Disposición adicional segunda. Excepcións para a campaña 2009/2010 no que respecta á utilización dos dereitos de retirada de terras para os agricultores que presenten a solicitude única en 2009.

Para a campaña 2009/2010 –sementeiras de outono 2008 e primavera 2009–, e non obstante o disposto no artigo 19, no artigo 21.7 e no anexo XIV, epígrafe III, segundo parágrafo do punto 4, os agricultores non estarán obrigados a retirar da produción as hectáreas utilizadas para xustificar dereitos de retirada. Os cultivos que se poderán realizar son os establecidos no artigo 15 deste real decreto.

No caso de se acoller a esta excepción ao realizar a solicitude única, o produtor deberá indicar o número total de dereitos de retirada que xustifica con superficies sementadas.

Disposición adicional terceira. Loita contra a mosca da oliveira.

1. Cualifícase de utilidade pública a loita contra a mosca da oliveira, *Bactrocera oleae*, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, dentro dos límites establecidos polos créditos dispoñibles para estes fins, poderá colaborar coas comunidades autónomas que declarasen a existencia da praga

e establecesen programas de control das súas poboacións, no financiamento dos gastos correspondentes das medidas que se establezan.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia do Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006 e á gandaría para o ano 2005.*

O Real decreto 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axuda comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006 e á gandaría para o ano 2005, manterá a súa vixencia para as axudas á Comunidade Autónoma de Canarias que non teñan aprobado un programa específico de axudas da Unión Europea.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.*

Continuarán vixentes o artigo 14.5 e o capítulo VI, coa excepción da data prevista para a solicitude de autorización das empresas de primeira transformación de tabaco, do Real decreto 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único.*

O Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, será de aplicación nos procedementos en curso, de asignación inicial de dereitos de pagamento único.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1. Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

2. O título II do Real decreto 262/2008, do 22 de febreiro, sobre a integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único e o establecemento de pagamentos transitorios para os sectores de cítricos e tomates enviados á transformación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para adaptar ás exigencias derivadas da normativa comunitaria os seguintes aspectos deste real decreto:

a) Os anexos.

b) As datas que se establecen.

c) A superficie mínima de cultivo de algodón exixida polo artigo 49.1 ás organizacións interprofesionais autorizadas.

d) Os requisitos cualitativos para a concesión dos pagamentos adicionais no sector do algodón, do tabaco e da remolacha e cana azucreira establecidos nos artigos 92, 96 e 98, respectivamente.

e) Os requisitos de recoñecemento das agrupacións de produtores de tabaco exixidos no artigo 58.1.

2. A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá desenvolver os aspectos previstos nos artigos 48.1, 54, 55, 86, 93, 97 e 98, cando así o exixa a normativa comunitaria europea.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 890/2006, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre.*

Inclúese un novo número 4 no artigo 9 do Real decreto 890/2006, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime temporal para a reestruturación do sector do azucre, co seguinte contido:

«4. Malia o anteriormente disposto, e de acordo co establecido no artigo 6.5 do Regulamento (CE) n.º 320/2006 do Consello, as medidas de diversificación poderán non corresponder coas medidas incluídas nos eixes 1 e 3 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, do 20 de febreiro de 2006, caso en que deberán respectar os criterios establecidos no artigo 87.1 do Tratado CE, así como os criterios de subvencionabilidade establecidos nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01).»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Porcentaxes ou importes de axuda que se integran no pagamento único

<i>Liña de axuda</i>	<i>Porcentaxe ou importe</i>
Cereais	75%
Oleaxinosas	75%
Proteaxinosas	75%
Liño (têxtil e non têxtil) e cânabo.....	75%
Suplemento trigo duro	75%
Retirada voluntaria de terras	75%
Retirada obrigatoria de terras	100%
Leguminosas debulladas.....	100%
Arroz	647,70 eur/ha
Oliveiral.....	93,61% (*)
Forraxes desecadas	100%
Pataca para fécula	40%
Lúpulo.....	100%
Tabaco.....	38%
Algodón.....	1.358 eur/ha
Remolacha e cana de azucre.....	90% do importe anual do cadro 1 da letra K do anexo VII do Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003
Melocotóns.....	100%
Peras Williams e Rocha	100%
Ameixas secas.....	100%
Figos secos.....	100%
Uvas pasas moscatel.....	100%
Tomate.....	50%
Elaboración de mosto non destinado á vinificación.....	100%
Vacún de carne.	
Prima especial vacún macho.....	93%
Sacrificio de adultos.....	60%
Pagamento por extensificación.....	93%
Pagamentos adicionais	93%
Ovino e caprino.	
Prima base	50%
Prima complementaria	50%
Pagamentos adicionais	100%
Prima láctea e pagamentos adicionais.....	90%

(*) Para os agricultores cuxo número medio de hectáreas-SIX oleícola durante o período de referencia sexa inferior a 0,3 o coeficiente será do 100 por cento.

ANEXO II

Clasificación de dereitos de axuda de pagamento único

1. En función das súas características:

- Dereitos de axuda normais: os obtidos polos agricultores/gandeiros baseándose nos pagamentos directos recibidos no período de referencia por algún réxime de axuda no cal sexa necesario declarar superficies na súa solicitude de axuda.
- Dereitos de axuda especiais: os obtidos polos agricultores/gandeiros baseándose nos pagamentos directos recibidos no período de referencia única e exclusivamente por algún dos réximes de axuda que se citan no artigo 47 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro.
- Dereitos de axuda por retirada de terras da produción: os obtidos polos agricultores/gandeiros que no período de referencia estiveron obrigados a retirar da produción unha parte das terras da súa explotación.

2. En función da súa orixe:

3. Os produtos enerxéticos e os produtos finais non alimentarios establecidos, respectivamente, no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro de 2003 e no anexo XXIII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, deben ser obtidos como máximo por un terceiro transformador.

4. Toda parte interviniente até a transformación da materia prima nun dos produtos mencionados no punto anterior, comunicará ao órgano competente da comunidade autónoma onde foi autorizado, nun prazo de corenta días hábiles, o nome e o enderezo do comprador da materia prima, ben como a cantidade dela vendida.

5. O transformador notificará a transformación da materia prima recibida á comunidade autónoma onde foi autorizado, mediante a presentación dunha "declaración de transformación".

6. A transformación en produto final deberá realizarse con anterioridade ao 31 de xullo do segundo ano seguinte ao ano de colleita da materia prima por parte do solicitante.

III. Condicións para a autorización, para efectos dos artigos 20 e 38 deste real decreto, dos receptores, primeiros transformadores e solicitantes que queiran utilizar as materias primas na explotación

1. Considéranse autorizados aqueles receptores e primeiros transformadores que viñeron actuando á satisfacción da comunidade autónoma como tales nas tres campañas anteriores.

2. Para as novas autorizacións, de receptores, primeiros transformadores e de solicitantes que queiran utilizar as materias primas na explotación, os interesados deberán solicitálo ante a comunidade autónoma en cuxo territorio estean situadas as súas instalacións, cos seus datos identificativos e cumprir, segundo o caso, os seguintes requisitos:

Os receptores deberán:

- ter capacidade administrativa para operar como receptor, e unha relación contractual con, ao menos, un transformador para a entrega das materias primas, para a súa transformación.

- comprometerse a levar unha contabilidade específica, que conteña para cada materia prima as cantidades compradas con cargo a cada contrato, e vendidas para a súa transformación en virtude deste réxime, con indicación do nome e enderezo do primeiro transformador.

Os primeiros transformadores deberán:

- ter a capacidade de produción adecuada para a fabricación dalgún dos produtos enerxéticos mencionados no número 1 do artigo 24, ou un produto con destino non alimentario segundo se prevé no Regulamento (CE) n.º 1973/2004
- comprometerse a levar unha contabilidade específica, que conteña, para cada materia prima, a seguinte información:

- cantidades compradas con cargo a cada contrato ou, se for o caso, a un "receptor".
- cantidades transformadas e as cantidades e tipos de produtos acabados, coprodutos e subprodutos obtidos a partir delas.
- perdas rexistradas durante o proceso de transformación.
- se for o caso, cantidades destruídas e os motivos de destrución.
- cantidades e tipos de produtos vendidos ou cedidos polo transformador e os prezos obtidos.
- se for o caso, os nomes e enderezos dos transformadores ulteriores.

Para isto, ao solicitar a autorización deberán fornecer a seguinte información:

- Descrición das instalacións industriais e/ou centros de recepción.
- Cadea de transformación que se utiliza.
- Prezos e coeficientes técnicos de transformación previstos.
- O compromiso de levar a contabilidade específica indicada anteriormente

Os solicitantes que queiran utilizar as materias primas na explotación deberán presentar a seguinte documentación:

- Memoria técnica do proxecto de transformación da materia prima na explotación con descrición das instalacións que se van utilizar.
- Compromiso de levar un rexistro co inventario de existencias que permita a rastrexabilidade das colleitas e da transformación na explotación.

3. As autorizacións revisaranse anualmente, e as dos receptores e primeiros transformadores actualizaranse e publicaranse tendo en conta as solicitudes de autorización presentadas antes do 1 de novembro de cada ano.

ANEXO XI

Superficie e subsuperficies de base de arroz

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	Hectáreas
Andalucía	34.795
Aragón	12.017
Illes Balears	50
Castilla – La Mancha	370
Cataluña	20.850
Extremadura	20.486
Rexión de Murcia	400
Navarra	1.580
La Rioja	75
C. Valenciana	14.350
ESPAÑA	104.973

ANEXO XII

Distribución entre as comunidades autónomas dos fondos para o pagamento da axuda ligada ao oliveiral

CC.AA.	Importes máximos (mill €)
ANDALUCIA	68,474
ARAGON	1,769
BALEARIS	0,019
CASTILLA-LA MANCHA	12,054
CASTILLA Y LEÓN	0,203
CATALUÑA	6,005
EXTREMADURA	10,009
RIOJA (LA)	0,071
MADRID	0,821
MURCIA	0,386
NAVARRA	0,130
PAÍS VASCO	0,006
C. VALENCIANA	3,193
ESPAÑA	103,140

ANEXO XIII

I. Disposicións sobre contratos de cultivo no sector do tabaco cru

Requisitos mínimos que deben figurar nos contratos:

- os nomes e enderezos das partes do contrato;
- a variedade e grupo de variedades cubertas polo contrato;
- a cantidade máxima que vai ser entregada;
- a localización exacta onde o tabaco é producido (a superficie de produción estará incluída nunha zona de produción recoñecida e estará definida segundo a súa referencia SIXPAC).
- o prezo de compra acordado por grao cualitativo, excluindo o importe da axuda, os posibles servizos e os impostos;
- os requisitos mínimos acordados por grao cualitativo, cun mínimo de tres graos segundo posición foliar, e unha garantía do produtor de entregar o tabaco cru ao transformador por grao cualitativo segundo eses requisitos de calidade como mínimo;
- un compromiso do primeiro transformador de pagar ao produtor o prezo de compra de acordo co grao de calidade;
- o prazo de pagamento do prezo de compra, que non poderá exceder os 30 días desde a data de entrega;
- o compromiso do produtor de transplantar o tabaco na parcela en cuestión antes do 20 de xuño do ano de colleita. Se o transplante se atrasa desda data, o produtor deberá informar o primeiro transformador e a autoridade competente do Estado membro mediante carta certificada antes desa data, expondo as razóns do atraso e os detalles de calquera cambio de parcela.
- a superficie cultivada

II. Documentación que se debe entregar para a solicitude de recoñecemento dunha entidade como agrupación de produtores de tabaco

- CIF da entidade.
- Memoria que comprenda ao menos:
 - Programa de actuación (normas comúns de produción e comercialización).
 - Descrición dos medios técnicos e humanos con que conte a entidade.
 - Síntese das actividades da entidade.
 - Estatutos que recollan as disposicións establecidas no artigo 58, debidamente actualizados e inscritos no rexistro correspondente.
 - Certificación do rexistro correspondente onde se establezan os cargos de representación da entidade e/ou poder notarial debidamente inscrito no rexistro correspondente.
 - Libro de socios actualizado e dilixenciado. No caso de estar a entidade solicitante composta por entidades xurídicas de base formadas, pola súa vez, por socios produtores, entregaranse tamén os libros de socios das entidades xurídicas de base.

ANEXO XIV**Información mínima que debe conter a solicitude única****I. Información xeral**

1. A identificación do agricultor: NIF ou CIF, apelidos e nome do agricultor e do seu cónxuxe e réxime matrimonial, se for o caso, ou razón social, domicilio (coa rúa ou praza e o seu número, código postal, municipio e provincia), teléfono e apelidos e nome do representante legal no caso das persoas xurídicas, co seu NIF.
2. Os datos bancarios, con indicación da entidade financeira e das cifras correspondentes ao código de banco e ao de sucursal, os dous díxitos de control e o número da conta corrente, cartilla, etc., onde se queiran recibir os pagamentos.
3. Declaración de que o titular da explotación coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas aos réximes de axuda solicitados.
4. Compromiso expreso de colaborar para facilitar os controis que efectúe calquera autoridade competente para verificar que se cumpren as condicións regulamentarias para a concesión das axudas.
5. Compromiso expreso de devolver os anticipos ou axudas cobradas indebidamente, a requirimento da autoridade competente, incrementados, se for o caso, no xuro correspondente.
6. Declaración de que non presentou noutra comunidade autónoma nesta campaña ningunha outra solicitude por estes réximes de axuda.
7. Declaración formal de que todos os datos consignados son verdadeiros.
8. As advertencias contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa vixente.
9. No caso da prima por sacrificio, cando esta se solicite por animais sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea, ou exportados vivos a países terceiros, as solicitudes presentadas nos 3 últimos períodos deben incluír referencia á presentación de solicitude única, que, de acordo co punto 3 do artigo 109, se deberá presentar no período xeral de presentación de solicitudes se o produtor ten superficies.
10. Declaración de todas as parcelas agrícolas da explotación, mesmo aquelas para as cales non se solicite ningún réxime de axuda, indicándose, en todo caso e para cada parcela, o recollido nos puntos 1 a 3 da epígrafe III deste anexo.

II. Declaración expresa do que solicita

1. Deberase indicar expresamente a superficie de cada un dos réximes de axuda polos cales solicita o pagamento.
2. Se se solicita o pagamento único, deberase indicar que se solicita por todos os dereitos que posúa na campaña en cuestión, ou, en caso de non solicitar o pagamento único por todos os dereitos, deberá presentar unha relación identificativa dos dereitos solicitados tendo en conta que, en primeiro lugar, se deberán solicitar os dereitos de retirada e posteriormente o resto de dereitos. Tamén se terá en conta o artigo 11, en que se establece que cando un ano determinado a utilización dos dereitos non sexa do 100 por cento, para os efectos da súa utilización en anos posteriores, consideraranse en primeiro lugar os dereitos xa utilizados con anterioridade.
Cando os agricultores que solicitasen o cobramento do pagamento único por dereitos especiais en campañas anteriores decidan declarar un ou varios deses dereitos de axuda co número de hectáreas correspondente, deberano indicar expresamente na súa solicitude e pasarán, desde ese momento, a considerarse dereitos de axuda normais.
3. A consideración das superficies forraxeiras declaradas para o cálculo da carga gandeira, no caso de solicitar o pagamento adicional ás explotacións que manteñan vacas nutrices.
4. A consideración das superficies de forraje destinada a desecación.

III. Réximes de axuda por superficie

Deberanse declarar todas as parcelas agrícolas da explotación, indicándose en todo caso e para cada unha delas o recollido nos puntos 1 a 4 seguintes e, segundo o réxime de axuda solicitado, indicarse o que proceda do resto de puntos:

1. A identificación realizarase mediante as referencias alfanuméricas do SIXPAC. Non obstante, naqueles termos municipais en que se produzan modificacións territoriais ou outras razóns, debidamente xustificadas, as comunidades autónomas poderán determinar a autorización temporal doutras referencias oficiais.
2. A superficie en hectáreas, con dous decimais.
3. Os réximes para os cales se solicita a axuda.
4. A utilización das parcelas nos seguintes casos: pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, barbeito e tipo deste, lúpulo, froitas e hortalizas, cultivos permanentes, pataca para consumo humano, cultivos ou utilizacións, dos réximes de axuda establecidos nos títulos I, II e IV deste real decreto e no anexo V do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, incluído o "non cultivo" no caso de parcelas declaradas exclusivamente para xustificar dereitos normais de pagamento único.
A utilización da parcela agrícola para xustificar dereitos de retirada unicamente poderá ser algunha das seguintes:
Retirada sen cobertura.
Retirada con cobertura vexetal.
Retirada de cultivo con destino non alimentario.
Cultivo permanente (no caso de parcelas polas que se pagou, en 2003, a axuda como retirada plurianual de 5 anos) (art. 2.2 e art. 6.3 do Regulamento (CE) nº 1251/1999, do Consello, do 17 de maio).
Plantacións de cultivos plurianuais existentes na data de solicitude do ano 2003 (alcachofas, espárragos, amoras e framboesas).
Barbeito ambiental en virtude do disposto no artigo 39 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.
Forestación en virtude do disposto no artigo 43 do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro.
As utilizacións non citadas anteriormente poderanse declarar baixo a epígrafe "outras utilizacións", en varias rúbricas diferentes ou nunha soa.
As comunidades autónomas poderán eximir da declaración explícita das parcelas correspondentes ás utilizacións indicadas no anexo V do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, cando dispoñan desa información no marco doutros sistemas de xestión e control compatibles co sistema integrado.
5. O barbeito ambiental e a repoboación forestal consonte o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, declararanse por separado con indicación de:
 - a) A superficie computable para o cumprimento dos índices comarcais de barbeito para as terras de cultivos herbáceos de secaño no caso do barbeito ambiental.
 - b) A superficie computable para xustificar dereitos de retirada para a campaña correspondente.
 - c) A superficie distinta ás indicadas nos números anteriores.
6. O sistema de explotación: secaño ou regadío, segundo proceda.

7. A variedade sementada cando se trate de trigo duro, arroz, cânabo, algodón e tabaco. No caso de cultivo de millo, deberase indicar se a variedade sementada está modificada xeneticamente ou non.

8. Nas parcelas de retirada con destino non alimentario, ademais da especie cultivada, indícase: o rendemento previsto en quilogramos por cada especie, e no caso do cânabo a variedade e para os cultivos plurianuais, a duración do ciclo de cultivo e a periodicidade previsible de colleita.

Cando en parcelas declaradas como retiradas para xustificar "dereitos de retirada" se cultive a mesma especie que noutras parcelas, polas cales se soliciten pagamentos, deberase indicar na propia solicitude ou no contrato anexo, tamén para estas últimas parcelas, a especie e colleita prevista.

9. No caso das sementes, as especies coa denominación recollida no anexo XI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro.

10. No caso dos froitos de casca, o número de árbores de cada especie.

11. No caso do liño e do cânabo para a produción de fibras:

a) A data de sementeira e a dose de semente utilizada,

b) No caso de se cultivaren distintas variedades de cânabo nunha mesma parcela agrícola, identificación da situación de cada variedade nesa parcela.

12. No caso da axuda ao oliveiral:

a) A categoría a que pertence, das enumeradas no artigo 51 deste real decreto.

b) O número de oliveiras admisibles distinguindo entre as plantadas antes do 1 de maio de 1998 e as plantadas con posterioridade, sempre que sexan de substitución das anteriores, existentes no SIXPAC.

c) O número de oliveiras non admisibles, adicionais plantadas despois do 1 de maio de 1998, existentes no SIXPAC.

d) O número de oliveiras admisibles arrincadas e substituídas, de substitución, desde a solicitude única anteriormente realizada que inclúe a parcela en cuestión. En caso de non estar reflectidos no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela, tanto das arrincadas como das substituídas.

Se as oliveiras de substitución proveñen de oliveiras arrincadas noutra parcela, deberase indicar expresamente a parcela de procedencia e a posición das arrincas se non están reflectidas no SIXPAC.

e) O número de oliveiras admisibles arrincadas e non substituídas desde a solicitude única anteriormente realizada que inclúe a parcela en cuestión. En caso de non estaren rexistradas as arrincas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

f) O número de oliveiras adicionais plantadas despois da solicitude única anteriormente realizada que inclúe a parcela en cuestión. En caso de non estaren reflectidas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

g) O número de oliveiras adicionais arrincadas despois da solicitude única anteriormente realizada que inclúe a parcela en cuestión. En caso de non estaren rexistradas as arrincas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

h) A superficie oleícola admisible de acordo coa información dispoñible no SIXPAC no período de presentación de solicitudes.

13. No caso da axuda aos cítricos para transformación deberase indicar, para cada parcela, a especie cultivada.

14. No caso da axuda aos tomates para transformación deberase indicar, para cada parcela, o tipo de tomate cultivado e o destino da produción.

IV. Réximes de axuda por gando

1. Indicación da comunidade autónoma que tramitou a súa solicitude de axuda o ano inmediatamente anterior.

2. Descrición completa de todas as unidades de produción que constitúen a explotación e nas cales se manterán animais obxecto de solicitudes de axuda ou que deben ser tidos en conta para a percepción destas. Inclúirse referencia expresa ao código de identificación asignado a cada unidade de produción en virtude do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, que establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

3. Para a prima por ovella e cabra, prima por vaca nutriz e prima por sacrificio por animais sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea ou exportados vivos a un país terceiro, declaración do número de animais polo que se solicita a axuda.

Para a prima por sacrificio por animais sacrificados en España, declaración de participación no réxime da prima por sacrificio.

Para o pagamento adicional ás explotacións que manteñan vacas nutrices, o produtor debe solicitar que lle sexa concedida esta axuda polo máximo número de animais que manteña durante todo o período de retención e que cumpran os requisitos.

Para o pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente, o produtor debe declarar a súa petición de solicitar polo número máximo de animais que cumpran os requisitos, autorizando a autoridade competente para poder solicitar aos consellos reguladores ou marcas de calidade a información que considere oportuna.

No caso do pagamento adicional ao sector lácteo, o produtor debe declarar a súa petición de solicitar o pagamento pola cota dispoñible no 31 de marzo do ano de solicitude.

No caso da prima por vaca nutriz e prima por sacrificio por animais sacrificados noutro Estado membro da UE ou exportados a un país terceiro, deberase incluír a relación dos números de identificación dos animais solicitados. No caso da vaca nutriz, débense diferenciar os números de identificación que corresponden a vacas ou a xovencas.

De acordo co que estableza a autoridade competente, a relación citada no parágrafo anterior pódese obviar con base na documentación adicional solicitada no punto 9.b) da epígrafe V deste anexo.

Ademais, de acordo co establecido no artigo 16.3 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, a autoridade competente poderá substituír a relación por separado dos números de identificación, así como a presentación dos DIB, citados nos parágrafos anteriores, pola información contida nas bases de datos.

Na prima por sacrificio por animais sacrificados en España, pagamentos adicionais ás explotacións que manteñan vacas nutrices e pagamentos adicionais á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente, o produtor non debe indicar na solicitude a relación de brincos nin achegar os DIB dos animais polos cales pretende que se lle conceda a prima ou o pagamento adicional.

Malia o anterior, no caso dos pagamentos adicionais á produción de carne de calidade recoñecida oficialmente, o produtor pode achegar, para os efectos informativos, certificado en papel expedido pola marca de calidade, coa relación de brincos dos animais sacrificados para ese solicitante.

Cando sexa de aplicación o artigo 16.3 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, para a prima por sacrificio e prima por vaca nutriz, debe figurar na solicitude a declaración do produtor, afirmando que é consciente de que os animais para os cales se comprobouse que non están correctamente identificados ou rexistrados no sistema de identificación e rexistro, contarán como animais respecto dos cales se detectaron irregularidades, segundo se considera no artigo 59 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, da Comisión, do 21 de abril.

No caso da prima por sacrificio, deberase indicar se se trata dunha solicitude de prima para animais sacrificados en territorio español, sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea ou exportados vivos a países terceiros. Así mesmo, deberase indicar se se solicita prima para animais adultos ou para animais de 1 a menos de 8 meses. Naqueles casos en que, excepcionalmente, o documento de identificación non detalle a data de nacemento por tratarse de bovinos nados antes do 1 de xaneiro 1998, existirá declaración do solicitante respecto de que se trata de animais de máis de 8 meses de idade.

4. Declaración de que os datos da súa explotación corresponden aos contidos na base de datos informatizada ou, en caso contrario, compromiso de comunicar ao órgano competente a rectificación segundo o establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

Declaración de que os datos dos animais do sector vacún corresponden aos contidos na base de datos informatizada, ou en caso contrario, compromiso de comunicar ao órgano competente a rectificación, segundo o establecido no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, que establece un sistema de identificación dos animais da especie bovina.

5. Para a prima por vaca nutriz e prima por ovino e caprino, declaración, se for o caso, respecto da venda de leite ou produtos lácteos procedentes da explotación do solicitante.

6. Para a prima por sacrificio, no caso de exportación de animais vivos a país non pertencente á UE, a solicitude debe incluír nome e enderezo do exportador, relación dos números de identificación dos animais e da súa idade no caso dos nados despois do 1 de xaneiro de 1998 (para os demais, bastará indicar ano de nacemento). No caso dos becerros de máis de seis meses e menos de oito, ademais, a indicación do peso vivo que non poderá superar os 300 quilogramos. A autoridade competente poderá substituír a relación da idade dos animais pola información contida na base de datos de identificación dos animais da especie bovina.

7. Compromisos de:

Notificar os traslados dos animais a outros lugares non indicados na solicitude.

Comunicar as diminucións do número de animais da explotación.

Para a prima por vaca nutriz e prima por ovino e caprino, manter na súa explotación o mesmo número de animais obxecto de solicitude durante o período de retención.

Para a prima por vaca nutriz, manter durante o período de retención como máximo un número de xovencas que non supere o 40 por cento dos animais obxecto de solicitude.

No caso da prima por vaca nutriz, as indicacións e compromisos relativos á cantidade de referencia de leite e produtos lácteos que o agricultor ten asignada conforme o Regulamento (CE) n.º 1255/1999, do Consello, do 17 de maio e, se for o caso, o compromiso de non incrementar a cantidade de referencia asignada, por riba do límite cuantitativo a que se refire a letra b) do artigo 85.1 durante o período de doce meses seguinte á presentación da solicitude. A cota a que se fai referencia é a cota dispoñible na explotación á liquidación da supertaxa na campaña que finaliza o 31 de marzo do ano correspondente.

8. No caso dos pagamentos adicionais no sector de gando vacún, deberase indicar na solicitude o número do DNI/NIF ou do CIF do titular da explotación e de todos os ATP que a integran.

No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís, comunidades de bens e outras persoas xurídicas, débese indicar na solicitude o número de DNI/NIF dos membros que as compoñen.

V. Información e documentación adicional

1. Esbozo das parcelas agrícolas cando o produtor non declare a totalidade dun recinto SIXPAC, excepto no caso de superficies forraxeiras e pastos permanentes de uso común.

2. Compromiso de destino non alimentario para os cultivos incluídos no anexo XXII do Regulamento (CE) n.º 1973/2004, do 29 de outubro, da Comisión.

3. No caso dos froitos de casca, xuntarase á solicitude:

a) Un certificado da organización de produtores acreditativo de que o socio que solicita a axuda está integrado na súa organización, para efectos de xustificar o requisito establecido no artigo 43.2.b) desta disposición.

b) O compromiso do agricultor de realizar, se for o caso, a entrega da súa colleita á organización de produtores citada.

c) No caso de que desexa acollerse ao complemento de axuda do número 5 do artigo 44, deberá xuntar unha declaración do solicitante de ser agricultor profesional.

4. Contrato cun receptor/transformador cando se solicite a axuda aos cultivos enerxéticos.

5. Contrato cun receptor/transformador cando se declarase retirada con destino non alimentario.

6. No caso das sementes, xuntarase copia do contrato de multiplicación que recolla ao menos a información que se indica no anexo XVI, ou unha declaración de cultivo no caso de produción en cultivo directo polo establecemento de sementes, téndose en conta o establecido no artigo 46.1.a) deste real decreto.

7. No caso da axuda específica ao cultivo do algodón, deberá indicar, se for o caso, a organización interprofesional autorizada a que pertence.

8. No caso de axuda ao tabaco, xuntarase copia do contrato de cultivo coa empresa de primeira transformación, de acordo co establecido no artigo 56 deste real decreto ou, no seu defecto, unha referencia ao seu número de rexistro. Así mesmo, indícarase a comunidade autónoma onde se fará entrega da colleita.

9. Réximes de axuda por gando.

a) Libro de rexistro actualizado.

Para a prima por vaca nutriz, deberase xuntar fotocopia da folia en que figuren os datos identificativos da explotación e do propietario e das follas en que figuren as anotacións correspondentes ás vacas e xovencas por que solicita axudas.

Para a prima por ovino e caprino deberase xuntar fotocopia da folia en que figuren os datos identificativos da explotación e do propietario, a folia de balance, ou ben as follas de entradas e saídas, onde figure o total de animais por que se solicita axuda, tal e como establece o Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina.

Non obstante, non será necesario que os agricultores presenten o libro de rexistro cando todas as unidades de produción gandeiras do titular estean radicadas na mesma comunidade autónoma.

b) No caso da prima por vaca nutriz e da prima por sacrificio cando esta se solicite por animais sacrificados noutro Estado membro da Unión Europea, ou exportados vivos a países terceiros, será necesario presentar orixinais ou copias lexibles dos exemplares n.º 2 "para o interesado" dos documentos de identificación dos animais. A autoridade competente poderá decidir que a presentación destes documentos non sexa obrigatoria, cando se aplique o establecido no artigo 16.3 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril.

c) No caso da prima por vaca nutriz, certificado oficial sobre rendemento leiteiro cando sexa necesario.

d) Prima por sacrificio:

Para animais sacrificados en España ou noutro Estado membro:

No caso de animais menores de 8 meses (becerros), e cando o matadoiro non notifique directamente esta información á autoridade competente, certificado expedido polo centro de sacrificio relativo ao peso en canal dos animais incluídos na solicitude de axuda.

No caso de animais sacrificados en España, o certificado mencionado no parágrafo anterior presentarase nun prazo máximo de dez días tras o sacrificio, cando este se efectúe unha vez finalizado o prazo de presentación da solicitude única. Nos demais casos, presentarase xunto coa solicitude única.

Ademais, para animais sacrificados noutros Estados membros, copia compulsada do documento de identificación para intercambios dos animais incluídos na solicitude e certificados do seu sacrificio, conforme o artigo 91 deste real decreto.

Para animais exportados vivos a país terceiro:

Proba da saída do territorio aduaneiro da Comunidade (DUA) e certificado sanitario internacional que conteña unha relación expresa do número de identificación auricular dos animais que foron exportados.

e) Para aqueles produtores de ovino e caprino a que fai referencia o número 2 do artigo 81, documentos que:

1.º Demostren que durante as dúas campañas anteriores efectuaron as operacións de transhumancia.

2.º Indiquen o lugar ou os lugares onde se vai levar a cabo a transhumancia durante a campaña en curso.

f) Pagamentos adicionais no sector vacún:

1. Para acreditar a condición de agricultor a título principal deberase xuntar a seguinte documentación:
 - a) Documentación xustificativa da condición de ATP das persoas declaradas nesta solicitude como tales (alta no REASS desde o 1 de xaneiro do ano de solicitude da axuda e IRPF do último ano dispoñible).
 - b) No caso de que non se trate dunha explotación asociativa, documentación xustificativa da relación de cónxuxe ou familiar de primeiro grao co titular da explotación.
 - c) No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís, comunidades de bens e outras persoas xurídicas:
 - I) Fotocopia da declaración do imposto de sociedades e do de retencións dos rendementos de traballo.
 - II) Documentación que relacione e xustifique o número de membros,
2. En caso do pagamento adicional á produción de carne de calidade, deberase xuntar a inscrición nunha denominación de orixe protexida, gandaría ecolóxica ou integrada ou calquera outra identificación adicional na etiquetaxe, que se refira a determinadas características ou condicións de produción da carne etiquetada ou do animal ou animais de que proceda.
3. No caso do pagamento adicional á mellora da calidade do leite cru, deberase xuntar a aceptación do cumprimento da guía de prácticas correctas de hixiene recollida no anexo XX deste real decreto, ou calquera outro sistema que asegure a calidade, sempre que estea aprobado e verificado pola autoridade competente. O produtor tamén deberá presentar autorización expresa para que a Administración lle solicite, á correspondente Comisión de Seguimento, información relativa á existencia dun contrato tipo de subministración de leite homologado segundo a Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora de contratos tipo de produtos homologados.
10. Contrato cun transformador ou compromiso, cando se solicite o pagamento por superficie de cultivos herbáceos por parte de agricultores produtores de liño e/ou cânabo destinados á produción de fibra.

ANEXO XV

Declaración de non sementeira/transplante

O titular da explotación cuxos datos identificativos persoais se indican a seguir:

Apelidos e nome ou razón social:	NIF ou CIF
Domicilio:	Teléfono:
Código postal/ municipio:	Provincia:
Apelidos e nome do representante legal:	NIF

Declara que:

Contrariamente ao indicado na solicitude única, ano 200....., presentada na data

Non se sementou/transplantou na súa explotación:	<input type="checkbox"/> Cânabo (*) <input type="checkbox"/> Millo doce (*) <input type="checkbox"/> Arroz (*) <input type="checkbox"/> Tabaco (*) <input type="checkbox"/> Tomate para transformación (*)
--	--

..... de de 200..

Asdo.:

(*) Márquese cun "X" a casa que proceda.

..... da Comunidade Autónoma de

.....

ANEXO XVI

Disposicións sobre contratos de multiplicación de sementes:

1. Requisitos mínimos que deben figurar nos contratos:
 - a) Os datos identificativos das partes do contrato e dos seus representantes, se for o caso (nomes, NIF/CIF e enderezos do agricultor multiplicador e da entidade produtora de sementes);
 - b) Especificacións de cultivo das sementes que se van multiplicar cubertas polo contrato:
 1. Especie, variedade e categoría de semente que se vai producir
 2. Ano de colleita
 3. Superficie declarada en ha (con dous decimais)
 4. Localización exacta do cultivo (leira, lugar, termo municipal, provincia, comunidade autónoma)
 5. Referencia SIXPAC da parcela (provincia, municipio, polígono, parcela, recinto)
 6. Número da declaración de cultivo
 7. Estimación de posible colleita bruta en qm (con dous decimais)
 - c) Especificacións da semente utilizada na sementeira cubertas polo contrato:
 1. Datos do produtor
 2. País ou comunidade autónoma de orixe da semente
 3. Número de lote
 4. Categoría da semente
 5. Peso en qm (con dous decimais)
 6. Data de sementeira
 - d) Documentación que se debe xuntar:
 1. Fotocopia da declaración de cultivo. Tendo en conta que a semente que se produza se deberá axustar á normativa vixente para a produción de semente de base ou de semente certificada, segundo corresponda.
 - e) Data e sinatura das partes

ANEXO XVII

Presentación e procesamento das canais de bovinos de máis dun mes e menos de oito

1. A canal presentarase esfolada, eviscerada e sangrada, sen cabeza nin patas, separadas estas á altura das articulacións carpo-metacarpianas e tarso-metatarsianas, co fígado, os riles e a graxa dos riles.
2. O peso canal determinarase:
 - despois do deloiro,
 - en quente, o antes posible despois do sacrificio. De determinarse en quente, aplicarase unha redución do 2 por cento.
3. Se a canal presenta un procesamento diferente ao descrito no número 1, con ausencia de determinados órganos da cavidade abdominal, o peso incrementarase como segue:
 - 3,5 quilogramos polo fígado.
 - 0,5 quilogramos polos riles.
 - 3,5 quilogramos pola graxa dos riles.

ANEXO XVIII

Comarcas de España en que a transhumancia constitúe unha práctica tradicional

Comunidade Autónoma	Provincia	Comarcas		
Andalucía	Almería	Campos Dalías Campos Níjar e Bajo Andárax		
	Córdoba	Campiña Baja		
	Jaén	Campiña Sur		
	Granada	De la Vega		
	Huelva	Andevalo Oriental		
	Málaga	Norte ou Antequera Centro ou Guadalhorce		
	Sevilla	La Vega La Campiña		
Aragón	Huesca	Hoya de Huesca Los Monegros La Litera Bajo Cinca		
	Zaragoza	Egea de los Caballeros Borja Zaragoza		
Castilla y León	León	Tierras de León		
	Palencia	Campos		
	Salamanca	Salamanca		
	Valladolid	Centro		
	Zamora	Campos-Pan		
Castilla-La Mancha	Albacete	Centro		
	Ciudad Real	Campos de Calatrava Pastos		
	Toledo	Talavera		
Cataluña	Barcelona	Alt Penedès Anoia Baix Llobregat Barcelonès Bages Berguedà Garraf Maresme Osona Vallès Occidental Vallès Oriental		
		Girona	Alt Empordà Baix Empordà La Garrotxa La Selva	
		Lleida	La Noguera Pla d'Urgell Segrià Urgell	
		Tarragona	Alt Camp Baix Camp Baix Ebre Baix Penedès Montsià Priorat Tarragonès	
		Extremadura	Badajoz	Don Benito Badajoz
				Rexión de Murcia
		Navarra	Navarra	La Ribera

Comunidade Autónoma	Provincia	Comarcas
Comunidade Valenciana	Castelló Valencia	Bajo Maestrazgo Campos de Liria Sagunto Riberas del Júcar La Hoya de Buñol

ANEXO XIX**Cálculo da carga gandeira**

1. Para efectos do artigo 16.

Para calcular a actividade exercida no período actual e comparala coa do período de referencia, débense ter en conta o total de animais presentes na explotación, excluindo os anos.

O cálculo efectuarase cos seguintes coeficientes de conversión:

- 1.º Vacúns de máis de 24 meses: 1,0 UGM.
- 2.º Vacúns entre 6 e 24 meses: 0,6 UGM.
- 3.º Vacúns até 6 meses: 0,2 UGM.
- 4.º Ovinos e caprinos: 0,15 UGM.
- 5.º Vacas de leite: 1,0 UGM.

2. Para efectos do artigo 101.

A determinación da carga gandeira da explotación farase tendo en conta:

a) O número de animais converterase en unidades de gando maior (UGM) de acordo coas seguintes equivalencias:

- 1.º Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses de idade, vacas nutrices e vacas leiteiras, 1,0 UGM.
- 2.º Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses de idade, 0,6 UGM.
- 3.º Ovinos e caprinos solicitados, 0,15 UGM.

b) A superficie forraxeira, segundo a definición recollida no artigo 2 j).

Para determinar esta carga gandeira, terase en conta a media de seis días, considerando o primeiro día de cada mes do período de retención.

ANEXO XX**Guía de prácticas correctas de hixiene no sector produtor lácteo**

1/ Rastrexabilidade dos animais e do leite

Obxectivos

As prácticas de identificación do rabaño garanten unha rastrexabilidade individual para cada animal desde a súa entrada na explotación até a súa saída.

Permite asegurar o seguimento de calquera bovino desde a súa gandaría de nacemento até o consumidor.

Por outra parte, a identificación dos animais axuda o gandeiro na xestión do seu rabaño (xenética, primas, aspectos sanitarios...).

Un sistema de rastrexabilidade efectivo para o leite constitúe unha ferramenta imprescindible en caso de alerta sanitaria.

1.1 Identificación dos animais

Requisitos

- Cada animal presente na explotación está identificado individualmente mediante unha marca auricular (pendente ou brinco) colocada en cada orella.

Cada animal do rabaño ten un documento de identificación individual actualizado.

Prácticas correctas

- Anótanse todos os movementos de animais no libro de rexistro da explotación.
- Arquivanse o libro de rexistro durante tres anos e o documento de identificación individual de cada animal até a súa saída da explotación.
- Comunícanse todos os movementos de animais á autoridade competente dentro do prazo establecido pola lexislación:
 - Prazo de 7 días para a entrada, a saída ou a morte dun animal,
 - Prazo de 27 días para o nacemento dun animal.
- Colócanse os brincos nun prazo inferior a 20 días despois do nacemento dun animal, e en calquera caso antes de que o animal abandone a explotación en que naceu.
- Despois da morte dun animal, comunícase o feito á autoridade competente nun prazo de 7 días. Restitúese o documento de identificación individual neste mesmo prazo.

1.2 Rastrexabilidade do leite - Letra Q

Requisitos

- Consérvase este rexistro, ben como os recibos de entregas, durante un prazo de tres anos. A explotación e cada tanque e/ou sistema de refrixeración do leite teñen un número de identificación e están rexistrados na base de datos Letra Q.

Prácticas correctas

- Nun rexistro actualizado, anótanse todas as entregas de leite, data e cantidade de leite entregado, o operador de recolla e o código da cisterna de recolla.

Consérvase este rexistro, ben como os recibos de entregas, durante un prazo de tres anos.

2/ Alimentación e auga para os animais

Obxectivos

O gandeiro é responsable da alimentación do seu rabaño. En moitos casos el mesmo produce e conserva unha parte dos alimentos. Para garantir a seguraza do gando e do produto ante o consumidor, débese asegurar transparencia, rastrexabilidade e respecto da normativa.

Os gastos de alimentación constitúen a parte máis importante dos custos de produción. Débese xestionar de forma óptima subministrando aos animais alimentos e auga de calidade e en cantidade adecuadas. Esta práctica ten consecuencias positivas nos resultados técnicos e económicos da explotación.

A correcta alimentación do gando implica a aplicación de coñecementos sobre produción, conservación e características dos alimentos, fisioloxía animal, lexislación, seguraza sanitaria ou benestar animal. A realización desta actividade pon de manifesto o alto grao de profesionalidade que o gandeiro posúe.

2.1 Producción

Requisitos

- Os alimentos producidos na explotación non presentan risco microbiolóxico, químico ou físico para os animais ou para o leite.

Prácticas correctas

- Tómanse as medidas necesarias para asegurar que os alimentos producidos na explotación sexan de calidade adecuada e non conteñan axentes externos contaminantes.
- Se é necesario, realízanse análises dos alimentos producidos na explotación. Arquívanse os resultados destas análises durante o tempo que se utilice o alimento.
- Respéctanse os períodos de supresión dos produtos fitosanitarios ou outros produtos químicos e lodos de depuradora antes de colleitar ou de realizar pastaxe directa polo gando.

2.2 Compra

Requisitos

- Os alimentos comprados non presentan risco microbiolóxico, químico ou físico para os animais ou para o leite.

Prácticas correctas

- Cómpranse pensos só a fabricantes rexistrados.
- En cada compra de alimentos, verifícanse as etiquetas e albarás dos alimentos comprados. En particular, verifícase que sexan pensos para ruminantes e que non conteñan substancias ou produtos non autorizados.
- Se é necesario, realízanse análises dos pensos ou alimentos comprados. Arquívanse os resultados das análises durante o tempo que se utilice o alimento.
- Arquívanse as etiquetas coa composición dos alimentos comprados durante tres anos.

2.3 Almacenamento

Requisitos

- O almacenamento dos alimentos realízase en lugares específicos e de forma adecuada evitando a súa alteración ou contaminación.

Prácticas correctas

- Non se almacenan produtos tóxicos (fitosanitarios, fertilizantes...) no lugar de almacenamento dos alimentos.
- Protéxense os locais de almacenamento dos alimentos de pragas e do aniñamento dos animais.
- Compróbase coa frecuencia adecuada a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase un plan de loita apropiado, que debe estar documentado mediante un plano en que se indique a situación de todas as medidas de control contra pragas, ben como as súas características.
- Almacénanse por separado os alimentos, segundo as especies a que van destinados, co fin de evitar as contaminacións cruzadas entre alimentos.
- Límpanse os almacéns dos alimentos coa frecuencia adecuada.

2.4 Subministración dos alimentos

Requisitos

- As racións están adaptadas ás necesidades fisiolóxicas dos animais.
- Todos os animais poden ter acceso fácil e directo aos alimentos.

Prácticas correctas

- Asegúrase a rastrexabilidade dos alimentos subministrados ao rabaño.
- Nun rexistro anótase a natureza e a orixe dos alimentos subministrados. No caso de alimentos comprados, anótase tamén a data de compra e/ou arquívanse o albará correspondente.
- Consérvanse estes documentos durante o tempo que se utilice o alimento.
- Asegúrase que a cantidade e a calidade dos alimentos e forraxes subministradas aos animais sexan adecuadas con respecto ás súas necesidades fisiolóxicas.
- Rexístrase a composición das racións subministradas aos animais.
- Só se utilizan alimentos autorizados para ruminantes.
- Utilízanse compostos alimenticios de acordo coa lexislación.
- Se se utilizan aditivos para pensos, respéctanse as indicacións da etiqueta.
- Non se administran substancias ou produtos non autorizados aos animais (fariña de carne, activador de crecemento...).
- Non se empregan substancias que poidan transmitir sabores estraños ao leite.
- Non se lle subministran aos animais alimentos en mal estado de conservación ou que presentan un risco para a saúde dos animais ou a calidade do leite.
- Desbótanse os alimentos barolentos.
- Manéxanse os alimentos de forma correcta con maquinaria e utensilios adecuados.
- Límpanse os comedeiros coa frecuencia adecuada para que permanezan en boas condicións de hixiene.

2.5 Auga

Requisitos

- A explotación dispón dun sistema de abastecemento de auga limpa para abeberar os animais. En particular, os valores de concentración de coliformes e de *Escherichia coli* débense encontrar por baixo dos límites legais establecidos.
- Os equipamentos para a subministración de auga están concibidos, construídos e situados de maneira que se reduza ao mínimo o risco de contaminación da auga.
- Todos os animais poden ter acceso fácil e directo á auga para beberen.

Prácticas correctas

- Se a auga das instalacións non provén da rede pública, realízanse polo menos unha vez ao ano análises para controlar os seus valores microbiolóxicos.
- Consérvanse os resultados das análises da auga dos dous últimos anos.
- Límpanse os bebedeiros coa frecuencia adecuada para que permanezan en boas condicións de hixiene.

3/ Estado sanitario dos animais

Obxectivos

O bo estado sanitario do rabaño é a base da prevención de doenzas en xeral e, en particular, axuda a preservar a saúde dos animais e do ser humano. Ademais satisfai o gandeiro.

Trátase de tomar as medidas adecuadas para evitar a difusión de doenzas contagiosas ao persoal da explotación e aos consumidores.

Trátase tamén de evitar a difusión de doenzas contagiosas entre animais da granxa cuxas consecuencias poidan resultar desastrosas para os resultados económicos e zootécnicos da explotación.

Requisitos

- A explotación respecta o programa nacional de erradicación de doenzas: brucelose bovina, tuberculose bovina, leucose enzoótica bovina, peripneumonía contagiosa bovina.
- Para cada movemento de gando, dispónse dunha guía sanitaria ou, se for o caso, dun certificado sanitario actualizado.
- Os animais que cheguen á explotación non proveñen dunha explotación ou dunha zona que estea, por motivos sanitarios, suxeita a unha prohibición ou a unha restrición no movemento de animais.
- A explotación dispón dunha zona apropiada de illamento para os animais doentes ou feridos.
- A explotación dispón de medios adecuados para a limpeza e desinfección.

Prácticas correctas

- Limitase, no posible, a entrada de gando de fóra da explotación e no caso de que se produza, verifícase a súa documentación sanitaria de traslado, o seu documento de identificación e a correspondencia co brinco, notificase o feito á autoridade competente e mantéñense illados os animais nunha zona apropiada polo menos durante unha semana ou até obter resultados dos controis que se lles realicen.
- Séguese os programas de vixilancia e control de zoonose e de axentes zoonóticos establecidos.
- Vixiase regularmente o estado de saúde dos animais e o aspecto xeral do gando, en particular se se aprecian toses ou mucosidade nasal, diarreas ou feces moi moles con febre, femias con inflamacións de ubres, femias con fluxo do aparello xenital.
- En caso de sospeitar unha doenza incluída no programa nacional de erradicación, séguese as disposicións establecidas.
- Notifícaselle a sospeita á autoridade competente e comprométese a seguir a regulamentación vixente.
- Se for necesario, procédese ao illamento dos animais enfermos ou sospeitosos nunha zona apropiada o tempo necesario para comprobar o seu estado sanitario.
- Se for necesario, despois da aparición dunha doenza, realízase unha limpeza e desinfección adecuadas da corte e dos equipamentos.
- Para a limpeza e desinfección, utilízanse só produtos autorizados e séguese as instrucións da etiqueta.
- Almacénanse os produtos de limpeza e desinfección nun lugar seguro.
- Un veterinario realiza polo menos unha vez ao ano unha visita á explotación para valorar o estado sanitario do gando.
- Dispónse dun programa sanitario (datas de vacinación...).
- Tense un plan de diagnóstico e control de mamite.
- Tense un rexistro no cal se inclúen os resultados dos controis sanitarios efectuados aos animais.
- Arquívase este rexistro durante tres anos.

4/ Medicamentos e tratamentos dos animais

Obxectivos

É fundamental a necesidade de transparencia e de rastrexabilidade no uso de medicamentos. Débese garantir a ausencia no leite de residuos de medicamentos, ben como de calquera outra substancia perigosa para o consumidor.

Os animais enfermos deben recibir o tratamento adecuado respectando as receitas prescritas por un veterinario. Desta forma o gañeiro asegura a saúde dos seus animais e a optimización da produción do seu rabaño.

4.1 Almacenamento dos medicamentos

Requisitos

- Os medicamentos están gardados nun sitio seguro e adecuado, ordenados separando os que se poden utilizar en gando en lactación dos que non, e se é posible nunha caixa de primeiros auxilios fechada.
- O acceso ao depósito está limitado aos traballadores con formación, cualificación e/ou experiencia adecuada.

Prácticas correctas

- Almacénanse os medicamentos seguindo as indicacións definidas na etiqueta.
- Os medicamentos están almacenados no seu envase orixinal.
- Identifícanse claramente as medicinas caducadas e sepáranse.
- Almacénanse por separado os medicamentos que están permitidos para vacas en lactación e os que non o están.
- Mantense limpo e en bo estado o equipamento sanitario.

4.2 Tratamento dos animais

Requisitos

- Só os traballadores coa formación, cualificación e/ou experiencia adecuada poden administrar medicamentos e tratamentos aos animais.
- Dispónse de medios para identificar os animais tratados, notificalo a todas as persoas que participen na súa muxidura e poder separar o leite que produzan.

Prácticas correctas

- Aténdese os animais doentes e dáselles o tratamento adecuado.
- Utilízanse medicamentos unicamente cando é necesario.
- Utilízanse só medicamentos autorizados e prescritos por un veterinario. Os medicamentos deben estar acompañados da correspondente receita.
- Séguese estritamente as instrucións da receita ou do prospecto do medicamento.
- Identifícanse os animais en tratamento cun método apropiado e seguro.
- Respéctase escrupulosamente o período de supresión dos medicamentos.
- Cada vez que for necesario, sepárase o leite dos animais en tratamento por un sistema de muxidura adaptado.
- En caso de que exista sospeita de que o leite de vacas en tratamento se mesturou co leite do tanque, actúase en consecuencia para garantir que non posúe concentracións que impidan que o leite entre na cadea alimentaria.
- Anótase nun rexistro a aparición de doenzas nos animais, especialmente as mastites, diarreas con febre e doenzas do aparello xenital con fluxo, ben como os medicamentos ou tratamentos administrados coas datas de administración e os tempos de espera.
- Mantense este rexistro e as receitas arquivados durante tres anos.

5/ Muxidura, almacenamento e calidade do leite

Obxectivos

Perséguese evitar a contaminación do leite durante todas as fases da muxidura e almacenamento. Para as explotacións leiteiras, estas actividades son primordiais para entregar un leite de calidade.

A muxidura é a etapa chave no proceso de produción nunha explotación leiteira. As condicións hixiénico-sanitarias e pautas de muxidura deben garantir a produción dun leite de calidade e unha imaxe de explotación adecuada.

Débense tomar as medidas apropiadas para muxir respectando a saúde das vacas e o seu benestar, ben como garantir boas condicións de traballo para o muxidor.

A leitaría (local de almacenamento do leite) é o enlace da explotación co exterior. O almacenamento do leite débese realizar nas mellores condicións hixiénico-sanitarias.

Débense tomar as medidas adecuadas para evitar que o leite se poida deteriorar durante o seu almacenamento.

5.1 Local de muxidura e leitaría

Requisitos

- O local de muxidura e a leitaría están deseñados e equipados para garantir condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e para protexer o leite contra calquera foco de contaminación.
- Os pisos e as paredes son fáciles de limpar e desinfectar. Os pisos facilitan a evacuación dos líquidos, existe un sistema de drenaxe dos líquidos. Os sistemas de iluminación e ventilación son satisfactorios.
- A leitaría está separada do exterior por medio dunha porta que permita o seu feche. Ten un teito illado e cerrado.
- Os locais de muxidura e de almacenamento do leite están separados de toda fonte de contaminación, como servizos e esterqueiras.
- A leitaría está claramente separada dos locais en que están estabulados os animais e do local en que se moxe.
- Nos locais de muxidura e de almacenamento do leite dispónse dun sistema de fornecemento de auga de consumo humano (auga potable) suficiente.
- Se a auga non provén da rede pública, para os locais de muxidura e de almacenamento do leite dispónse dun sistema de potabilización adecuado e suficiente.
- Os equipamentos para o fornecemento de auga están concibidos, construídos e situados de tal maneira que se reduza ao mínimo o risco de contaminación da auga.
- En particular, o sistema de abastecemento de auga é completamente seguro para impedir a contaminación da auga por produtos tóxicos.
- Garántese un fornecemento de auga quente en cantidade e temperatura suficientes (que alcance ao menos 40° C).

Prácticas correctas

- Elimínanse o lixo e desperdicios de maneira adecuada. Nunca se depositan nin no local de muxidura nin no local de almacenamento do leite.
- Tómanse as medidas apropiadas para evitar a introdución e a presenza de animais danifios e pragas nestes locais.
- Compróbase coa frecuencia adecuada a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase o plan de loita apropiado, que debe estar documentado mediante un plano en que se indique a localización de todas as medidas de control contra pragas, ben como as súas características.
- Non se almacenan produtos químicos, medicamentos ou residuos perigosos no local de muxidura ou na leitería.
- Se a auga das instalacións non provén da rede pública, realízanse análises coa frecuencia adecuada para garantir a súa potabilidade.
- Neste caso, consérvanse os resultados das análises da auga realizadas nos dous últimos anos.
- Límpase o local de muxidura inmediatamente despois de cada muxidura e a leitería polo menos unha vez ao día.

5.2- Materiais, equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite

Requisitos

- Os equipamentos e materiais deben garantir un sistema de muxidura e almacenamento do leite en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas e protexer o leite contra calquera foco de contaminación.
- As superficies dos equipamentos en contacto co leite son fáciles de limpar. Son de materiais lisos, lavables e non tóxicos.
- A regulación da máquina de muxidura (baleiro, pulsación...) está adaptada aos animais.
- O tanque dispón dun dispositivo de medida da temperatura.
- O leite almacenado no tanque debe ter unha temperatura máxima de 8°C no caso de recolla diaria e de 6°C noutros casos. O tanque debe ser capaz de alcanzar esa temperatura nun tempo máximo de tres horas desde o final da muxidura. A temperatura mínima é de 0°C.

Prácticas correctas

- Para todas as operacións de limpeza de equipamentos ou materiais en contacto co leite, utilízase auga de consumo humano.
- Límpase o equipamento de muxidura e o equipamento de refrixeración do leite segundo procedementos establecidos: enxaugadura con auga fría ou morna, lavado con auga quente e deterxente desinfectante alcalino adecuado (segundo as indicacións establecidas polos fabricantes dos produtos empregados canto a concentración, temperatura e tempo de actuación), aclarado final suficiente, escurramento ou drenaxe de todas as partes do equipamento. Coa frecuencia adecuada, elimínanse os depósitos de cal cun produto ácido apropiado.
- Límpase o equipamento de muxidura despois de cada muxidura.
- Realízase a limpeza e desinfección do tanque despois de cada recolla de leite e polo menos cada 48 horas.
- Límpase e desinfectanse os recipientes e materiais que se encontran en contacto co leite, despois de cada muxidura, manténdose adecuadamente protexidos até o seu seguinte uso.
- Utilízanse produtos de limpeza e desinfección recoñecidos e autorizados. Estes produtos están correctamente etiquetados.
- Séguese as instrucións de uso para os produtos químicos e respéctase unha rutina de limpeza establecida de tal modo que non haxa risco de que o produto de limpeza ou desinfectante utilizado se mesture co leite ou o poida contaminar.
- Arquivanse todas as fichas técnicas e de seguranza dos produtos utilizados.
- Mantéñense en boas condicións de uso e hixiénico-sanitarias os equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite respectando as normas do fabricante.
- Renóvanse as pezas que sofren deterioración co uso, como mamadeiras e tubos elásticos, segundo as indicacións do fabricante, conservando as facturas ou albarás, coas súas especificacións técnicas e a data da súa instalación polo menos até a súa reposición.
- Asegúrase diariamente o bo funcionamento do equipamento de muxidura.
- Compróbase diariamente o bo funcionamento do tanque, en particular o tempo que tarda en atinxir a temperatura de refrixeración e o mantemento desta.
- Polo menos unha vez ao ano un técnico autorizado realiza unha revisión completa dos equipamentos de muxidura e de refrixeración do leite.
- Consérvanse as fichas de revisión dos equipamentos asinadas polo técnico até a súa actualización, ben como os xustificantes das posibles reparacións realizadas.

5.3 Muxidores

Requisitos

- Os muxidores cumpren as normas de hixiene canto a actitudes, hábitos e comportamentos.
- Os muxidores teñen unha formación adecuada en hixiene alimentaria.
- Os muxidores dispoñen de instalacións para traballar en condicións de hixiene apropiadas.

Prácticas correctas

- Móxese segundo un plan establecido víxiando protexer o leite contra calquera foco de contaminación.
- As persoas que padecen doenzas contaxiosas non moxen.
- O muxidor lava as mans e brazos con auga potable antes de cada muxidura e cada vez que sexa necesario durante o proceso de muxidura.
- O muxidor usa roupa limpa para muxir.
- Non se pode proceder á muxidura con feridas abertas.
- Non se pode fumar, beber, comer... durante a muxidura.
- Un responsable recibe cursos periodicamente e transmite a información aos demais.
- Lévese un rexistro actualizado dos muxidores.

5.4 Pautas de muxidura

Requisitos

- A muxidura realízase segundo procedementos establecidos, respectando as necesidades fisiolóxicas e protexendo a saúde dos animais.
- A muxidura realízase en condicións hixiénico-sanitarias adecuadas.
- A rutina de muxidura garante poder detectar leite anormal.

Prácticas correctas

- Realízase cada paso da rutina de muxidura con coidado e sen traumas para a vaca.
- Utilízase un sistema adecuado e seguro para separar o leite non apto para o consumo humano (leite de animais doentes ou en tratamento).
- Antes de empezar a muxidura:
 - Verifícase que os animais non presenten síntomas de doenzas contaxiosas transmisibles ao home, que non poidan transmitir ao leite características organolépticas anormais, que estean en bo estado de saúde xeral, que non presenten ningunha ferida no ubre.
 - Verifícase a limpeza dos animais, en particular dos ubres.
 - Obsérvase e apálpase o ubre para detectar posibles signos de mamite.
 - Os tetos pódense lavar con auga tibia e secar con toallas individuais ou límpase con toallas impregnadas nunha solución desinfectante para cada vaca. Para isto, só se utilizan produtos de desinfección autorizados.
 - Contrólase o leite de cada animal. Obsérvase en particular a presenza de coágulos, fibras ou augamento do leite.
 - Elimínanse os primeiros chorros de leite.
- Colócanse as mamadeiras con precaución e practícase unha muxidura rápida e completa, evitando as "sobremuxaduras".
- Retíranse as mamadeiras de forma correcta, sempre despois de cortar o baleiro.
- Inmediatamente despois do muxidura, pulverízanse os tetos cun desinfectante autorizado, seguro e efectivo.
- Téntase evitar que as vacas se deiten inmediatamente despois da muxidura.

5.5 Calidade do leite

Requisitos

- O leite cumpre con requisitos legislativos para xermes, células somáticas, punto crioscópico e ausencia de residuos de antibióticos.

Prácticas correctas

- Cada mes recóllese ao menos dúas mostras de leite para a súa análise.
- Os resultados das análises utilízanse como indicadores para actuar sobre:
 - Concentración de xermes: limpeza das instalacións e o gando ou a limpeza e funcionamento do sistema de muxidura e almacenamento do leite.

- Concentración de células somáticas: situación de mamite do rabaño, estado das instalacións (camas), muxidura (baleiro), contaxios.
 - Punto crioscópico: limpeza e funcionamento do equipamento de muxidura.
 - Ausencia de residuos de antibióticos: funcionamento do sistema de identificación, notificación e separación do leite de animais tratados.
- En caso de realizar control leiteiro, os resultados individuais das células somáticas de cada vaca utilízanse como indicador do estado sanitario do seu ubre e para realizar posteriores revisións (test California de mamite, mostras por cuarteiróns e cultivos).
 - Mantense un rexistro actualizado cos resultados das análises das mostras de leite realizadas.
 - Arquívase este rexistro durante tres anos.

6/ Ambiente

Obxectivos

A sociedade está moi sensibilizada coa conservación do ambiente e evitar a contaminación.

O almacenamento e a utilización de produtos químicos e de residuos constitúen a principal fonte de contaminación potencial nunha explotación gandeira. Convén tomar todas as medidas para evitar posibles problemas de contaminación.

Utilizar o xurro, esterco, produtos fitosanitarios e fertilizantes respectando boas prácticas permite ao gandeiro optimizar os custos de produción da súa explotación. Así, poden mellorar os seus resultados técnicos.

O contorno da explotación debe estar ben conservado porque é un elemento esencial para a imaxe do gandeiro tanto para os seus clientes e os seus fornecedores como para o resto da sociedade.

6.1 Almacenamento e utilización dos produtos químicos, produtos fitosanitarios, fertilizantes e produtos zoonosanitarios

Requisitos

- Os produtos fitosanitarios e fertilizantes están almacenados nun lugar específico.
- Os pesticidas, fertilizantes e outros produtos fitosanitarios utilízanse segundo os principios dunha agricultura respectuosa co ambiente.
- O persoal que manipula estes produtos ten formación, cualificación e/ou experiencia adecuadas.

Prácticas correctas

- Almacénanse os produtos fitosanitarios nun lugar seguro, ben ventilado e iluminado e, se é posible, fechado.
- Para o almacenamento dos produtos químicos tense en conta a contaminación potencial dos cursos de auga e do solo.
- Utilízanse produtos químicos autorizados, rexistrados, correctamente etiquetados e almacenados no seu envase orixinal.
- Consérvanse mentres continúe a súa utilización as etiquetas e albarás dos produtos químicos utilizados.
- Non se fornecen nutrientes en cantidade superior ás necesidades da planta. Sempre que sexa posible, aplícase o fertilizante cando o cultivo máis o necesita.
- Dispónse da información suficiente sobre o tipo de produto máis adecuado, ben como sobre as cantidades recomendadas.
- Se é necesario, realízanse análises de terra.
- Non se aplican fertilizantes nunha franxa de 5 a 10 metros de distancia das beiras de cursos de auga. Non se aplican fertilizantes nunha franxa entre 30 e 50 metros arredor dos pozos de auga ou das pozas onde beben animais.
- Utilízanse e dosifícanse os produtos fitosanitarios, tendo en conta o estado dos cultivos. Dispónse da información suficiente sobre o tipo de produto máis adecuado ben como sobre as cantidades recomendadas.

6.2 Almacenamento e utilización do xurro e do esterco

Requisitos

- A capacidade e os sistemas de almacenamento do xurro e do esterco son adecuados.

Prácticas correctas

- Sempre que sexa posible, o xurro e o esterco procedentes do gando utilízanse como fertilizantes naturais. Neste caso, tómanse as mesmas precaucións que co fertilizante químico.
- Para o espallamento do xurro e do esterco, respéctase o código de boas prácticas agrarias para a protección da auga.
- Almacénanse o xurro e o esterco evitando que se produzan lixiviados.
- Canálizanse e manéxanse adecuadamente os residuos líquidos (verteduras...) para evitar unha contaminación cruzada da auga.
- No caso particular de que se utilicen lodos de depuradora, contrólase e rexístrase o seu uso. Dispónse da documentación adecuada (proceso de tratamento, composición dos lodos) para os lodos espallados sobre os seus terreos.
- Nos casos necesarios, tense un rexistro actualizado de fertilizantes, de espallamentos e tratamentos fitosanitarios.

6.3 Envases baleiros e produtos caducados

Requisitos

- Os envases baleiros e produtos caducados elimínanse adecuadamente.

Prácticas correctas

- Almacénanse os envases baleiros e produtos caducados nun lugar seguro.
- Non se volven utilizar envases baleiros de produtos químicos.
- Recóllese os envases baleiros con precaución, xestiónanse como residuos perigosos e lévanse até o punto de recolla autorizado máis próximo.
- En todos os casos, utilízanse sistemas oficiais de recolla e eliminación de envases baleiros.
- Nunca se abandonan os sacos ou bolsas de plástico no contorno.
- Elimínanse os pesticidas caducados para evitar todo tipo de contaminación ou uso inapropiado.
- Sempre que sexa posible, adquirense fertilizantes a granel para evitar ter que xestionar os envases (sacos).

6.4 Imaxe da explotación

Requisitos

- O aspecto exterior da explotación é adecuado.

Prácticas correctas

- Mantéñense os accesos ás instalacións de forma que estean limpos e sexan de fácil acceso a todo tipo de vehículo.
- Límpanse e amáñanse as inmediacións da granxa.

7/ Benestar animal

Obxectivos

O aloxamento e o manexo do rabaño deben respectar as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas dos animais. A sociedade está moi sensibilizada con este tema e é preciso responder ás súas expectativas.

Un manexo adecuado do rabaño reduce os riscos de accidente co persoal e optimiza o rendemento dos animais.

Os animais en bo estado fisiolóxico, aloxados en condicións hixiénicas adecuadas, constitúen tamén un elemento de satisfacción para o gandeiro.

7.1 Aloxamento dos animais

Requisitos

- Os materiais utilizados para a construción e o mantemento dos locais de aloxamento non son prexudiciais para os animais.
- A explotación dispón dun espazo apropiado para permitir a cada animal moverse e relacionarse de acordo coas súas necesidades fisiolóxicas.
- Os animais son mantidos en condicións hixiénico-sanitarias e de aloxamento adecuadas.
- O gando mantido ao aire libre dispón de protección contra as inclemencias do tempo.
- A circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gas mantéñense dentro de límites non prexudiciais para os animais.

- Nos locais de aloxamento dos animais están previstas unha zona de partos para as vacas e unha zona para illar os animais doentes, feridos ou sospeitosos.
- Os locais de aloxamento dos animais non presentan bordos afiados ou saíntes.
- Os pisos dos locais de aloxamento dos animais están adaptados para evitar que os animais caian ou escorreguen.
- Os atrapadores non ocasionan feridas e evitan todo risco de esganamento.
- O aloxamento e cría dos becerros realízase segundo establece a normativa.

Prácticas correctas

- Mantense a corte en bo estado e fanse revisións periódicas das instalacións.
- Mantéñense unha ventilación e unha iluminación suficientes e adaptadas no local de aloxamento dos animais.
- Non se expoñen os animais nin a unha escuridade permanente nin á luz artificial sen interrupción.
- Non se crían porcinos nin aves de curral nos locais de aloxamento dos animais.
- Non se almacenan na corte produtos químicos ou doutro tipo que poidan representar un perigo para os animais.
- Elimínanse o lixo e os desperdicios de maneira adecuada. Nunca se depositan na corte.
- Tómanse as medidas oportunas para asegurar a ausencia de pragas na corte.
- Compróbase coa frecuencia adecuada a ausencia de infestacións por pragas. Se é necesario, aplícase o plan de loita apropiado.
- Límpase a corte coa frecuencia adecuada utilizando produtos autorizados.
- Límpanse as camas dos animais coa frecuencia adecuada para que permanezan secas e en boas condicións de hixiene.

7.2 Manexo dos animais

Requisitos

- O persoal que manexa os animais ten a formación, cualificación e/ou experiencia adecuada.

Prácticas correctas

- Aplícanse técnicas e procedementos correctos para evitar perigos durante o manexo dos animais.
- Inspecciónase o estado xeral dos animais unha vez ao día como mínimo.
- Verifícase en particular que os animais non padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles.
- Non se aplican prácticas traumáticas aos animais, en especial a atadura ou o corte do rabo.
- Tómanse as medidas necesarias para protexer os animais de coxeiras.
- En caso de realizar a escorna, empréganse métodos o menos traumáticos posible.
- En caso de excesiva sucidade dos animais, tómanse medidas para o remediar.
- En caso de morte dun animal, illase o cadáver do resto do rabaño. Comunícase o evento á organización competente para recollelo.

8/ Persoal da explotación e axentes externos

Obxectivos

As diferentes persoas que traballan ou interveñen na explotación deben ter a competencia adecuada.

Así se limitan os riscos de erro ou de manexo inadecuado nas diferentes actividades da explotación, se evitan accidentes e se garante un rendemento técnico económico óptimo.

8.1 Condicións de traballo

Requisitos

- Os edificios e locais dos lugares de traballo garanten seguranza e condicións hixiénico-sanitarias satisfactorias para os empregados.
- O persoal ten formación, cualificación e/ou experiencia en relación coa actividade que desenvolve na explotación (manipulación de produtos químicos, medicamentos, manexo dos animais, riscos sanitarios, benestar animal, nutrición, residuos, hixiene alimentaria...).
- O persoal é suficiente con respecto ás necesidades da explotación.
- O persoal dispón dun sistema de fornecemento de auga potable suficiente, ben como dos medios suficientes para remediar pequenos accidentes e, en concreto, dunha caixa de primeiros auxilios completa.
- As persoas en contacto cos animais e co leite non poden transmitir doenzas contaxiosas

Prácticas correctas

- Sempre que sexa necesario, o persoal utiliza equipamentos de protección e de traballo apropiados (botas, luvas...).

8.2 Axentes externos

Requisitos

As persoas en contacto cos animais e co leite están en bo estado de saúde e respectan as normas.

Prácticas correctas

- Selecciónanse os axentes exteriores para o asesoramento e intervencións segundo a súa competencia.
- Limitase o acceso das persoas alleas á explotación.

No caso de acceso de persoas alleas á explotación, estas persoas levan o equipamento e a roupa apropiados.

ANEXO XXI

Datos mínimos que conterá o ficheiro informático cos animais bovinos sacrificados baixo sistemas de vacún de calidade

O ficheiro informático terá formato Access, en calquera das súas versións, e incluírá os seguintes campos:

A. Identificación do sistema de calidade diferenciada:

1. Denominación do sistema de calidade.
2. CIF/NIF do titular do sistema de calidade.
3. Teléfono, fax e enderezo de correo e electrónico do sistema de calidade.

B. Identificación dos animais bovinos sacrificados durante o ano da presentación da solicitude única por parte do produtor:

1. Código do brinco do bovino sacrificado, conforme o establecido polo Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.
2. Código REGA da explotación, conforme o establecido no artigo 5 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.
3. CIF/NIF do titular da explotación.

ANEXO XXII**Solicitud de autorización do transformador de cítricos e tomates**

A empresa transformadora....., con CIF/NIF nº,
 con domicilio en, localidade de, provincia de,
 tel.:, fax:, representada por,
 en calidade de (1)

EXPÓN:

1. Que é titular dunha factoría en réxime de propiedade/arrendamento cuxa fotocopia do contrato se xunta, (rísquese o que non proceda), sita en, localidade de, provincia de, na cal vai realizar a industrialización do/s produto/s que se solicita/n nos anos indicados.
2. Que xunta certificado expedido por (2)..... relativo á capacidade industrial de transformación.
3. Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento do réxime de axudas aos produtos que se solicitan.

SOLICITA:

A autorización para participar no réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro:

No ano

Nos anos(até 2009 para cítricos e até 2010 para tomates, inclusive)

(Rísquese o que non proceda)

Para os seguintes produtos:

Zumes de laranxas doces, mandarinas e/ou clementinas.

Zumes de limóns.

Zumes de toranxas e pomelos.

Cuarteiróns de clementinas e/ou satsumas.

Concentrado de tomate.

Tomates pelados enteiros en conserva.

Outros produtos a base de tomates.

(Rísquese o que non proceda)

..... de de 20....

.....

(1) Propietario, administrador único, copartícipe, director, ...

(2) Autoridade competente

ANEXO XXIII (para presentar co anexo XXII)
Capacidade de transformación de cítricos e de tomates

D.....
, en calidade de

CERTIFICA

Que persoal técnico desta unidade se presentou na factoría da empresa,
 sita en, localidade, provincia
, e comprobou a existencia de liñas de industrialización de coas seguintes
 capacidades horarias industriais de transformación:

ZUMES	EXTRACCIÓN		PASTEURIZACIÓN (kg/h)	CONCENTRACIÓN	
	Froito fresco (kg/h)	Zume (° Brix)		(kg/h)	(° Brix)
Laranxas doces					
Mandarinas					
Clementinas					
Limóns					
Toranxas e pomelos					

- Cuarteiróns de clementinas e/ou satsumas kg/h de froito fresco.
- Tomates concentrados kg/h de froito fresco.
- Tomates pelados enteiros en conserva kg/h de froito fresco.
- Outros produtos a base de tomate kg/h de froito fresco.

É o que certifica en, o de de 20....

ANEXO XXIV**Solicitud de autorización do receptor de cítricos**

A empresa receptora, con CIF/NIF nº....., con domicilio en, localidade de, provincia de, tel.:, fax:....., representada por, en calidade de (1)

EXPÓN:

1. Que é titular dunha estación de acondicionamento de cítricos en réxime de propiedade/arrendamento cuxa fotocopia do contrato se xunta (rísquese o que non proceda), sita en localidade de, provincia de, na cal vai realizar a clasificación do/s produto/s que se solicita/n nos anos indicados.

2. Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento do réxime de axudas aos produtos que se solicitan.

SOLICITA

A autorización para participar no réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro:

No ano

Nos anos (até 2009 inclusive)

(Rísquese o que non proceda)

Para os seguintes produtos:

Laranxas doces, mandarinas e/ou clementinas destinadas á elaboración de zumes.

Limóns destinados á elaboración de zumes.

Toranxas e pomelos destinados á elaboración de zumes.

Clementinas e/ou satsumas destinadas á elaboración de cuarteiróns.

(Rísquese o que non proceda)

..... de de 20....

(1) Propietario, administrador único, copartícipe, director, ...

(2) Autoridade competente

ANEXO XXV**Alegacións á asignación provisional de dereitos de pagamento único**

D./Dna., con CIF/NIF* nº, con domicilio en
, localidade de, provincia de
, C.P. e nº tfno.:

EXPÓN

Que non está de acordo coa asignación provisional de dereitos de pagamento único polos seguintes motivos (marcar o que proceda):

Non se lle notificaron dereitos provisionais e realizou entregas no período de referencia a produtores que elaboraron mosto non destinado á vinificación.

Existen erros materiais nos dereitos provisionais comunicados.

Nestes dous casos deberase presentar:

- Certificado do produtor de viño ou mosto, ao cal o agricultor lle realizou as entregas no período de referencia, en que se confirme a modificación de datos solicitada polo agricultor.
- Outra información que determine a autoridade competente.

Produciuse un cambio de titularidade nos dereitos provisionais comunicados como consecuencia de:

Herdanza real ou anticipada.

Fusión.

Escisión.

Cambio de personalidade xurídica ou de denominación.

Compravenda.

Para cada un destes casos entregarase a información contida no anexo XXVIII.

SOLICITA

O/A que asina abaixo declara que os datos indicados son certos e solicita que se lle realice unha asignación definitiva dos dereitos de axuda de pagamento único conforme o exposto na disposición adicional primeira deste real decreto, para o cal entrega a documentación necesaria.

..... de de 2009

Asdo.:

* No caso de estranxeiros, deberase consignar o NIE ou, no seu defecto, o número de pasaporte.

ANEXO XXVI**Comunicación de inicio de actividade durante o período de referencia**

D./Dña*., con CIF/NIF nº, con domicilio en
....., localidade de, provincia de
....., CP..... e nº tfno.:

EXPÓN:

Que o cálculo xeral do establecemento das hectáreas e dos importes de referencia o efectuou a Administración dividindo por dous anos.

Que iniciou a actividade agraria no ano..... e que non exerceu ningunha actividade agraria nos 5 anos anteriores.

Que acredita que exerceu a actividade agraria desde ese ano até a actualidade **(1)**.

DECLARACIÓN E SOLICITUDE:

O/A que asina abaixo declara que os datos indicados son certos e solicita que se lle estableza a media do pagamento único en función dos anos en que exerceu a actividade dentro do período de referencia.

....., de de 2009

Asdo.:

(1) Documentación

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou,
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados. (A presentación da solicitude implica esta autorización)
- Outros documentos que especificará o interesado

* No caso da existencia dun herdeiro ou destinatario da explotación, expresaranse tamén os datos deste, que ademais deberá cubrir a solicitude correspondente con base no anexo XXV.

ANEXO XXVII**Comunicación de causa de forza maior ou circunstancia excepcional**

D./Dna., con CIF/NIF nº, con domicilio en
, localidade de,
 provincia de, CP e nº de tfno.:

En calidade de:

- Agricultor que se integra no pagamento único baseándose no establecido no Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.
- Herdeiro ou destinatario da explotación de D./Dna....., CIF/NIF, durante o período de referencia.

EXPÓN:

Que nas campañas: 2005-2006 2006-2007

a súa explotación se viu afectada pola seguinte causa de forza maior ou circunstancia excepcional:

- a) Falecemento ou desaparición física do agricultor.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación (en ningún caso se poderán considerar dentro desta circunstancias climáticas anormais ocorridas nunha ou varias campañas).

SOLICITA:

O/A que asina abaixo declara que os datos indicados son certos e que, segundo o indicado na disposición adicional primeira deste real decreto, non se teña en conta o ano/os anos indicados para o cálculo do importe do pagamento único.

....., de de 2009

Asdo.:

Documentación:

- Caso a) Certificado de defunción ou denuncia da desaparición, declaración de ausencia ou declaración de falecemento
- Caso b) Certificado do centro xestor da Seguridade Social sobre incapacidade de longa duración.
- Caso c) Copia da solicitude de axudas PAC para o ano/anos da catástrofe e da PAC do ano anterior e breve descrición dos feitos.
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados. (A presentación da solicitude implica esta autorización)
- Outros documentos que especificará o interesado que xustifiquen o suposto solicitado
-

ANEXO XXVIII**Documentación que deben presentar en caso de cambio de titularidade dos dereitos provisionais establecidos con base na disposición adicional primeira deste real decreto****1. En todas as solicitudes de cambio de titularidade:**

- Identificación (CIF/NIF, enderezo e teléfono) do produtor/es do período de referencia e do novo propietario/s a que se deben asignar os dereitos definitivos.
- Acreditación do representante legal en caso de se tratar dunha persoa xurídica ou dun ente sen personalidade xurídica.
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (A presentación da solicitude implica esta autorización).
- Outros documentos que especificará o interesado ou solicitados pola autoridade competente.

2.- Herdanza real ou anticipada (incluído o usufruto):

- En caso de transferencia parcial de explotación, indicar os datos do período de referencia que pasan ao novo titular e xuntar a información sobre a localización das parcelas transferidas.
- A documentación necesaria para xustificar a herdanza real ou anticipada.

3.- Cambio de personalidade xurídica ou de denominación:

- Documento acreditativo do cambio do tipo de persoa xurídica ou denominación.
- Escritura pública de constitución da sociedade en caso de nova persoa xurídica.

4.- Fusión de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica:

- Copias das escrituras da sociedade actual ou agrupación resultado da fusión ou outros documentos acreditativos desta, onde se indique a data en que se levou a cabo.
- Declaración en que se recoñeza que a explotación resultante da fusión contén a totalidade das persoas físicas ou xurídicas que se fusionaron.

5.- Escisión de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas:

- Documento público ou privado que reflecta a escisión asinado por todas as partes e no cal se indiquen os datos do período de referencia que pasan a cada novo titular, e xuntar a información sobre a localización das parcelas transferidas.

6.- Contrato de compravenda de unidades de produción con dereitos:

- Documento público ou privado de transferencia asinado por ambas as partes en que se indiquen os datos do período de referencia que pasan ao vendedor, xuntando a información sobre a localización das parcelas transferidas ou certificación do rexistro da propiedade.

ANEXO XXIX**Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional**

Con carácter xeral, os solicitantes deberán presentar:

1. Unha relación detallada de todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.
2. Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
3. Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (A presentación da solicitude implica esta autorización).
4. Calquera outra documentación que determine a autoridade competente.

En particular:

1. Agricultores que recibiron terras dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agraria que tiña as terras arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia.
 - Copia do arrendamento do agricultor falecido ou xubilado cun terceiro durante o período de referencia.
 - Documentación necesaria para xustificar a herdanza real ou, se for o caso, da xubilación da actividade agraria, a cesión da actividade a favor do solicitante da reserva nacional.
2. Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes, por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes.
 - Copia da sentenza ou do acto administrativo firme.
3. Novos agricultores que iniciasen a súa actividade agraria despois do período de referencia.
 - Documentos acreditativos do inicio da actividade.
 - Declaración de colleita da campaña 2007-2008.
4. Agricultores que se encontren en zonas destinadas a zonas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública.
 - Xustificación, en cada caso, da circunstancia relativa á súa explotación dentro da zona.
5. Agricultores que se encontren nalgunha das situacións mencionadas no artigo 18.4 do Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.
 - Copia do contrato de arrendamento ou documento, de ser o caso, en que conste a súa data de finalización e o número de hectáreas arrendadas.